

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 17

Sesión plenaria
21 de decembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas, dona Ana Belén García Vidal e dona María Felisa Rodríguez Carrera, e do novo deputado, don Manuel Santos Costa

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021 (doc. núm. 5731, 11/PL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 51, do 23.11.2020

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 56, do 02.12.2020

Publicación das emendas á totalidade, BOPG nº 62, do 15.12.2020

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 5734, 11/PL-000008)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 51, do 23.11.2020

Publicación das emendas á totalidade, BOPG nº 62, do 15.12.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Rosa María Quintana Carballo (P) e a súa delegación de voto no deputado don Pedro Puy Fraga (P). (Páx. 6.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas dona Ana Belén García Vidal e dona María Felisa Rodríguez Carrera e do novo deputado don Manuel Santos Costa. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia de dúas novas deputadas e dun novo deputado. (Páx. 6.)

Logo de prestar xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, dona Ana Belén García Vidal, dona María Felisa Rodríguez Carrera e don Manuel Santos Costa acadan a condición plena de deputadas e deputado do Parlamento de Galicia. (Páx. 7.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 7.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (grupo I)

Defensa das emendas: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 18.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 26.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 43.)

Rolda de réplica: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 48.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 52.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 55.)



Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (grupo I)

O señor presidente somete a votación conxuntamente as emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 61.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos: rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 61.)

Antes de suspender a sesión, o señor presidente lembra o día 21 de decembro de 1980, data na que se someteu a referendo o Estatuto de autonomía de Galicia, e fai unha homenaxe a todas e todos aqueles que fixeron diferentes propostas na década dos anos 30 do século pasado e que culminaron co referendo estatutario do 28 de xuño de 1936. Así mesmo, convida a todas as señorías a reflexionar sobre o avance de Galicia nos diferentes ámbitos nestes corenta anos de vixencia do noso Estatuto. (Páx. 62.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Debate e votación das emendas á totalidade que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións (grupo II)

Defensa das emendas: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 63.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 67.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 72.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 81.)

Rolda de réplica: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 84.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 86.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 89.)

Votación das emendas á totalidade que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións (grupo II)

O señor presidente somete a votación conxuntamente as emendas á totalidade do grupo II, que postulan a devolución global dos orzamentos, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 91.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos e que transfiren créditos entre seccións: rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

O señor presidente anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e seguirá a



súa tramitación correspondente, consonte o disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.
(Páx. 92)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública* (Martínez García). (Páx. 92.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 96.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 100.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Prado del Río (P)*. (Páx. 104.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 109.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 111.)

Votación das emendas presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación conxunta das emendas presentadas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

O señor presidente anuncia que este proxecto de lei continuará o seu trámite parlamentario. (Páx. 114.)

Suspéndese a sesión ás sete e dezaseis minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia —polo tanto, delega o voto— dona Rosa María Quintana Carballo, que o fai no deputado don Pedro Puy Fraga. A Mesa e a Presidencia autorizou a delegación deste voto.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas dona Ana Belén García Vidal e dona María Felisa Rodríguez Carrera e do novo deputado don Manuel Santos Costa

O señor PRESIDENTE: Empezamos por un punto preliminar, dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, polo cal procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía das novas deputadas e do novo deputado.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolles que respondan dende o escano á pregunta que lles imos formular.

Poñámonos de pé, por favor, os membros da Mesa.

Dona Ana Belén García Vidal, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora GARCÍA VIDAL: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona María Felisa Rodríguez Carrera, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Manuel Santos Costa, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor SANTOS COSTA: Si, xuro.



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pois, unha vez feitas as promesas e o xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputadas e deputado, respectivamente, deste Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Continuamos, logo, co desenrolo do pleno.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas aos grupos I e II por parte do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2021. Aínda que estamos, un ano máis, ante o debate económico máis importante que podemos ter na Cámara, este non é un ano máis. Sen dúbida, as contas para 2021 veñen marcadas pola situación provocada pola pandemia do coronavirus, que dende hai xa practicamente dez meses está afectando a todo o mundo. Este contexto require que o orzamento, principal instrumento do Goberno galego para o desenvolvemento da súa política económica, sexa a canle principal para o retorno o antes posible á senda do crecemento san na que nos atopabamos antes da irrupción nas nosas vidas da pandemia.

Logo duns meses moi duros, as medidas tomadas, a responsabilidade cidadá e o inminente comezo da vacinación en Galicia permiten albiscar un futuro de maior esperanza, pero, en calquera caso, sen baixar a garda, sen confiármolos e poñendo todas as ferramentas ao noso alcance para superar a tripla crise —sanitaria, económica e social—.

Aínda que o impacto está sendo menor en Galicia que no resto de España, a covid-19 mudou todo e está tendo efectos moi negativos que é preciso seguir combatendo. Desde o punto de vista macroeconómico, o último dato coñecido referido á evolución do PIB do terceiro trimestre consolida o que xa se apuntaba no segundo trimestre. E a conclusión é que a tendencia, dentro das enormes dificultades, segue sendo mellor en Galicia ca en España. Deste xeito, o crecemento intertrimestral foi do 14,6 % —dúas décimas por riba da caída do anterior trimestre, que coincidira co confinamento— e a taxa interanual foi do -6,2 %, 2,5 puntos inferior á caída en España.



Estes datos oficiais reforzan o escenario prudente e realista que prevemos nos orzamentos, pois estimamos que o PIB caerá neste 2020 un 9,7 %, 1,5 puntos menos ca no conxunto de España, que será do 11,2 %. Tamén agardamos unha forte repunta do crecemento no vindeiro 2021, de arredor dun 8 %, axudados por estas contas que apostan con forza polo investimento produtivo e o gasto social. En canto ao mercado de traballo, a taxa media de paro prevista para 2021 é do 12,9 %, pero con dúas fases moi diferenciadas: unha, aínda moi complicada, nos primeiros meses, coa previsión de que a creación de emprego poida recuperarse na metade do exercicio.

Un orzamento máis, a Airef avalou as nosas previsións e mesmo mellorou algunhas das nosas estimacións.

Señorías, o feito de que o impacto está sendo menor, aínda que moi importante, débese sen dúbida, en parte, a que na Xunta de Galicia actuamos axiña en canto se acenderon as alarmas da emerxencia a partir da declaración da pandemia pola OMS, fixando de xeito claro tres obxectivos de política económica inmediata, como foron, en primeiro lugar, facilitar a eficacia das políticas de saúde pública; segundo, minimizar a perda de rendas e empregos durante o período de maior afectación da actividade económica; e, en terceiro lugar, fornecer a liquidez e o funcionamento ordenado tanto de pagos como de provedores. Estes tres obxectivos complementábase cun cuarto, que será, con permiso da evolución da pandemia, o gran protagonista do ano 2021: impulsar, pois, políticas que permitan recuperar o máis axiña posible toda a riqueza e o emprego perdidos pola covid-19.

Por esta razón, e neste contexto, os orzamentos elaborados polo Goberno galego, en tramitación neste Parlamento, teñen tres grandes prioridades.

A primeira é seguir combatendo a pandemia. Aínda que os datos son mellores que hai un ou dous meses, temos que seguir sendo prudentes e manternos vixiantes para que, co comezo da vacinación nas vindeiras semanas e o seu desenvolvemento durante meses, poidamos superar o antes posible esta situación. Por iso a gran prioridade das contas do ano 2021 é reforzar a atención sociosanitaria e a saúde pública apostando por unhas infraestruturas modernas e ben dotadas, así como polas políticas preventivas tanto en atención primaria como en saúde pública.

Como segunda prioridade situamos artellar os recursos financeiros precisos para apoiar a reactivación económica con forza, afondando nas reformas estruturais que necesita a nosa economía para que a fagan máis resistente e competitiva adaptándose aos requirimentos da transición verde e dixital. Neste obxectivo tamén enmarcamos o impulso dunha nova normativa de simplificación administrativa e reactivación económica que tamén se está tramitando nesta Cámara, que agardamos que se aprobe o máis axiña posible, porque é moi importante axilizar a resposta da Administración para contribuír á reactivación económica simplificando trámites, favorecendo a implantación de empresas, facendo viables os proxectos tractores e, en definitiva, xerando confianza para aqueles axentes que crean emprego e riqueza na nosa comunidade.

E a terceira prioridade ten que ser atender as familias, pemes e autónomos en todas as súas necesidades, facer que se sintan acompañados e respaldados pola Administración con estes



orxamentos, e que os recursos e as medidas previstas contribúan a superar os efectos da pandemia.

Señorías, para poder cumprir estas tres prioridades necesitamos recursos e xestión, recursos para ter capacidade económica e afrontar unha situación tan complicada e con tantas necesidades, e xestión para optimizar cada euro para executar o orzamento dunha maneira áxil e eficiente.

Esta conxuntura loxicamente é o momento no que temos que botar man duns ingresos extraordinarios que nos permitirán igualmente afrontar uns gastos excepcionais. Logo de varios exercicios reducindo o déficit e a ratio de endebedamento, este é o momento de recuperar estes mecanismos de financiamento. Desta forma, os recursos que sustentan as políticas de gasto recollidas nas contas de 2021 van ter unhas características especiais motivadas pola realidade que conforma esta crise sanitaria. E ten que ser así porque, pola evidencia, temos que o sistema de financiamento autonómico non está previsto nin preparado para afrontar perturbacións extraordinarias como a actual. E cando se produce unha caída de ingresos amosa con claridade as súas limitacións. Neste sentido quero lembrar que a Comisión Europea comunicou a activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento para este ano e o seguinte, de maneira que se permite unha desviación temporal da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario a medio prazo. E en aplicación da mesma o Goberno de España aprobou a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021 co fin de paliar a deterioración que produce esta crise sanitaria, que se substitúen por unhas taxas de referencia de déficit e débeda.

Unha vez coñecido este escenario, a decisión política da Xunta de Galicia foi aproveitalo ao máximo para mobilizar todos os recursos dispoñibles co fin de impulsar as políticas de gasto que nos permitirán superar esta crise. Neste sentido, o punto de partida dunhas finanzas saneadas e rigorosas e unha década de control facilitarán sen dúbida esta achega extraordinaria de recursos que virán por tres vías: 685 millóns de euros, pola transferencia extraordinaria da Administración xeral do Estado; outros 685 pola marxe de déficit público do 1,1 % que fixou como referencia o Estado para as comunidades autónomas e que facemos nosa; e 430 millóns de euros pola primeira anualidade do fondo React EU.

É a maneira que temos de afrontar esta conxuntura, xa que o normal é que os ingresos que proveñen do sistema de financiamento autonómico representen practicamente o 80 % do total dos ingresos non financeiros, pero neste orzamento excepcional só supoñen o 67 %. De feito, os recursos procedentes do sistema de financiamento son de 7.849 millóns, e diminúen un 1,6 % respecto deste ano 2020. Insisto en que esta evolución á baixa proba que ten moitas limitacións de suficiencia e de dinamismo, e que urxe a revisión, como xa temos demandado en múltiples ocasións —iso si, de maneira multilateral e acordada entre todos no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira—.

Como xa avancei, esta é a principal razón pola que agora si, señorías, é necesario volver a recorrer ao endebedamento como mecanismo extraordinario nesta conxuntura. Cando tamén foi necesario no período 2010-2014, o Goberno galego empregouno de maneira responsable e sempre dentro dos límites autorizados. Isto permitiunos estabilizar a partir dese momento



a ratio débeda-PIB, para a continuación empezar a reducila, como fixemos xa nos tres últimos exercicios.

Así, pese a que este Goberno tivo que xestionar tamén a crise financeira ata o 2014, manter esta posición de prudencia e responsabilidade materializouse en que somos a comunidade que menos incrementou o endebedamento nos últimos once anos. E temos este balance, entre outras cousas, porque, como xa lles comentei en debate en comisión, rexeitamos as peticións dos grupos parlamentarios da oposición que pedían ao Goberno galego, orzamento tras orzamento, incrementar máis o endebedamento. Por non telo feito, Galicia está entre as comunidades con mellor punto de partida nunha conxuntura na que si é o momento de endebedarse. Agora si que Galicia pode, que Galicia debe, recorrer a estes 685 millóns de euros de endebedamento nun momento excepcional.

Xa sei que insisto moito nunha idea, pero quero lembrala unha vez máis polos seus beneficios para os cidadáns. Na última década, Galicia pasou de estar entre as comunidades máis endebedadas a situarse entre as que teñen unha mellor ratio débeda-PIB. No ano 2008 tiñamos unha ratio débeda-PIB na media, e cos datos recentes do terceiro trimestre —que o Banco de España fixo oficiais hai só dez días— Galicia acada o seu máximo diferencial histórico coa media das comunidades autónomas, nada máis e nada menos que de 7,3 puntos. ¿Saben vostedes, señorías, cantos cartos supón esa diferenza? Supón 5.654 millóns de euros. Si, evitamos aos galegos un maior endebedamento de 5.654 millóns de euros, e, como consecuencia disto, cada galega e cada galego debe 2.207 euros menos respecto da media das comunidades autónomas. E engado un dato máis: a política responsable da última década tamén se reflicte nos pagos dos xuros da débeda. En 2021 situáranse por debaixo dos 100 millóns de euros, caso que non se producía nos últimos vinte e cinco anos. Para o ano que vén, señorías —xa que a vostedes tanto lles gusta falar de recortes—, facemos un só recorte, na liña dos orzamentos anteriores, e é no pago de xuros. Aforramos máis do 30 % deste capítulo, no que gastamos tres veces menos respecto do que faciamos hai uns poucos anos.

Con estes antecedentes e coas dificultades do momento actual, aínda sufrindo a pandemia, desde o Goberno galego —insisto— podemos e debemos recorrer ao endebedamento como actuación anticíclica para impulsar con máis forza a reactivación económica. Señorías, este escenario financeiro permitiunos entregar nesta Cámara o orzamento máis alto da historia de Galicia. Son, en total, 11.563 millóns de euros, cun crecemento do 13,9 %. A principal fortaleza destes orzamentos é que nunha situación excepcional permiten combinar o maior gasto social da historia e realizar o máximo esforzo investidor.

Pero non nos conformamos con ter máis recursos, senón que os queremos empregar mellor ca nunca. Por iso desde a Xunta estamos a emprender diferentes actuacións de reestruturación e modernización administrativa, de dixitalización e de revisión de procedementos que fagan posible executar estes recursos con eficiencia. De feito, a planificación para unha xestión encamiñada aos resultados dos recursos non cesou durante a pandemia; máis ben todo o contrario, impulsamos un Plan de reactivación e dinamización 2020-2021 reprogramando os fondos europeos do marco 2014-2020 e preparando os novos do marco operativo 2021-2027, así como os do React-EU. E de forma complementaria estamos xa redefinindo o novo



Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, que aprobaremos o vindeiro ano, logo de adaptalo á realidade condicionada pola irrupción da pandemia.

Xa temos un traballo feito coa celebración de mesas temáticas arredor de catro grupos de traballo para identificar os principais retos da Galicia da vindeira década. Contamos coa participación de seiscientos expertos nos eidos da dinamización demográfica e benestar, medio ambiente e cambio climático, cohesión social e territorial, e competitividade e innovación. Ademais, como novidade nos orzamentos para o ano 2021, incorporamos na memoria de obxectivos e programas un capítulo sobre aliñamento das contas cos obxectivos de desenvolvemento sustentable. A finalidade non é outra que orientar as políticas públicas cara ao desenvolvemento sustentable nas súas dimensións social, ambiental, económica e institucional.

Os tres alicerces que sustentan o desenvolvemento sustentable son o crecemento económico inclusivo, o benestar e a xustiza social e a protección do medio ambiente. Ademais, enmárcanse nunha dimensión institucional configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas aos logros dos obxectivos da Axenda 2020-2030.

Señorías, como lles dicía, debatemos hoxe os orzamentos que contan con máis recursos da historia. Este orzamento inclúe 11.563 millóns de euros de gasto non financeiro, aos que hai que engadir outros 101 millóns de euros no capítulo 8, de instrumentos financeiros, que permiten que esteamos esgotando o teito de gasto autorizado por este Parlamento. E ten unha calidade moi importante: a de ser un orzamento máis san, xa que, se o comparamos co de 2008, o resultado é unha capacidade de gasto superior en case 1.500 millóns de euros, pero con practicamente 50 millóns menos para o pago da débeda. E ten tres características singulares: o maior volume de investimento, un gasto social récord e sen subir impostos.

Apostamos polo investimento produtivo como remedio para superar o parón de actividade provocado pola pandemia, apoiando a dinamización e recuperación dos sectores produtivos. E buscamos ao mesmo tempo conter os gastos correntes precisamente para poñer todo o noso esforzo nos gastos de capital. O resultado é un avance importantísimo, pois, coa suma dos capítulos VI e VII, unido aos instrumentos financeiros do capítulo VIII para favorecer a dinamización económica, rozamos os 2.600 millóns de euros; en concreto, 2.592 millóns para investimentos, 901 millóns máis ca este ano 2020, cunha alza, pois, do 53,3 %.

Por contextualizar este dato, o esforzo investidor da Xunta de Galicia en 2021 triplica o previsto no investimento territorializado dos orzamentos xerais do Estado para a nosa comunidade. A nosa intención é clara: destinar 2.600 millóns de euros para reactivar Galicia, para gastar, pois, en xerar riqueza e benestar. Este investimento acelerado ten encaixe no noso orzamento, como digo, grazas a un esforzo continuado na preservación do aforro corrente e que se reforza cun recurso extraordinario ao endebedamento e coas novas fontes de financiamento. E, ademais, conseguimos manter en niveis moi altos un aspecto moi relevante para poder encarar unha situación non prevista. Estoume a referir á capacidade de aforro bruto que teñen estes orzamentos, e que está á alza dende o 2017, que mantén practicamente para o vindeiro exercicio moi preto de 2.000 millóns de euros —en concreto, 952 millóns de euros—. Isto é moi importante. Xa me teñen escoitado que manter un elevado nivel de aforro



bruto —que, como saben, é a diferenza entre os ingresos e os gastos correntes— permite que Galicia teña capacidade de seu e reserva de recursos para afrontar calquera situación excepcional.

Señorías, con estes datos referidos ao investimento previsto penso que queda bastante claro o impulso do orzamento para a reactivación económica de Galicia. Triplicamos o orzamento do investimento do Estado. Estes datos penso que deberían levar a facer unha reflexión a todos, pois as cifras deste orzamento e a súa clara orientación cara a un investimento produtivo que reactive a economía coido que non soportan certos argumentos. De feito, nestas últimas semanas estamos asistindo en Galicia a un debate en relación cos orzamentos xerais do Estado. E nese debate hai algúns que defenden apoiar en Madrid uns orzamentos do Estado que discriminan a Galicia, que reducen o investimento na nosa comunidade ata niveis de hai quince anos, e cun agravante: que diminúen o investimento en Galicia o ano en que o Goberno central conta coa maior marxe de recursos extraordinaria da historia. E, ao mesmo tempo que apoian estes orzamentos no Estado que rebaixan o investimento para Galicia, rexeitan uns orzamentos galegos que elevan o gasto aos niveis máis altos da historia para loitar contra a pandemia e pola reactivación económica. Non é moi doado de explicar.

Outros, en cambio, si que coinciden con nós en que os orzamentos xerais do Estado discriminan a Galicia, mesmo no momento en que existen máis recursos. Pero son os mesmos que apoiaron a investidura do Goberno de Pedro Sánchez e que dicían que, a cambio dese apoio, habería un paquete de medidas que ían solucionar todos os problemas de Galicia.

¿De verdade cren que, se o ano que máis medra o orzamento do Estado —un 53 %— e baixa un 11 % o investimento en Galicia, van cumprir cando se dispoña de menos recursos? Non parece ser a intención do Goberno central, pois cada vez que ten ocasión beneficia as comunidades autónomas máis ricas e penaliza as que temos máis necesidades. De feito, o mecanismo orzamentario de solidariedade, que non é outro que o Fondo de Compensación Interterritorial, está en mínimos históricos.

Ante esta situación, o que si lles podo garantir é que, desde o Goberno galego, poremos todo o noso esforzo e todos os recursos que temos á nosa disposición para compensar a discriminación do Goberno de Pedro Sánchez e mobilizaremos o maior investimento posible para reactivar a economía e axudar a recuperar o mercado de traballo. Porque reitero que investir é gastar en xerar riqueza e benestar.

E, señorías, como xa lles avancei, a fortaleza das contas galegas para o 2021 é que combinaremos este volume tan importante de investimento cun récord no gasto social. Dispoñer dun orzamento excepcional como o que estamos a debater ten que levarnos, sen ningún lugar a dúbidas, a reforzar tamén as áreas clave para cumprir as necesidades sanitarias, económicas e sociais. Estoume a referir, por un lado, ao gasto social tradicional, no que englobamos as políticas relativas á sanidade, á educación e aos servizos sociais, e, por outro lado, ao emprego.

Desde o Goberno galego aplicamos nos orzamentos para 2021 un reforzo excepcional para o gasto social, tendo presente que a nosa atención á sanidade, á educación e ás políticas sociais



vén sendo algo habitual. Xa nas contas aprobadas para 2020, e sen pandemia declarada, se inclúe o maior gasto da historia de Galicia en sanidade, en educación e en política social. Non obstante —insisto— o momento extraordinario que vivimos, con máis necesidades ca nunca, lévanos a reforzar aínda máis o gasto social nestes orzamentos. Así, en total, tendo en conta a clasificación funcional do gasto, o vindeiro ano 2021 haberá 8.540 millóns de euros para destinar á sanidade, á educación, ás políticas sociais e ao emprego, ou, o que é o mesmo, elaboramos unhas contas cun incremento de 864 millóns de euros nesas políticas. Esta priorización do gasto social e do emprego queda perfectamente reflectida cando se miran os recursos asignados a cada un dos departamentos autonómicos.

Un primeiro dato para enmarcar este compromiso é que, se temos en conta os orzamentos das consellerías con competencias en sanidade, educación, políticas sociais e emprego e lles engadimos a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, suman case 9.000 millóns de euros —8.951 en concreto, practicamente 1.000 millóns de euros máis que neste ano—. Deste xeito, Sanidade contará con polo menos 4.587 millóns de euros —478 máis ca neste ano—; Cultura, Educación e Universidade, con polo menos 2.700 millóns de euros —167 máis—; Política Social, con polo menos 900 millóns de euros —120 máis—; Emprego e Igualdade, con polo menos 100 millóns de euros máis, ata rozar os 400. Neste departamento de nova creación tamén reforzamos as políticas de igualdade; de feito, só a Secretaría Xeral de Igualdade contará cun orzamento superior aos 30 millóns de euros, case o dobre do que tiñamos no 2017. E por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tamén de nova creación, disporase de polo menos 373,5 millóns de euros —108 máis—, aos que debemos engadir outros 82 millóns no capítulo VIII, a través do Igape.

E, como consecuencia de todas estas cifras, existe outro dato: 4 de cada 5 euros do orzamento para o 2021 van destinados a estas prioridades.

Detrás do gasto social, están os empregados públicos, que prestan os servizos. No vindeiro orzamento reafirmamos o noso compromiso cos servidores públicos, e facémolo reforzando coma nunca o capítulo I, o relativo aos gastos de persoal, que superan os 4.300 millóns de euros. Iso si, conxelamos o salario do Goberno galego, e non polo aforro que supón —ata certo punto tamén— senón, sobre todo, para dar exemplo ás familias e empresas que están pasando por momentos moi complicados. Aplicamos a suba do 0,9 % para os empregados públicos e mantemos os importantes acordos retributivos sectoriais, así como a implantación das carreiras profesionais. E o que dicimos cumprímolo. Hai menos dun mes dicíalles que iamos aprobar en semanas o decreto da oferta de emprego público do ano en curso, e fixémoslo dando luz verde á maior oferta dos últimos doce anos. Agora quero reafirmar de novo o noso compromiso de aprobar a oferta de emprego público de 2021 nos primeiros meses do vindeiro ano.

Tamén demos un paso decisivo para, por un lado, favorecer a conciliación da vida familiar dos empregados públicos e, por outro, avanzar na transición dixital. Hai apenas dez días asinamos co sindicato CIG o primeiro gran acordo en materia de función pública da lexislatura, o referido ao teletraballo. Galicia xa é a primeira comunidade en adaptar a súa regulación á recente normativa aprobada a nivel estatal.



Non obstante, non todas son boas noticias. Neste sentido, lembrarán vostedes que lamentamos que, cando se presentaban estes orzamentos en comisión, eu mesmo informaba de que ao mesmo tempo se estaba a celebrar a Comisión de Coordinación de Emprego Público —que é o foro de participación entre comunidades autónomas e o Goberno central— e que nesa xuntanza Galicia remitira unha proposta de modificación do EBEP para incorporar na que prepara ao mesmo tempo o Ministerio en relación co persoal temporal. E faciamos unha petición ao meu entender moi razoable e concreta: incluír nas ofertas de emprego público todas as vacantes ocupadas por persoal interino sen que resultase de aplicación ningunha taxa de reposición, unha solución que pediamos practicamente todas as comunidades autónomas e todos os sindicatos. Pois ben, pese a que esta medida permitiría disipar e superar a temporalidade nas administracións públicas e poñer fin ás bolsas de precariedade que tanto nos preocupan a todos, e que sería de aplicación para todas as leis de orzamentos sucesivas, lamento que o Goberno central a rexeitase, pero seguiremos insistindo.

Señorías, debatemos os orzamentos máis altos da historia, co menor gasto en xuros, co maior volume de investimento, cun gran reforzo no gasto social e cun engadido: sen subir impostos. É un modelo que creo que está avalado polos galegos. Dende 2016 aprobamos as maiores rebaixas de impostos da historia de Galicia, e nestas contas tomamos a decisión de mantelas todas para o 2021. E mantémolas porque no Goberno galego estamos convencidos de que este non é o momento de subirlles os impostos nin aos cidadáns nin ás empresas. Por iso —e como veremos no debate da tarde— xa lles avanzo que rexeitamos as propostas do BNG e do PSdeG de subirlles os impostos aos galegos e ás galegas. Non diría que me sorprenden as súas emendas para incrementar os impostos aos cidadáns, porque o fan en todos os orzamentos, pero, cun incremento do 14 % no gasto non financeiro, cun aumento do 53 % no investimento, ¿pensan vostedes que é o momento de propoñer subas de impostos?

Lamentablemente, o Goberno central si lles subirá os impostos á inmensa maioría dos galegos o vindeiro ano, e non só aos ricos, como quere facer ver o Goberno central, porque penso que medidas como son a suba fiscal para os seguros do fogar ou do coche non son moi exclusivas das rendas altas. Por iso, señorías, en Galicia temos outro modelo: baixamos o IRPF ao 98,5 % dos galegos, eliminamos o imposto de sucesións entre herdeiros directos para o 99,6 % deles e ano a ano avanzamos na estratexia de impostos cero no rural, para vivir no rural e vivir do rural.

Con esta estratexia facilitamos o reequilibrio territorial, favorecendo as residencias habituais nas ZPP, ademais de apostar polo aproveitamento sustentable do territorio. E ¿cal é o resultado deste modelo fiscal? Son 463.480 galegas e galegos beneficiados polo imposto de sucesións; 320.572 que recibiron unha herdanza dun familiar directo e que non pagaron impostos; 138.791 que non pagaron impostos por realizar un pacto sucesorio en vida e 4.117 que pagaron menos impostos por unha herdanza recibida dun irmán ou dunha irmá; tamén os 87.503 que se beneficiaron da estratexia de impostos cero no rural e os 16.994 beneficiados das rebaixas de impostos para o apoio á compara de vivenda habitual. Son, en total, 568.082 as galegas e os galegos beneficiados, non só son números para realizar un balance, son familias beneficiadas polas rebaixas de impostos que levamos implantadas dende hai xa cinco anos.



Señorías, esta é a principal razón para manter no 2021 todas estas rebaixas impositivas e beneficiar para o vindeiro ano, aproximadamente, a outras 115.000 familias. Por todo isto, o Goberno galego, e estou seguro de que a inmensa maioría das galegas e dos galegos, non quere que Esquerra Republicana de Cataluña nos impoña unha suba de impostos simplemente porque en Cataluña a xestión importa menos que as ansias independentistas.

Temos as contas saneadas, o noso modelo de baixada de impostos é bo para Galicia e para os galegos, e cremos que contamos co seu aval. E por suposto tamén imos defender a nosa autonomía financeira. Xa lles anuncio que o Goberno galego non renuncia a ningunha vía para evitar que a reforma que planea o Goberno central penalice as herdanzas en vida no IRPF. (Aplausos.) Porque só esta medida vai prexudicar unhas 30.000 familias galegas cada ano.

E iso non é todo en materia fiscal. Para afondar no alivio do peto dos cidadáns, ano a ano aumentamos os beneficios fiscais. E no 2021 tamén o imos facer. E por iso a nosa primeira decisión de gasto foi incrementar ata os 472 o volume de beneficios fiscais. ¿Con que intención? Para deixar no peto dos cidadáns estes 472 millóns de euros e favorecer así a economía doméstica en particular e a colectiva en xeral, mediante as decisións libres, tanto de cidadáns como de empresas.

Señorías, os orzamentos máis altos da historia, co maior volume de investimento, cun gasto social récord e sen subir impostos ten como gran novidade novos instrumentos para poder acometer os retos aos que se ten que enfrontar a comunidade autónoma. Cando establecemos a estratexia dos orzamentos, sempre reavaliamos o impacto das medidas postas en marcha este ano para afrontar a pandemia, e co aprendido nestes meses redeseñamos e reforzamos medidas cun enfoque prudente, que reserve marxe de manobra para novas perturbacións, fixando unha orientación a medio prazo para a planificación fiscal e a orzamentación. Con esa intención creamos un sistema de fondos que nos facilita a mobilización de importante volume de recursos en eixes prioritarios cuxa execución se pode acelerar ou adiar segundo evolucionen as circunstancias, preservando sempre a asignación funcional dos recursos. E para isto deseñamos catro novos instrumentos: o Fondo Covid, o Fondo React-EU, o Fondo de Garantía de Investimentos Sanitarios e o «Fondo Consenso». Como non podía ser doutra maneira, o contido destes fondos son proxectos que van na liña das prioridades estratéxicas da Xunta en cada eido e contan con obxectivos e indicadores concretos. Obviamente, isto aínda non está concretado no Fondo Consenso —como logo exporei—, pero está reservado para impulsar proxectos de investimento que se pacten neste Parlamento e no diálogo social e coas ideas que nos facilite o comité de expertos económicos. Vexamos un a un cada novo instrumento financeiro.

En primeiro lugar, incluímos un fondo covid dotado con 503 millóns de euros, e a súa importancia radica en que está deseñado para ser a garantía fronte á pandemia e poder ter marxe de manobra en función das necesidades que se poidan detectar. Como parece axeitado, máis da metade dos recursos do total —267 millóns de euros— irán destinados á sanidade, 92 á educación, 80 á política social e 13 ao turismo —para reforzar a súa reactivación e axudar a ter o mellor Xacobeo 21 posible—; e tamén temos previstas outras partidas en materia de cultura, de deporte ou de emigración. Pero, señorías, de novo son cantidades mínimas,



xa que, por primeira vez, nos dotamos dunha reserva estratéxica con 33 millóns de euros para ter unha bolsa de recursos que poidamos empregar en calquera necesidade derivada da evolución da pandemia ou que poida xurdir no futuro.

Como segundo instrumento incluimos a primeira anualidade do Fondo React-EU, con 430 millóns de euros e dúas prioridades moi claras: a reactivación e o emprego. Ten cinco liñas de actuación: emprego e igualdade —cunha reserva de 65 millóns de euros—; reforzo do sistema sanitario desde o punto de vista económico —91 millóns de euros—; transición dixital —62 millóns de euros—; dinamización económica, con fondos tanto no Igape como na GAIN, como en cultura —por 82 millóns de euros—; e transición verde, aproveitamento do monte, calidade da auga e mobilidade —con 87 millóns de euros—.

Como terceiro instrumento financeiro incluimos o Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias, un fondo que non só está pensado para o vindeiro exercicio senón que a súa importancia radica en que ten como fin blindar a construción e reforma das nosas grandes infraestruturas sanitarias ao longo de toda a lexislatura. Trátase dun fondo plurianual que nace con 105 millóns de euros, e coa previsión de ilo dotando, orzamento a orzamento, dos recursos precisos en cada exercicio para mellorar os nosos grandes centros hospitalarios, os hospitais comarcais e os novos centros integrais de saúde en atención primaria.

E para completar os 430 millóns dos fondos React-EU programamos un cuarto instrumento financeiro, o que denominamos «Fondo Consenso», dotado con 115 millóns de euros. A importancia deste fondo é que, por primeira vez, reservamos no orzamento un soporte financeiro para os consensos de investimentos que vostedes, no seo da Comisión parlamentaria de reactivación económica, social e cultural pola crise da covid-19, sexan capaces de acadar, e tamén para incluír as propostas que xurdan tanto do diálogo social como do comité de expertos económicos que tanto está axudando ao Goberno desde o comezo da pandemia.

Xa comentei en comisión parlamentaria que o Goberno galego considera moi positivo que os grupos parlamentarios aprobasen por unanimidade esta Comisión de Reactivación Económica. E —engado— tamén coido que o Goberno galego acerta coa reserva destes 115 millóns, pois fomenta a colaboración cos representantes da cidadanía e coa sociedade civil.

Algúns de vostedes teñen criticado a cantidade deste Fondo Consenso, unha cantidade ao meu entender nada desprezable, pois supón o 1 % do total do gasto non financeiro previsto para o vindeiro exercicio. E, ademais, é a primeira vez que se crea un fondo destas características. No Bipartito esta cantidade non era nin máis alta nin máis baixa. Non existía. Pero, señorías, o Fondo Consenso non esgota nin limita a vocación de consenso destes orzamentos. Pero, iso si, son unha expresión concreta para asignar unha parte a esa colaboración, e supón unha boa mostra para poñer en práctica o consenso, porque creo que seremos máis útiles aos galegos se centramos o debate en como aproveitar eses 115 millóns de euros para acordar bos proxectos de investimento. E xa lles anuncio que o Goberno galego ten a intención de que eses proxectos de investimento acordados estean concretados no primeiro trimestre do 2021. Estou convencido de que os grupos desta Cámara serán capaces de propoñer boas iniciativas. Anímoos a chegar a acordos en favor de Galicia.



Señorías, non quixera rematar a miña intervención sen salientar que no próximo ano se celebrará o Xacobeo 2021, posiblemente o primeiro acontecemento poscovid importante no eido da cultura e do lecer. E aínda que loxicamente esta celebración estará condicionada pola evolución da pandemia, cando faltan tan só dez días para que se abra a Porta Santa, debe colaborar á recuperación de sectores como o turismo, como a hostalería ou como a cultura, especialmente impactados pola crise. Para o Goberno galego o Xacobeo constitúe un acontecemento de singular importancia para a nosa comunidade, que volve ter lugar once anos despois e que o seu desenvolvemento marcará unha forma de organizar grandes eventos culturais na era poscovid e para promocionar a nosa comunidade como destino turístico seguro e atractivo.

En definitiva, señorías, a pandemia demostrou que contar cos mellores profesionais en Galicia, cunhas infraestruturas hospitalarias de calidade e cun bo deseño das actuacións de saúde pública, aproveitando os recursos da atención primaria, foi determinante para ter un mellor resultado comparativo do seu impacto na nosa comunidade. Con estes orzamentos queremos afondar nesta estratexia. A pandemia tamén amosou a importancia da anticipación na toma de decisións e do deseño de medidas de xeito áxil ante unha realidade que muda de xeito acelerado, sen esquecer a programación a curto e medio prazo. Con estes orzamentos queremos ter esta marxe para atender con axilidade as necesidades que poidan ir xurdindo. É a Galicia á que aspiramos.

A pandemia igualmente demostrou a importancia de contar coas propostas e recomendacións tanto de expertos como de axentes económicos, como a de sumar o esforzo e promover o consenso. E con estes orzamentos queremos seguir fomentando o diálogo e o consenso cara a unha política útil, tanto para as persoas como para os traballadores como para as empresas. A iso é ao que pretendemos dedicar todos os nosos esforzos para o ano 2021.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (grupo I)

O señor PRESIDENTE: Imos continuar a sesión co debate e votación das emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios.

Comezamos, en primeiro lugar, co grupo I; isto é, co debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos.

O debate será de xeito acumulado, de acordo co recollido no artigo 130 do Regulamento.

Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Gonzalo Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Vaian por diante, en primeiro lugar, as nosas primeiras verbas deste pleno de hoxe para facer un chamamento á prudencia, á responsabilidade de todos e de todas ante os riscos de contaxio, un chamamento extensivo a todas as administracións públicas, e facer tamén un chamamento ao conselleiro de Sanidade para que, como referente das políticas sanitarias e da loita contra o virus, entre todos extrememos todas as medidas, todas as garantías e todos os protocolos e responsabilidades para que ningún erro de ninguén poida supoñer alertas ou contaxios excesivos. É un deber que temos e no que non podemos baixar a garda. E os que temos representacións e responsabilidades públicas temos que ser máis precisos, máis responsables e máis prudentes ca nunca xustamente en momentos en que a liberación de certas restricións pode poñer enriba da mesa maiores niveis de risco de contaxio. Prudencia e responsabilidade de todos e de todas e máxima precisión e capacidade de acción por parte de quen ocupa e ocupamos responsabilidades públicas, esta é unha cuestión de país e non podemos baixar a garda nin cometer imprudencias que non dean o mellor exemplo posible ante toda a cidadanía.

Señoras e señores deputados, estamos vivindo a maior crise económica que se recorda. A maior crise económica que se recorda ao longo do noso país dende a época da Guerra Civil, cunha caída da produción no conxunto dos países europeos, en España e aquí en Galicia no entorno do 10 % estimado para este ano. Sinala o conselleiro unha caída estimada do 9,7 % do PIB para o 2020, e sinala tamén unha esperanza de crecemento do 8 % para o ano 2021. Sabemos que son intervalos ou cifras que están dentro dos intervalos posibles, pero tamén sabemos que hai informes aínda dalgún dos centros de estimación económica máis precisos que acaban de recoller que o PIB da economía galega se contraerá nun 11 % este ano e que no 2021 podemos aspirar a ter unha recuperación do 6 % —dous puntos menos do que estima o Goberno galego—. En todo caso, sabemos como é de complexo facer as estimacións nos momentos en que a evolución da pandemia implica un risco e un nivel de incerteza que fai que todas as previsións económicas haxa que poñelas en aviso e en estudo.

Pero, señoras e señores deputados, a maior crise económica necesita da maior acción pública. A maior crise económica necesita dun Goberno galego que acompañe a economía do país. E os galegos e as galegas que hoxe nos están seguindo neste debate orzamentario senten o frío que lles xera un Goberno da Xunta de Galicia que non protexeu as persoas. E cando escoito o discurso do conselleiro de Facenda hoxe, a nosa preocupación vai en aumento, porque seguimos na política de presentar as contas por parte dun contable do Goberno galego, pero carecemos de proxecto de país e carecemos da capacidade de protexer as persoas coas políticas da dereita, de loitar contra a desigualdade, e carecemos, coas políticas da dereita, dunha folla para a reactivación que apoie o tecido produtivo.

Estes orzamentos que vostedes presentan, señores do Partido Popular, son uns orzamentos que teñen un maior nivel de gasto. Teñen o maior nivel de gasto do que vostedes xestionaron nunca e do que se viu noutros orzamentos da Xunta de Galicia. Estes orzamentos teñen un



alto nivel de gasto porque hai máis de 1.100 millóns extraordinarios que chegan aos orzamentos da Xunta de Galicia enviados dende o Estado, dende o goberno progresista de España, a través dos fondos europeos e dos fondos do Goberno de España. É a política progresista, a política anticíclica, a política keynesiana do Goberno de España o que insufla nas contas da Xunta de Galicia a posibilidade de aumentar o gasto público.

E, polo tanto, cando eu atopo hoxe un Goberno de Galicia presentando estes orzamentos, o que contemplo é un Goberno de Galicia que está presentando unha emenda á totalidade a todos os orzamentos que vostedes xestionaron dende a anterior crise económica. *(Aplausos.)* A todo o que vostedes fixeron preséntanlle hoxe unha emenda á totalidade, porque recoñecen a incapacidade, a falla de acción, o erro de todas as políticas económicas que aplicaron no país dende o ano 2008, cando tiveron que xestionar a anterior crise. Pero aínda nas verbas do conselleiro segue estando presente o discurso dos axustes, o discurso neoliberal, o discurso dos recortes. Aínda ese ideario —que vostedes seguen crendo que é necesario— está subxacente no seu discurso político. Cando vostede destaca a importancia de controlar calquera tipo de gasto público, cando vostede quere colocarse medallas por calquera tipo de loita contra o endebedamento, cando vostede fai alarde e se poñen medallas por facer tantos recortes nunha década, seguen recoñecendo que de política económica non entenden nada, que erraron en toda a xestión da política económica de Galicia na crise do 2008 e que agora se atopan coa posibilidade de gastar 1.500 millóns de euros máis porque hai un goberno progresista en España que non quere deixar a ninguén atrás, que defende as políticas de progreso, que defende as políticas de apoio ao Estado do benestar, aos servizos públicos, a darlle á economía posibilidade de consumo, posibilidade de investimento, posibilidade de demanda a través do Estado.

Pero vostedes rexeitan o Estado, porque vostedes seguen estando na política da contabilidade. En once anos de goberno do Partido Popular en Galicia e do señor Feijóo nunca houbo política económica. E volven desaproveitar unha oportunidade histórica para, cos maiores orzamentos que pode ter a Xunta de Galicia, facer un programa de reactivación, de recuperación, de impulso, que non deixe ninguén atrás. *(Aplausos.)* Vostedes vólvense olvidar da xente. ¿Vostedes cren, señor conselleiro, que hoxe os autónomos, os pequenos comercios, os negocios de hostalería, están máis tranquilos despois da súa intervención? ¿Vostede cre que os desempregados de longa duración ou a xente moza que non ten emprego quedan máis tranquilos despois da súa intervención? ¿É que vostede cre que aqueles que defenden os servizos públicos, a sanidade e a educación pública no país poden estar máis tranquilos despois da súa intervención, cando o que nos están dicindo é que teñen que gastar máis porque llelo impón unha nova política económica, un novo consenso en Europa e en España que a vostedes non lles gusta, pero que non teñen folla de ruta nin proxecto para saber en que gastar?

Facer política económica é moito máis que facer un documento contable nuns orzamentos, é saber en que gastar, como gastar, como reactivar a economía. Non foron quen de conseguir impulsar a economía do país en once anos nos que vostedes gobernaron Galicia, nos once anos nos que, mentres en España se xeraron 670.000 postos de traballo máis, en Galicia vostedes perderon 70.000 empregos de poboación ocupada —nos anos de goberno nos que máis se creou emprego en España—. Esa é a gran situación e a grave situación que vostedes



nos deixan. É unha emenda á totalidade aos orzamentos de todos os anos anteriores. Os mesmos que defendían os axustes, os mesmos que defendían os recortes, os mesmos que non querían utilizar o gasto público para reactivar a economía, teñen que facer un xiro radical en cuestión de cinco semanas para presentar uns orzamentos totalmente distintos, que é a emenda á totalidade a todas as políticas económicas do Partido Popular en Galicia dende que chegou Feijóo. *(Aplausos.)* Hoxe vostedes suspéndense a si mesmos.

E claro que nós cremos que hai que facer esas políticas de impulso, cando vostedes falan de desconfiar dos impostos, impostos progresivos para cobrarlles aos millonarios que poden contribuír a unha saída máis xusta; cando vostedes desconfían do Goberno de España, que aplica as políticas anticíclicas, as políticas keynesianas —o goberno que loitou en Europa por ter un Plan Marshall, un novo Plan Marshall que despregue maior gasto—... E, por certo, o que facía o señor Casado está aí para os anais da historia, está aí pola súa irresponsabilidade en momentos críticos desa negociación. *(Aplausos.)*

Vostedes carecen de proxecto de país e por iso nos preocupa. Porque, máis alá de facer contas, o que necesitamos é un goberno comprometido co país, que teña un adecuado diagnóstico de como é a realidade do país, que saiba onde quere levar o país e que tome as medidas necesarias para non desaproveitar a oportunidade histórica de ter maiores orzamentos e maior gasto.

Señor conselleiro, nin diálogo nin acordo pretenderon. Ao longo dos máis de cen primeiros días desta lexislatura do señor Feijóo, o Grupo Parlamentario Socialista non recibiu unha soa chamada do presidente da Xunta de Galicia para falar da reactivación e da recuperación, para chegar a acordos de como orientar estes orzamentos. Porque se vostedes —que non son partidarios de que a Xunta, o Estado, impulse a reactivación económica, de que apoie a loita contra a desigualdade, de que protexa as persoas— non saben xestionar uns orzamentos desta dimensión, nós estamos dispostos a tender a man para colaborar en chegar a acordos de país. Pero non houbo nin a máis mínima vontade do Partido Popular, que sempre fai este gran discurso de intentar plantexalo por riba de calquera outro debate. Non houbo o máis mínimo intento de chegar a un acordo para saír adiante, para afrontar esta crise. E volven ter a man tendida do PSdeG-PSOE.

Temos que saber cal é a Galicia na que vivimos. E a Galicia na que vivimos é unha Galicia que está fondamente preocupada por esta crise, a maior crise económica e cun enorme risco de desigualdade social, unha crise económica á que chegamos cos servizos sociais debilitados en amplos ámbitos, dende a atención primaria ás residencias de maiores; unha ampla crise económica na que a situación complexa da economía galega para xerar emprego se atopa cun goberno que non ten compromiso co emprego, que non foi capaz de xerar emprego e aumentar a poboación ocupada en anos de recuperación, e que agora, cando os estudos de conxuntura e todos os informes técnicos que existen falan da posibilidade de que entre 2020 e 2021 se perdan arredor de 20.000 empregos na economía galega, vostedes seguen sen dar resposta.

Hoxe o Goberno da Xunta vén de presentar un plan contable pero carece de proxecto para o país, carece de iniciativa, de compromiso, de ambición. Descoñece o que é hoxe a realidade



do país e carece dunha folla de ruta para avanzar cara aos próximos anos. Con vostedes na Xunta de Galicia estamos en condicións de que perdamos unha posibilidade histórica para a recuperación e non a queremos perder. Non a queremos perder porque Galicia merece algo mellor, esa Galicia na que vivimos, que é unha Galicia que perde poboación, unha Galicia sen capacidade de xerar emprego, unha Galicia que perde peso no sector industrial, unha Galicia na que o medio rural e a Galicia interior se atopa cada vez máis despoboadada, unha Galicia na que os niveis de I+D+i están á cola e vostedes os recortaron, unha Galicia na que vostedes tamén implicaron enormes recortes en política sanitaria, en política de educación, en política cultural, unha Galicia na que vostedes gañan eleccións pero deixan os galegos nunha situación peor. E fano, señor conselleiro, porque carecen da capacidade de entender que a Xunta de Galicia ten amplas competencias, de acordo co Estatuto, para relanzar o país, para apostar por unha Galicia verde. É unha Galicia que ten que ter, nos retos da transición ecolóxica, un futuro mellor. E durante once anos vostedes esqueceron a transición ecolóxica, o cambio climático, esqueceron o desenvolvemento sostible, o compromiso co noso país, co noso patrimonio natural. Vostedes esqueceron tamén desa Galicia emprendedora, dinámica, de modernización, desa Galicia que aposta por aumentar os niveis de innovación e de I+D+i e tamén da Galicia que necesita o compromiso industrial da dixitalización, o compromiso co tecido produtivo, ¡claro que se esqueceron!

Estes orzamentos son unha oportunidade perdida que desaproveita o Goberno galego. E é unha oportunidade perdida porque carecen dese proxecto e desa visión que tanto nos preocupa. E pola banda dos ingresos e pola banda dos gastos falta impulso para o país, falta compromiso, faltan medidas, falta orientación. Porque vostedes desconfían de todo o que é o público e véñenlles agora unhas cifras maiores que non saben como xestionar. Eu sei que o señor Feijóo queda descolocado cando ten que orzar e distribuír máis de 1.500 millóns de euros máis en gasto público cando o único que fixo en once anos foi facer un catecismo dos recortes, de defensa extrema da austeridade, de defensa dos axustes sen entender que o impulso do gasto público nunha crise de tanta envergadura é fundamental para relanzar o país, que sen Estado deixamos abandonadas as persoas, que sen gasto público nin impulsamos o consumo nin impulsamos o investimento nin impulsamos a demanda, que sen proxecto para o país non hai forma de recuperación e de reactivación para impedir que pechen empresas, para impedir que os autónomos queden sen posibilidade de negocio, para impedir que tantos traballadores vaian á rúa. E vostedes desconfían, desconfían de todo o que supón garantía para as persoas con políticas económicas progresistas. E por iso vostede mesmo aquí vén hoxe facer un discurso contra o Goberno de España, que é o goberno que impulsa os orzamentos xerais do Estado e que impulsa os orzamentos da Xunta. *(Aplausos.)* E nós non temos ningún complexo. Eu entendo que poidan existir moitas posicións demagóxicas que queiran dicir que en Galicia hai un trato discriminatorio. ¡Falso, falso! E paréceme unha irresponsabilidade, señor conselleiro, que o Goberno de Galicia se poña detrás dunha pancarta dicindo que «España nos rouba». É unha irresponsabilidade do Partido Popular do señor Feijóo, cando os números non acreditan ningunha desas realidades. ¿Ou é que vostede non quere recoñecer aquí que a maior posibilidade de investimento e de gasto dos orzamentos da Xunta de Galicia vén dada porque hai máis de 1.500 millóns que chegan porque 1.100 millóns son procedentes do Estado a través dos fondos europeos e do propio Estado? Vostedes van poder utilizar uns orzamentos máis expansivos porque reciben a gasolina que lles manda un goberno progresista en España. Se en España gobernase Casado, Aznar ou Feijóo, estarían re-



cortando en gasto público, poñendo as persoas en situación de dificultade. E vostedes serían cómplices desa situación. (*Aplausos.*)

¡E esa política de gasto e de impulso vese en tantas decisións...! Hoxe non toca o debate dos orzamentos xerais do Estado, pero claro que nós queremos sinalar que, fronte ao discurso falaz que se queira facer na partida de investimentos territorializados dos orzamentos xerais do Estado, o Goberno de España gasta máis por galego que por catalán, por andaluz, por madrileño ou por valenciano. Gasta 308 euros por galego fronte á media de España —258 euros—. ¿Por que non recoñecen os números? Porque os números son as contas e o seu son contos, os contos dos que non queren recoñecer que un goberno progresista sobe as pensións, cando vostedes, cos seus últimos orzamentos en España, querían conxelar as pensións aos oitocentos mil pensionistas e lles mandaron unha carta á casa aos pensionistas galegos dicíndolles que non se subían as pensións.

¿Por que non recoñecen vostedes que hai un goberno en España que está traballando a carón das persoas e que vostedes seguen anclados na confrontación gratuíta e baladí para simplemente aplicar medidas de recortes sen prioridades? E fallan, porque son xustamente os gastos do Estado os que van permitir que o conselleiro de Sanidade poida ter máis diñeiro para xestionar a sanidade, que a conselleira de Política Social poida ter máis ou que o conselleiro e vicepresidente de Economía teña posibilidade de reactivar a economía dende o ámbito público. Pero vostedes non teñen compromiso nos ingresos. ¡E claro que nós o dicimos, claro que o dicimos! Nunha crise de tanta envergadura como non se recorda na historia do noso país, as persoas millonarias poden poñer un plus, algo razoable, a través de impostos progresivos para acadar unha saída máis xusta. (*Aplausos.*) Porque no seu cinismo de discurso vostede di: Chegan os fondos, temos máis gasto. ¿Pero onde están os ingresos para conseguilos? No Goberno de España, na Unión Europea, que fai políticas progresistas. E vostedes poden aplicar de forma razoable recortes de forma continua, pero nós non imos estar detrás desa bandeira. Porque vostedes desfixeron, a través de reformas, avances que había. A última reforma do imposto de patrimonio, que é unha forma de baixarlles ás persoas millonarias en Galicia a súa contribución ás contas públicas, pois foi un erro. E nós non o apoiamos entón e non o apoiamos agora. Cremos que se poden facer cousas distintas e que aqueles cidadáns que teñen millóns de euros en patrimonio, ou que teñen ingresos en rendas moi dimensionados —algúns 80.000, 100.000 euros—, poden contribuír en taxas progresivas de forma máis solidaria á saída da maior crise. Porque, se non temos fondos, non temos para protexer a tantos millóns de persoas en España e centos de miles en Galicia que están en risco de pobreza. E, despois deses números, temos a realidade dunha Galicia que está moi preocupada, de moitos cidadáns en situación de desemprego, de moitos nenos e nenas que teñen dificultades para poder ter un medio de vida digno, que necesitan do público, dos comedores escolares, do apoio das rendas de inserción. Para que ninguén quede na cuneta, necesitamos despreparar dende a Xunta de Galicia o maior proxecto de defensa das persoas nesta lexislatura. E vostede suspende. E por iso nós lles tendemos a man e lles dixemos ao longo de todos estes días que estamos dispostos a non seguir nesta liña para poder contribuír se vostedes lle tenden a man ao Partido Socialista de Galicia, que é o partido que defende as persoas, que fai as políticas de progreso, o partido que conta coa xente e que non está baseado nesas políticas. (*Aplausos.*) Porque é posible protexer as persoas, defender o Estado do benestar, loitar contra a desigualdade e reactivar a economía. As prioridades de gasto teñen



que explicar por que, cando os orzamentos da Xunta soben nunha contía dun 13 % ou 14 %, vostedes soben en menor dimensión o gasto en sanidade, por que soben en menor dimensión o gasto en educación, por que soben en menor dimensión o gasto en política social, por que vostedes nos levan a unha repartición dos orzamentos da Xunta en que ámbitos tan importantes perden peso relativo. Vostedes teñen que explicarnos tamén por que baixan partidas como a de fixación de poboación no medio rural, por que baixan a partida de xuventude, por que non teñen un compromiso co medio rural e coa industria. ¿Cal é o proxecto industrial que está detrás destes orzamentos? ¿Cal é a partida de orzamentos que vostedes dedican para potenciar e modernizar a industria en Galicia? ¿Con que proxectos? ¿Con que obxectivos? ¿Con que medios?

Quérolle preguntar tamén, señor conselleiro, se vostede cre que, cando o Goberno de España remite máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios á Xunta de Galicia, é razoable que vostedes recorten os fondos de cooperación local que reparten entre os concellos. ¿Vostede cre que é leal que, cando os concellos de Galicia están asumindo competencias que vostedes non son quen de cumprir —a pesar de ter as competencias estatutarias— vostedes, na maior crise, lles reduzan os fondos?

Pois nós, no noso plantexamento, queremoslles pedir que rectifiquen. Querémolles pedir que rectifiquen para aumentar o gasto público en sanidade, nunha partida de, polo menos, 100 millóns de euros máis; que aumenten o gasto en educación en 80 millóns de euros máis; que en política social, para poder apoiar as persoas con maior dificultade, para cubrir o servizo de axuda no fogar, para dar apoio aos pensionistas non contributivos, aumenten vostedes 50 millóns a asignación. Vostedes poden, ademais, fortalecer os gastos en hostalaría e en autónomos cun mínimo de 60 millóns de euros máis. E para iso hai que recortar en gasto improdutivo, hai que recortar en publicidade, hai que recortar en persoal eventual e de confianza nas consellerías, en gasto innecesario que non vai destinado á reactivación.

E xunto a iso pedímoslles tamén que, por lealdade aos concellos, retiren o seu plantexamento de recortes cara aos concellos de Galicia. É un atentado ao municipalismo, unha navallada aos concellos de Galicia, que, cando o Estado lle dá á Xunta de Galicia 1.100 millóns de euros máis, vostedes reduzan a partida que envían aos concellos de Galicia. E o noso plantexamento é distinto, hai marxe para dedicar 100 millóns de euros a un fondo a maiores para os concellos de Galicia. Téñeno vostedes na nosa proposta, con números ben calculados cun proxecto de país detrás. E para iso hai que rectificar. Hai que rectificar porque os seus orzamentos son escasos en materia de igualdade e queremos máis. Queremos desenvolver todas as posibilidades, por exemplo, para desenvolver centros de información á muller en todas as comarcas de Galicia; para aumentar e duplicar eses fondos de xuventude que vostedes recortan —cunha mocidade tan afectada pola crise como os que máis—; e tamén para establecer partidas pequenas pero simbólicas, porque unha partida simbólica —de non gran calado— en memoria democrática daría tamén un síntoma de que vostedes cando queren xestionar o pazo de Meirás teñen un compromiso coa memoria democrática e non un discurso falaz e un discurso que non leva a ningures. *(Aplausos.)*

Se falamos de todo isto, temos tamén que entender, señor conselleiro, que na páxina dos proxectos europeos o Goberno da Xunta está sen rumbo. Pasou de presentar sete proxectos



europesos a presentar 108 proxectos europeos, 108 proxectos que ninguén coñece nesta Cámara parlamentaria, que non os coñece o comité de expertos que asesora a Xunta de Galicia, que non os coñecen os axentes económicos e sociais nin os sindicatos nin os empresarios, que simplemente os coñece o señor Feijóo, que os ten metidos nun caixón, porque non hai folla de ruta nin posibilidade de recuperación.

O problema, señor conselleiro, non é o Estado, o problema é o Goberno da Xunta de Galicia. Os problemas de xestión son endóxenos ás políticas do Partido Popular, non son exógenos e derivados das accións dun goberno en España que ten compromisos progresistas e que aplica políticas anticíclicas que vostedes asumen a rebufo sen saber como xestionalas. Porque son todo o contrario do que vostedes levan pregoando dende a anterior crise e aplicándolle a Galicia.

Eu quérolle dicir, señor conselleiro, que Galicia necesita uns orzamentos para a reactivación, e que estes orzamentos non son cribles. Non son cribles como tantas cuestións que vostedes presentan, como cando vostedes nos xornais, a través da súa publicidade, presentan contas que nin tan sequera encadran. Porque é importante deixar de contar trolas, falsidades, ao conxunto da poboación galega. Vostedes din que dedican 17 millóns de euros en axudas á hostalaría. E se nós calculamos, en función do número de hostaleiros, canto lle toca a cada un deses 17 millóns de euros, atopámonos con que o resultado é un pago de arredor de 900 euros. Iso é todo o que vostedes fan.

É o goberno que menos apoiou o tecido produtivo dende a primeira onda da pandemia. En toda a primeira onda da pandemia non deron unha soa axuda directa para respaldar o tecido produtivo do país. E aínda na segunda onda da pandemia están agora os pequenos comerciantes, os autónomos, a hostalaría, esperando por ter ingresos que vostedes non dan feito nas súas contas.

Están contando contos pero non realidades, e non me estraña, porque eu quero lembrar hoxe nesta cámara parlamentaria que a gran medida estelar que presentou o Goberno da Xunta na primeira onda da pandemia foi que tiña un acordo coas entidades financeiras para poder adiantar o pago dos ERTE. O Goberno de España gastou máis de 200 millóns de euros nun mes para respaldar os ERTE en Galicia e vostedes o único que fixeron foi, a mil deses traballadores e traballadoras, adiantarlles quince días o recibo dese ERTE nas súas nóminas. Foi a maior política porque son o maior fiasco á hora de respaldar o tecido produtivo. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, vólvolle tender a man. Se vostede rectifica, ten a man tendida do PSdeG para non seguir adiante con esta emenda á totalidade, para retirala, para chegar a un acordo ou incluso para absternos hoxe na votación. Dote a sanidade de máis fondos, dote as políticas sociais de máis fondos, dote a educación pública de máis fondos, dote a hostalaría e o tecido produtivo dun plan de acción e acerte nas políticas de reactivación. Constitúa un fondo extraordinario de 100 millóns de euros —que son, no fondo, millóns de euros dedicados á educación, á sanidade, ás políticas sociais— para que os concellos poidan ter un auxilio financeiro que vostedes lles quitan.

Señor conselleiro, estes orzamentos son tan incríveis como o señor Feijóo e o señor Casado sen mascarilla falando de sentidiño e de prudencia diante da poboación de Galicia. *(Aplausos.)*



Esa é a credibilidade do Partido Popular, pero non son os orzamentos que as galegas e os galegos están esperando.

No momento da maior crise, vimos de escoitar un discurso de contabilidade que non ten proxecto de país, que non ten folla de ruta, que non ten orientación, que non ten ambición e que non ten contido. Vostedes saben facer documentos contables pero non saben facer política económica nin facer orzamentos. Vostedes non teñen a capacidade de xestionar unha crise desta envergadura, pechados dentro do Partido Popular, instalados no rodillo da maioría parlamentaria, sen abrir a mente e a cabeza ao que está pasando no mundo, ao que está pasando en España e ao que está pasando en Galicia: un novo modelo de política económica e un novo paradigma para defender as persoas, para defender a tantos cidadáns que o están pasando tan mal, que ven cada mes que pasa que as súas dificultades son máis profundas, que as posibilidades de manter o emprego ou de atopar vías de traballo son máis dificultosas e máis complexas, así como a de encontrarse con tantas empresas que seguen pedindo auxilio e que a Xunta non as asiste. Hai pequenos e medianos comerciantes, pemes, autónomos, grandes empresas, que xa saben que, cando a Xunta de Galicia lles pediu ideas para traballar para os fondos de Next Generation, estaban falando cun interlocutor que non tiña nin propostas nin rumbo e que, polo tanto, xa desconfían —incluso cando estean neses 108 proxectos que vostedes presentaron— de que estar nesa lista sirva para algo. Por iso o señor Feijóo a oculta e non a traslada.

Ou fortalecemos o sistema sanitario cun sistema de rastrexo potente que nos permita dicir onde está a trazabilidade do virus, ou fortalecemos a sanidade e a atención primaria, ou fortalecemos o conxunto da sanidade pública ou fallamos. E claro que hai máis fondos, pero hai que saber como xestionalos. E claro que hai máis fondos para políticas sociais, pero non saben como orientar unha recuperación con maior igualdade e cunha loita contra a desigualdade. E, sobre todo, porque a economía do país necesita do apoio da Xunta pedímoslles que rectifiquen.

Señor conselleiro, señor vicepresidente de Economía, vostedes teñen a difícil posición de xestionar a crise de maior envergadura. Esta é unha crise de enorme calado na que todos temos que contribuír, e todos os coñecementos que temos poden ser insuficientes e susceptibles de cambios en momentos de resiliencia. Ou acertamos todos ou todos fallamos. Desexamos que estes orzamentos e o proxecto de recuperación que teñan para Galicia sexa un acerto para o país. Pero vemos tamén como falla a orientación e o rumbo, como nesta intervención hoxe non houbo unha soa liña estratéxica para a reactivación, para a defensa das persoas e para a loita contra a desigualdade. Houbo números de contabilidade pero non houbo política económica. Houbo contas pero non houbo impulso. Houbo propaganda pero non houbo compromiso.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir terminando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E os cidadáns de Galicia esperan compromiso. Esperan políticas públicas para protexer as persoas.

E nese reto, se rectifican, terán a man tendida do PSdeG-PSOE no momento en que queiran. Se incluso hoxe mesmo queren dar un paso ao lado que sexa un paso adiante, o PSdeG estará



disposto a acompañalos desde ese momento e a non seguir adiante cunha emenda á totalidade, que temos que presentar por responsabilidade, porque estes orzamentos perden millóns de euros de posibilidades para o país. Vostedes saben que, como hai maioría, terán orzamentos, pero desprezaron o diálogo e o acordo. Con todo, teñen a man tendida para conseguir reactivar a economía nun momento no que a xente o que nos pide é acertar e menos problemas para eles.

Nesa liña esperemos acertar. E contén vostedes, en todo caso, se seguen adiante con este proxecto de orzamentos...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ... coa disposición do PSdeG a traballar por unha Galicia mellor.

Moitas grazas, señoras e señores. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para defender a emenda á totalidade presentada polo Bloque Nacionalista Galego, que solicita a devolución global dos orzamentos, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señorías.

Señor conselleiro, permítame, en primeiro lugar, que as miñas primeiras palabras sexan para desexarlle unha pronta recuperación á conselleira de Pesca, agardando que este virus non teña un gran impacto na súa saúde, e tamén unha pronta recuperación a todas as persoas que sabemos que no día de hoxe están loitando contra o virus no conxunto do país.

Certamente, estamos vivindo un momento excepcional, no que a vida e a saúde das persoas ten que seguir sendo a prioridade. E o certo é que é importante que non baixemos a garda, que extrememos as precaucións, porque é certo que seguimos nun momento moi delicado de loita contra a pandemia. Nese sentido, dende o BNG queremos seguir facendo ese chamamento a extremar a precaución e a dicir tamén, con toda claridade, que non nos parecen nada edificantes as imaxes que vimos dese encontro entre o presidente da Xunta e o presidente do Partido Popular, o señor Pablo Casado, con militantes e altos cargos do Partido Popular paseando sen máscara para facer un posado fotográfico para os medios de comunicación. Pensamos que este é un asunto moi grave que debe de ser aclarado, porque o que non pode ser é que se apele ao *sentidinho*, como fai o señor Feijóo, para despois facer posados fotográficos co señor Casado sen gardar a distancia de seguridade e sen máscara. Isto é toda unha mostra de irresponsabilidade, cando se lle está pedindo á cidadanía que se esforce por cumprir as normas porque hai moito en xogo. Desde logo, o que non se pode facer é apelar á responsabilidade individual e despois dar unha mostra de irresponsabilidade; non se pode reñerlles aos mozos e mozas —como fixo o señor Fei-



jóo— nin se pode reñerlle á cidadanía e despois facer o contrario do que se lles está exixindo cada día. (*Aplausos.*)

Estamos, señorías, a tres días da celebración do Nadal, pedíndolles ás familias que fagan un gran esforzo renunciando a poder celebralo xuntas, despois, ademais, dun ano tan duro, e ao mesmo tempo o que non se pode é asistir a imaxes do presidente da Xunta co seu xefe de filas, o señor Pablo Casado, sen máscara e sen respectar a distancia de seguridade. Creo que todos e todas podemos equivocarnos, pero, cando se fai algo así e se comete esta irresponsabilidade, o mínimo é recoñecelo e pedirlle desculpas á cidadanía. É o mínimo que se pode exixir.

Porque si, señorías, estamos vivindo un momento excepcional que require un esforzo excepcional de todos e de todas. E a pregunta que nos facemos, a pregunta que se fai a cidadanía é se estes orzamentos que hoxe presenta o Partido Popular dan resposta a eses retos excepcionais que nos está deixando a covid.

Preguntámonos se rescatan os sectores e as traballadoras que máis están sufrindo esta crise, se reverten unha década de recortes que puxo contra as cordas a sanidade pública, se apostan de verdade por cambiar un modelo que está facendo negocio cos nosos maiores ou se deseñan unha nova política económica que aposte por potenciar a enorme capacidade que ten Galiza, que nos permitirá saír desta crise.

E pode crerme, señor conselleiro, que me gustaría que a resposta a esta pregunta fose si, que estes orzamentos realmente desen resposta aos retos que ten a sociedade galega. Porque, honestamente —e dígoo con total sinceridade—, creo que é máis importante que nunca que os gobernos acerten. Pero o que vemos é que estes orzamentos volven tropezar outra vez coa mesma pedra, a pedra da rutina, a pedra da propaganda, e que lles dan un portazo ás transformacións que necesita Galiza. Por iso dicimos que van ser unha oportunidade perdida nun momento no que necesitabamos máis que nunca que os gobernos acertasen. Pero o que vemos é que son a rutina e a propaganda de sempre. É que é pasmoso que nin no medio dunha pandemia deixen por un momento os titulares que nos veñen repetindo durante os últimos anos, e vou poñerlles un pequeno exemplo, só collendo os titulares da Xunta. ¡É que é ano tras ano! Dá igual que haxa pandemia que non, que veñen vostedes aquí sen ruborizarse cos mesmos titulares.

Fíxese, señor conselleiro. Orzamentos de 2017, ¿que nos dicía a Xunta? Titular: «A Xunta aproba un orzamento para 2017 de 9.000 millóns de euros co obxectivo de reforzar o gasto social». 2018: «A Xunta aproba un orzamento para 2018 de 2.487 millóns, o máis alto desde 2010, que permitirá reforzar a creación de emprego e o gasto social». Orzamentos de 2019: «Os orzamentos da Xunta para 2019 dispoñen de 9.800 millóns para impulsar o crecemento, cun reforzo do gasto social e con máis investimentos». Orzamentos de 2021: «A Xunta aproba os orzamentos máis altos da súa historia, con máis de 8.500 millóns destinados a gasto social, e o maior investimento da historia».

De verdade, señor conselleiro, que dá un pouco de pavor ver como vostedes veñen aquí, ano tras ano, repetirnos os mesmos titulares e que sexan capaces de facelo no ano no que esta-



mos vivindo a peor crise económica, social e sanitaria da última década. Este país, a xente deste país, merece algo máis que titulares e máis titulares, o mesmo tran, tran de sempre. *(Aplausos.)*

Porque, miren, o único histórico destes orzamentos é que nos repiten a mesma historia de sempre. Eu creo que a propaganda como forma de goberno é criticable sempre, pero é que é imperdoable no medio da maior crise económica, social e sanitaria deste século. Parécenos, desde logo, imperdoable, porque necesitamos gobernos que acerten, e a Xunta non acerta cando fai demagogia nin agasallos fiscais como o que vostede fixo aquí, señor conselleiro, porque nós o que estamos pedindo é que aos galegos e ás galegas que teñen as rendas máis baixas lles baixemos os impostos, e que aqueles que poden aportar máis que o fagan neste momento. Iso é o que estamos pedindo. Estamos pedindo, por exemplo, que as grandes superficies comerciais, que están gañando diñeiro neste momento, poidan aportar para que axudemos o pequeno e mediano comercio, que está asfixiado no noso país. *(Aplausos.)* Iso é o que estamos pedindo nas nosas emendas.

Desde logo, se vostede se preocupase polo futuro de Galiza, non viría aquí gabarse de que lles fai agasallos fiscais ás rendas máis altas, privándonos de recursos que son fundamentais para poder enfrontar a crise. Porque, se un analiza de onde veñen os orzamentos, o que comprobamos é que nese incremento de recursos nin un só euro de incremento vén dun esforzo que faga a Xunta de Galiza por ter máis investimento para poder enfrontar a crise económica. Efectivamente, son fondos extraordinarios que se dotaron no Estado e na Unión Europea pola covid, porque, de non ser así, agora estaríamos nuns orzamentos moi similares aos do 2020.

Desde logo, tampouco acertan vostedes cando están inflando as expectativas que xeran estes orzamentos, porque eu creo que estamos nun momento de incerteza no que se necesita ter os pés na terra e realismo. E se nós analizamos realmente, tendo en conta cal é a inflación destes últimos anos, o que vemos é que estes orzamentos non son tan extraordinarios como vostedes llo quixeron vender á cidadanía. Non estamos ante uns investimentos nunca vistos. De feito, se temos en conta a inflación, vemos que estes orzamentos son inferiores aos que estaban previstos hai doce anos. E tanto é así que hai un dato que nos debería de preocupar, porque está claro —que hoxe xa non o cuestionan, a pesar da ideoloxía que nos profesaron e que defenden durante todo este tempo— que é moi importante o investimento público para poder saír desta crise, pero, cando vemos cal é o peso que vai ter o orzamento na Xunta no produto interior bruto galego, aquí tamén vemos como hai unha menor influencia do orzamento público. No ano 2009, o peso do orzamento sobre a economía galega representaba arredor do 20 % do PIB, e no 2021, segundo estas previsións, será do 18 % do PIB.

En todo caso, a nós o que nos preocupa tamén é ver como mesmo nas contas que vostedes nos presentan aquí hai unha deficiente defensa dos intereses de Galiza. Dótanse 430 millóns de euros do Fondo React, que é menos do peso poboacional que ten o noso país. Deberían de estar uníndose á reclamación que fai o BNG para que realmente haxa unha territorialización efectiva deses fondos que non nos faga perder. Iso é o que debería de estar facendo o Goberno galego neste momento. *(Aplausos.)*



En todo caso, máis alá das cifras globais, eu creo que é importante ver a que se están destinando estes recursos e é importante reflexionar sobre as leccións que nos está deixando un momento tan difícil como esta «era covid». E hai unha primeira reflexión na que eu creo que, en teoría, estamos todos e todas de acordo, logo outra cousa é ver como se plasma isto na realidade. Hoxe hai unha inmensa maioría da sociedade galega que é consciente de que é fundamental que teñamos uns servizos públicos potentes e unha sanidade pública blindada de recortes e de privatizacións. Pero isto que, seguramente, dito así, todos e todas asinariamos, logo vemos que non é unha lección que o Partido Popular extraese e que se traslade ás contas da Xunta de Galiza. Porque, ¿que é o que nos din estes orzamentos en materia sanitaria? Pois, en primeiro lugar, que o peso relativo da sanidade pública baixa no orzamento; pasa de significar o 33,8 % do orzamento a significar o 33,5 %. Vemos tamén como a atención primaria, que é fundamental na loita contra a pandemia —e estamos vendo como os recortes están afectando, porque os profesionais están exhaustos e non os dotaron de recursos suficientes—, no día de hoxe ten 45 millóns de euros menos que hai doce anos —¡45 millóns de euros menos!—, cun recorte acumulado de máis de 2.000 millóns de euros.

Tamén nesta conta comprobamos o disparate da privatización da sanidade que vostedes levaron adiante, e vémolos, por exemplo, no caso do hospital de Vigo, onde imos pagar, entre canon e débeda aprazada, 108 millóns de euros. Imos pagar 80 millóns de euros máis tamén para o hospital de Povisa. É dicir, só na área de Vigo, destes orzamentos de sanidade pública, se destinan 200 millóns de euros para empresas que fan negocio da saúde.

Tamén vemos como non se está atendendo unha cuestión que preocupa moitísimo a cidadanía, porque hai que atender a covid, pero é que a xente segue enfermado e hai problemas gravísimos na sanidade que non se están atendendo. Temos unhas listas de espera que soben e temos problemas de diagnóstico, porque se sabe que hai moitas enfermidades que se están tratando mal, e iso é un problema de saúde, pero non vemos que haxa un plan especial para desconfinar realmente a sanidade e recuperar o tempo perdido, que é a saúde dos galegos e das galegas neste momento.

Preocúpanos tamén, no ámbito sanitario, que pasa coa saúde mental, porque mesmo hoxe viamos como hai unha noticia nun xornal que nos dicía que hai cada vez máis demanda no ámbito da saúde mental en menores e en adolescentes. E este orzamento, ¿que prevé? Un millón de euros para ese Plan de sanidade de atención á saúde mental poscovid que nos anunciaran. É que, señor conselleiro, este non vai ser un plan a catro anos; a este ritmo vai ser un plan a oitenta anos, (*Aplausos.*) e a saúde mental non pode seguir sendo a gran esquecida do noso sistema sanitario.

E, por último, tampouco vemos que os aplausos —que vostedes, mesmo aquí, se apropiaban deles— que a cidadanía lles deu aos profesionais sanitarios estean reflectidos nestes orzamentos, porque seguimos tendo un sistema sanitario en precario, e nós o que cremos é que é necesario que se dignifiquen as condicións de traballo, porque iso significa dignificar a saúde e coidar as persoas que nos salvaron a vida nesta pandemia. (*Aplausos.*) E tampouco vemos aí solucións.

A segunda gran lección que nos deixou a covid é o enorme fracaso e o enorme problema que supón considerar un negocio a atención ás persoas maiores. Nós volvemos repetilo aquí: al-



guén ten que explicar como é posible que 22.000 persoas que están en residencias concentren case a metade dos falecementos por covid. E agardo que non volvan repetir ese argumento —que é bochornoso— de comparar as mortes en residencias cunha media, porque as mortes dos nosos maiores non son unha media, e necesitan unha resposta.

Vostedes xa se negaron a investigar que pasou nas residencias, pero é que agora veñen estes orzamentos e é unha segunda labazada, porque tamén se volven negar a poñer en marcha un novo modelo de atención ás persoas maiores que non estea baseado, precisamente, no negocio. (*Aplausos.*) Fíxense, a única proposta que hai neste ámbito é que se van construír 7 residencias; 7 residencias que o presidente da Xunta levaba prometendo durante os últimos sete anos. ¿Cal é a realidade? Que non as vai construír a Xunta de Galiza, senón que se van construír por unha doazón dun empresario privado. E isto, señorías, é un elemento central do debate, porque o que non pode ser é que a atención aos nosos maiores dependa da beneficencia, (*Aplausos.*) porque ten que ser un dereito garantido con recursos públicos que teñen que estar nos orzamentos. É algo que temos que cambiar.

A terceira gran lección da covid é que necesitamos unha economía que produza. Si, si, o que non vale é ese modelo, que parecía barato, pero que nos sae moi caro: que produza China. E tampouco podemos seguir con esa idea dunha economía que é dependente do turismo, cando parece ser que incrementar o peso do turismo é a gran aposta que fai este Goberno.

Nós dicimos que este non é o modelo de futuro, que o que se necesita é producir, que hai que transformar os sectores primarios, apostando pola súa industrialización, que hai que apostar polo talento, polas TIC, pola innovación, pola investigación, pola economía verde, non como unha etiqueta para tapar a fábrica de cambio climático que vostedes queren poñer en marcha, nin para poñer máis eucaliptos no noso país, senón, realmente, para apostar por unha transformación real nese ámbito, porque ese vai ser o futuro, e, ou estamos aí, ou Galiza vai quedar atrás, e é algo que non podemos permitir que nos pase por segunda vez. Non podemos permitir que perdamos o tren, non da reactivación, senón das grandes transformacións que necesita o noso país.

E, ademais, é que temos potencial; é que Galiza ten unha capacidade enorme para poder saír da crise. O que se necesita é un goberno que confíe no país, que crea nos nosos sectores produtivos, que crea na xente de aquí, que temos que traer de fóra. Porque xa está ben de exportar talento, o que temos que facer é importalo, e podemos, se temos capacidade, se realmente cambiamos o modelo. (*Aplausos.*)

Pero, ¿que é o que vemos aquí? Bueno, pois que vostedes seguen instalados nesa idea de que o fan todo fantástico e de que non hai problemas. Parafraseando ese escritor francés, André Blanc, usan as estatísticas como os borrachos as farolas, máis para apoiarse que para iluminarse; e necesitamos poñer luz, non apoiarnos nas farolas.

Hoxe o Goberno volve repetir esa idea, fíxoo o conselleiro: en Galiza a crise é menos intensa que no Estado, e iso quere dicir que o Goberno o fai todo moi ben. Pero é que esta —sábena vostedes perfectamente— é unha realidade que xa pasou en 2008 e que pasou en todas as crises en Galiza. Chegan aquí máis tarde, pero logo son máis intensas e tardamos máis en



recuperarnos, e este é un problema, desde logo, moi serio. Porque, ademais, se vemos o que pasou en 2008, o que pasou foi que Galiza non se recuperou. Tiñamos unha crise e non recuperamos nin tan sequera o emprego de hai dez anos. Temos unha crise demográfica e vostedes nin se inmutan despois de que nesta última década emigraran máis de 200.000 persoas do noso país. Tampouco lles preocupa que cada vez teñamos un emprego máis precario e que hoxe teñamos xa no noso país traballadores e traballadoras pobres, algo que están denunciando todas as entidades e o Informe Foessa —e non vou repetirlles os datos que nos dan—.

Tamén estamos vendo como o seu modelo de crecemento —ese que nos din que é un crecemento san— é un crecemento na desigualdade entre as persoas, porque é curioso como Galiza ten unha evolución entre as rendas do traballo e do capital que non se dá en todo o Estado español. Agora aquí xa teñen máis peso as rendas do capital que as rendas do traballo. Isto é un retrato de que sociedade están creando desde o Partido Popular. Pero tamén temos un problema porque, efectivamente, ademais, hai unha precariedade cada vez maior que afecta sobre todo as mulleres e a xente nova neste país.

E a vostedes isto non lles preocupa, e non é só que non lles preocupe, é que cando analizamos como invisten os recursos —non como din que os van investir, senón como os invisten—, o que vemos é o gran fracaso do Partido Popular, que non é tan sequera capaz de executar os orzamentos naqueles ámbitos que son centrais para a creación de emprego. Eu non vou coller os datos do ano 2020 a nivel de execución orzamentaria porque están incompletos e, ademais, este é un ano excepcional, pero é que imos ver que pasou no ano 2019. ¿Que vemos? Pois vemos que deixaron sen executar case tres de cada dez euros destinados a investimento real. Tamén vemos como consellerías como a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Economía, Emprego e Industria, a do Mar ou a de Medio Rural son as que sistematicamente ese ano —pero tamén os anteriores— teñen o menor nivel de execución, a pesar de que son fundamentais para a creación de emprego. E eu aí tamén digo que é sangrante ver o que pasa na Consellería do Mar, que non executa case nin o 56 % dos seus fondos. Ou o que pasa en consellerías como a de Emprego, que ten un nivel de execución baixísimo. Fíxense, en 2019 —non 2020—, hai datos que son demoledores para calquera goberno: formación profesional de ocupados, só executou o 4,30 %; promoción do solo, só executou o 18,89 %; mellora da produción pesqueira, só executou o 41 %; mellora na produción agroalimentaria, só o 46,26 %; promoción do emprego, o 68 %. É que son unhas cifras que lles deberían de dar vergoña, cando temos a miles de galegos e galegas que teñen que emigrar pola falta de oportunidades neste país. *(Aplausos.)* Non se pode permitir un goberno que non executa os recursos nos ámbitos máis importantes. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, isto é indignante logo noutros ámbitos que son centrais, porque, por exemplo, podemos falar de investigación. Claro, hoxe todos miramos con esperanza o que significa a vacina para poder afrontar a covid, pero é que detrás desa vacina hai países que tiveron unha visión estratéxica e fixeron da aposta polo coñecemento, pola ciencia, polas universidades ou pola educación un elemento central do seu modelo de sociedade. E nós aquí, en Galiza, o que vemos é como na crise, mentres outros países apostaron pola investigación, vostedes apostaron polos recortes, e non só polos recortes, porque, por riba, o que poñían no papel é que nin tan sequera o investían. Aí temos o Plan galego de investigación,



por exemplo, onde se deixaron sen executar no último ano case 3 de cada 10 euros, ou vos-
tedes computan e desvían fondos dese plan para construír edificios na Cidade da Cultura. E
aí temos unha parte do problema que non se vai solucionar por moito que debuxen cifras
nun papel que logo non se materializan na realidade.

Chegados a este punto, a min tamén me gustaría contestarlle, señor conselleiro, a algunha
cousa que vin aquí que están sempre manipulando, que é o tema da débeda. É que, si, jé fli-
pante! —perdoe que llo diga—. Se hai menos xuros no pago da débeda, creo que non é un
mérito do Goberno galego; eu creo que aí algo debe ter que ver a política do Banco Central
Europeo —non o sei, podo estar equivocada—. En todo caso, estaría ben que nos trasladara
a este Parlamento os datos da débeda, porque queremos saber quen ten a débeda, a que in-
tereses a pagan e se a están renegociando. Pero eses datos non nolos envían ao Parlamento
—como todo, ese é o respecto que vostedes teñen pola democracia—. E cando imos ás cifras
o que vemos é que o que fixeron vostedes foi endebedar Galiza a unha cifra histórica. ¡É que
Galiza nunca estivera tan endebedada! ¡Triplicaron a débeda deste país! E a nós non nos pa-
rece que a débeda en si sexa un elemento criticable, porque un se endebeda para mellorar a
súa sanidade, para que haxa emprego, para mellorar a saúde... Pero é que a pregunta que
nos facemos é: ¿como pode ser que se triplique a débeda pública e ao mesmo tempo se des-
mantele a sanidade, se reduza en educación ou non se estea apostando por ningún modelo
no ámbito do desenvolvemento económico? ¿Para que endebedan Galiza? E, por favor, ¡dei-
xen de mentirlle á xente! Porque cando no ano 2009 chegaron á Xunta de Galiza había 4.859
millóns de euros de débeda pública e hoxe hai 14.515. *(Aplausos.)* É que é tan sinxelo como
iso. ¡Deixen de dicirlle á xente que baixaron a débeda! *(Aplausos.)* E, por certo, houbo mo-
mentos en que tiveron que utilizar esa débeda para pagar gasto corrente, e sábeo vostede
tamén exactamente igual ca min.

Efectivamente, agora mesmo estamos nun momento en que temos que facer algo impor-
tante. Eu estou convencida de que hoxe non deberíamos de enfrontar este debate, nin agora
nin durante toda a súa tramitación, coa mesma rutina que vostedes nolo presentan aquí,
porque estamos nun momento difícil para a xente deste país e é importante que as contas
públicas sexan as mellores posibles. Teño a certeza de que iso se pode facer. Aínda que a
min me pareza que estes recursos son insuficientes, hai que facer política cos recursos que
temos. E nós tamén queremos dicir que hai outros orzamentos posibles, que é posible res-
catar a xente que máis está sufrindo a crise neste momento, que é o sector da hostalería, do
comercio, o sector da cultura e os traballadores e as traballadoras que están sen emprego.
Por iso dicimos: mobilicemos 125 millóns de euros máis para estes sectores e que haxa re-
almente unha axuda nun momento determinante.

Tamén cremos, señor conselleiro, señorías, que é posible devolverlles un pouco do que nos
deron aos profesionais sanitarios durante esta pandemia. ¿E como? Pois nós propoñemos
unha estratexia para eliminar a precariedade, reforzando a atención primaria con 250 mi-
llóns de euros máis, cun plan que permita desconfinar a sanidade do noso país para atender
todas as necesidades que hai neste ámbito.

Tamén cremos que é posible poñer en marcha un novo modelo de coidados para que nunca
máis os nosos maiores se convertan nun negocio. E para iso cremos que hai que artellar un



novo modelo, que hai que reforzar e dignificar as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar ou que nun momento coma este é importante botarlles unha man ás persoas que menos teñen, e, concretamente, falamos das 38.000 persoas que están cobrando pensións non contributivas no noso país. O complemento autonómico leva dez anos conxelado, e dicimos: poñamos sobre a mesa unha axuda de 1.000 euros neste momento tan difícil para poder botarlle unha man a quen menos ten.

Tamén cremos que é posible erguer Galiza desta crise económica poñendo en marcha un novo modelo neste ámbito e, miren, para iso o primeiro é que non pode caer o emprego que temos. Dicimos nas nosas emendas que se poña xa sobre a mesa a intervención pública para salvar os traballadores e traballadoras de Alcoa. Cada minuto que perdemos é un minuto que vai en contra nosa. *(Aplausos.)*

Tamén entendemos que é fundamental aproveitar e enraizar aquí todo o talento e a riqueza que temos no país. ¿Como? Pois a través dun pacto galego pola ciencia e a innovación, poñendo en marcha o Innogal. É que temos o Icrea e o Ikerbasque, que son exemplos de como captar e reter talento. Tamén cremos que hai que transformar o Igape, nun momento no que as empresas teñen necesidades excepcionais, e darlle máis potencia e que hai que facer unha aposta real pola dixitalización, pola economía circular, por transformar os nosos sectores primarios ou por apostar realmente polo coñecemento, reforzando o ensino en todos os seus ámbitos.

É imprescindible que traíamos tamén aquí a debate que Galiza necesita que estes orzamentos reflictan a axenda feminista. E para iso, insistimos: Pacto galego contra a violencia de xénero. Destinemos o 1 % destes orzamentos para acabar cunha violencia que todos os días golpea, mata e asasina. *(Aplausos.)*

E traballemos, señorías, para acabar realmente con esas políticas lingüicidas, para acabar con esa política reiterada que vemos por parte do Partido Popular, que en vez de sentirse orgulloso de ter unha lingua propia e de defendela en todos os ámbitos, de novo vemos nestes orzamentos como o que fai é perder unha oportunidade e maltratar o idioma propio do noso país. *(Aplausos.)* En definitiva, señorías, temos a oportunidade de facer as cousas doutra maneira.

Tamén quero dicirlles que hoxe non tiña previsto falar dos orzamentos xerais do Estado, pero parece que o Partido Popular ten necesidade, ante uns orzamentos tan malos, de traer outros debates aquí. Eu diríalle ao conselleiro que, en fin, non sei se vostedes acaban de descubrir a discriminación con Galiza; non o sei, deberon caer do cabalo no camiño de Damasco, está ben. Está ben que descubran que existe a discriminación con Galiza, o problema é que isto non é novo. É que non é que apareza agora cun goberno do Partido Socialista, é que isto é o que viña facendo o Partido Popular, con vostedes neste banco, votando sistematicamente en contra dos intereses de Galiza. *(Aplausos.)* Porque o problema que temos aquí —si, si— é un problema en que PP e PSOE lle fan unha pinza a Galiza porque alternan na discriminación ao noso país. Gobernos do PP: recortazos e mentiras; e, síntoo moito, pero gobernos do PSOE: tamén incumprimentos co noso país. Porque as contas o bo que teñen é que son moi claras, e o que non se pode tolerar é uns investimentos que soben un 68 % no territorializado en



todo o Estado e que en Galiza baixan un 11 %. porque, díganlo como o digan, iso significa discriminar o noso país no momento en que máis necesitamos investimentos. *(Aplausos.)* Parecíannos mal os recortes do Partido Popular e parécennos igual de mal os recortes que practica o Partido Socialista. Poden facer o que queiran. Nós, desde logo, imos estar onde estivemos sempre, na defensa dos intereses de Galiza, porque iso é o que nos move. E, defendendo Galiza, defendemos a igualdade, a xustiza social e un mundo máis xusto.

Creo —remato, señor conselleiro— que estamos nun momento moi complexo, nun momento moi difícil. E, insisto, nós queremos que o Goberno acerte, pero non acertan cando veñen cunhas contas que son rutina, propaganda e que nos demostran unha vez máis que non teñen ningún proxecto de futuro. E o grave é que este país non necesita que lle dean un portazo, necesita esperanza. Acepten as nosas emendas e traballemos para que as cousas vaian a mellor para os galegos e para as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Turno do conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Señora Pontón, señor Caballero, grazas de verdade polo ton. Sabemos que temos posicionamentos moi distintos, pero creo que é posible, de verdade, chegar sempre a un entendemento —se é posible, logo do diálogo—, chegar aos acordos e consensuar, que é do que se trata. O que non se me ocorrería nunca —de verdade; hai varias cousas que non se me ocorrerían nunca— é dicir o que dixo o señor Caballero dúas veces ou tres, e que o repetiu: «Se rectifican, terán a man tendida». Fíxese que eu, dende a maioría absoluta, recentemente convalidada, nunca lle pedirei a vostede que rectifique nin ao Bloque, no seu caso. Simplemente o que lle pido é que dialoguemos, que nos poñamos de acordo, se é posible, nalgunhas cuestións e que así o plasmemos.

Hai moitas cousas, como lles dicía —e agora me concentrarei niso—, que nunca pensei mirar, porque os debates se repiten, pero hai un concepto que se vén manexando por aquí —é unha pena que non lean ou miren o que se fala en comisión ás veces—; e non fan falta grandes elocuencias nin grandes palabras, o que si é bo é poñer de vez en cando un pouquiño de métrica —algúns chámanlle «contables» a iso—. É bo non soamente ter o don da palabra, senón acompañalo de cuantificacións o máis certas posibles, porque, se non, verdadeiramente, quen queda como contacontos é algún de vostedes. Ás veces son palabras grosas, pero creo que, en xeral, o ton foi moi adecuado.

Como si que creo na importancia relativa ben contada, permítanme que inverta o que soe ser habitual. Esta xa é a sexta vez que veño aquí, ¿non? Hai determinado grao de adanismo nalgunhas posturas, pero procurarei non ser demasiado adanista.



Permítanme que, pola importancia relativa, empece por contestar algunhas das cousas que foron formuladas desde o BNG. Non vou utilizar a inversa da importancia relativa.

Hai un tema que vén sendo recorrente, como é o da comparativa do ano 2009 co ano 2020, señora Pontón. Estráñame que á súa portavoz na Comisión non lle explicara algunha destas cuestións. É curioso que se pretendan determinadas puntualizacións dende a certa profesionalidade, pero seguimos dunha maneira interesada erre que erre. Porque cando un mira o orzamento do ano 2009, señora Pontón, o gasto non financeiro, que era de 11.426 millóns de euros, ve que resulta que hai partidas que no día de hoxe —empezando pola dos concellos; tamén falarei dos concellos dentro dun momento—, se teño en conta o que antes viña vía orzamentos, o Fondo Nacional de Cooperación Municipal, que agora ten un carácter extraorxamentario ou o tema do fondo europeo —neste caso—, do Feaga, o termo comparable son 10.538 millóns de euros; 10.538 fronte a 11.563, que é o gasto non financeiro que formulamos para o ano 2021. E, se se segue mantendo que unha cantidade é maior que outra, hai algo que falta aquí.

Segundo erro —metodolóxico—. Erre que erre, non me cansarei de repetilo, e unha vez máis o formulo: aplicarlle o IPC á inflación, ás cantidades en orixe é non ter... Eu creo que iso é de primeiro de Económicas. Tampouco me quero pasar de economista, que para iso xa está o señor Caballero. (*Risos.*)

Resulta que o normal —que para algo se calcula— sería aplicar o deflactor do PIB. E o deflactor entre o ano 2009 e o ano 2021, estimando para o ano 2020 e o ano 2021 a cantidade máis ou menos contida no cadro macroeconómico do Estado —aí si que o fan bastante ben, señor Caballero; non todo o fan mal—, a cantidade resultante sería 11.096 versus 11.563. E segue erre que erre con determinados mantras. Iso si que son mantras, señora Pontón, e non algunhas das cuestións que vostede dixo. Porque, ¡home!, estamos dicindo que é un mantra que este é o orzamento máis grande da historia, e non llo é; estamos dicindo que é o investimento máis grande da historia, e non llo é; que é a atención social máis grande da historia, e non lla é; e que ano a ano isto o esteamos facendo... Non son mantras, son realidades, ¡realidades!, e a elas me referirei, e á política útil tamén.

Respecto da importancia relativa, case lle podíamos repetir o que fixemos na Comisión. Hai dous señores que viven nunha aldea, e un ten 8 vacas e o outro 2. Chega un amigo da aldea do lado, que xa estaba maior e tiña 6 vacas moi ben coidadas, e dálle, ao que tiña 8, 4 vacas, e, ao que tiña 2, outras 2 para que o pobre medrara un pouco máis no seu quefacer. Conclusión de alí a un mes, cando volve: o señor que tiña 2 vacas e agora ten 4 está perfectamente agradecido porque xa pode empezar a ter un negocio un pouquiño máis grande e un pouco mellor atendido; e o señor que tiña 8 vacas e agora ten 12 non lle fala. ¿Cal é a conclusión? Que perdera importancia relativa. As vacas cóntanse dunha nunha e todo se conta dun certo xeito. Non é o mesmo o nivel de partida que había nun momento que o que hai noutro. Non se poden vulgar e utilizar os criterios relativos e tal.

Eu comprendo que ao señor Caballero lle veña moi ben o concepto relativo, e aquí téñolle que dicir que é moi coherente, moi coherente. Si que niso lle recoñezo a coherencia, porque,



en esencia, é o mesmo que defende dende o 13 de xullo: como, subindo en importancia relativa, ten os mesmos deputados que había anteriormente —un paradoxo— e como o Partido Popular, subindo un pouco relativamente, resulta que ten un máis. Son estas cuestións matemáticas que ás veces hai que ter e ás que hai que poñerlles números. E vou poñerlles números —non só palabras— aos números. Pero, ben, que vaia por alí. Tamén cando se di —e alguén non o entende— que o cadro macro da nosa comunidade ten un perfil similar ao español, con moitos matices: cando imos ben, parece ser que non imos tan ben, e, cando imos mal, non tan mal; entón, non facemos nada. Como sempre foi así, *nos deixamos ir y nos quedamos tan panchos*.

Cadro macro. Respecto do cadro macro, nas últimas, efectivamente, nalgunha delas, curiosamente, hai moi bos profesionais —creo recordar que son os de Funcas, que foron os últimos que o sacaron, efectivamente—... Todo está moi cambiante. Non se trata de acertar, porque, sobre o tamaño do que estamos falando, é tan grande a caída que se vai producir no ano 2020, é tan grande..., cunha recuperación moi importante no ano 2021. Curiosamente, canto maior sexa a caída no ano 2020, maior recuperación haberá no ano 2021, todo indica en termos medios. *Maldita la alegría*, porque, ao final, estamos falando todos con «dolor de España» —dígoo por este que lles fala—, utilizando a expresión de Unamuno, porque, verdadeiramente, se aquí vai ser un tortazo, en España o tortazo vai ser lixeiramente maior, polo menos no ano 2020, e no 2021 miraremos.

Temos as nosas especificidades, e a maioría das prospeccións —das que máis nos fiamos, á parte da do IGE e da Airef— dannos unhas cantidades que oscilan entre o 8,6 e o 9,7. Coa contabilidade do terceiro trimestre nosa, dános a cantidade que se aproxima máis ao 8,6, que nos daba a Airef. Pero, sobre todo, é darse conta de que isto é moi cambiante, porque a realidade deste último trimestre, con confinamentos, perímetros, comportamentos de consumo e decisións de investimento moi matizadas, está dando como resultado que estamos lixeiramente peor que o que estabamos no terceiro trimestre en España, e tamén en Galicia.

Pero o que si é verdade, á parte do nivel de riqueza, é que a nós o que nos interesa moi moito —tanto como a vostedes, como mínimo— é o mercado de traballo. Porque, efectivamente, no mercado de traballo é a primeira gran política social. A primeira gran política social non é máis que o incremento da ocupación e ter en conta tamén que cada persoa que traballa o fai por un salario cada vez máis alto e ao mesmo tempo evitando a precariedade, tanto no ámbito público como no ámbito privado; e si que vai haber unha afectación a nivel de emprego durante o primeiro cuadrimestre, sobre todo, quizais, o primeiro semestre, pero nós consideramos que non a vai haber con esa intensidade posteriormente.

Importancia relativa, comparativa, cadro macro... Hai outro tema ao que tamén se acaban de referir aquí, ao tema dos concellos.

No tema dos concellos, na relación Xunta-concellos —que normalmente hai unha subcomisión, que para iso está—, non é tanto a pelexa de se a Xunta recibe, non recibe ou lle pode transferir aos concellos. Os concellos saben —esa foi a última proposta que se lles fixo— que no que vai de aquí ao final do mes de febreiro —como moito no mes de marzo— hai cinco temas, en principio, que van ser postos en común da maneira máis nobre posible. Pola



nosa parte, non vai ser. Estamos falando do servizo do fogar —algunhas das persoas de vostedes o introduciron—, estamos falando do tema das garderías, estamos falando do tema da auga, estamos falando do tema da educación, estamos falando... Se se fixan vostedes, esas son as competencias que temos máis en común uns e outros. ¿Que mellor que mirar as competencias en común para que, unha vez acoutadas, ao que veña detrás, que é o que financia esas competencias, lles poñamos cantidades, nomes e apelidos?

Polo tanto, o carácter incondicionado que no día de hoxe ten o Fondo de Cooperación Local poderá ter un tamaño ou outro, non o prexulgo, pero o que non se pode é estar sempre dicindo: fináncieme, fináncieme, fináncieme, e, no que me das, fago algo, co que, en principio, dunha maneira autónoma eu estaría libre. Creo que é a forma correcta de facer. Ese é un contraste tamén numérico, tamén contable, do que se pode facer cos concellos, e non estar ata o día do xuízo final pola tarde. Estou poñendo un prazo por primeira vez —creo que razoable—, que é febreiro ou marzo. Creo que iso é moi importante.

Outro tema é a débeda da etapa Feijóo, señora Pontón. É raro que non se referira tamén o señor Caballero a ela. Vou tratar tamén dela. Debe ser a décima vez que o falo, pero volverei intentalo unha duodécima, unha décimo terceira, unha décimo cuarta e unha enésima vez; así o farei sempre, ¡sempre!

A débeda, cando chegou o Bipartito —o 01/06/ 2005— era de 3.325 millóns de euros —apunte ben, señor Caballero; se non, déixolle isto, se tal; vostede, que fala pouco de números—. (Risos.) Era a débeda que había o 01/ 06/ 2009. Utilizo esta débeda, señora Pontón, e non a do 31 decembro, porque había un goberno bipartito que estivo ata marzo-abril do ano 2009. Comprenderán vostedes que hai que ter un certo rigor no tratamento que se lles debe dar ás cuestións. Entón, 4.282. Incremento da débeda, 957. A débeda que había o 31/ 12/ 2019 eran 11.315; non eran 14.000. Erros temos todos; quero dicir que se equivocou, que eran 11.315 millóns de euros.

Pero hai unha cousa que me estraña no Bloque, porque si que levamos tempo —boa parte do Grupo Parlamentario Socialista non estaba; entón, non ten por que ...—... É unha cousa que se chaman as liquidacións negativas. Eran os anos 2008 e 2009, que temos que pagar entre todos, e ¡home!, que se me diga que iso é débeda da etapa Feijóo, é que é para caer da árbore.

Resulta que a 31 de decembro do ano pasado levabamos 1.241 millóns de euros da etapa bipartita imputados na etapa Feijóo, e aínda nos quedan por pagar, ata o dous mil trinta e algo, 933 millóns de euros. Se así o facemos, xunto cunha cantidade —que tamén ás veces é bo saber contabilidade—, como é o anticipo do ano 2007, que se liquidou minorando entregas á conta dese ano da Comunidade Autónoma no ano 2009, por 223 millóns de euros...

En conclusión, o Bipartito, na súa etapa incrementou a débeda en 2.421 —xa non estou contando os 933 que aínda nos faltan da liquidación 8.9—; en catro anos, bonanza económica, actuación anticíclica, ¿verdade, señor Caballero?, vostede, que pide, despois, determinada orientación de política económica. E na etapa Feijóo, 5.568, nunha crise financeira de nivel mundial máximo. En tamaño, aínda está por determinar o actual, o da pandemia, que creo



que vai ser bastante peor. Iso en dez anos e medio, e, sen embargo, temos que estar escoitando aquí determinados clásicos.

Respecto do Fondo React-EU, señora Pontón, é que eu non mo podía crer, tíveno que ler varias veces. Somos das poucas comunidades autónomas que presupostamos o Fondo React-EU dunha maneira prudente, porque son fondos que hai que executar entre o 2021 e o 2023. Seguen unha lóxica de programación, moi similar ao que é o Feder e ao que é o FSE no nivel europeo. Así o facemos en cinco liñas de actuación. E, prudentemente —porque xa miramos vir o comportamento do Estado—, na primeira anualidade, 8.000 millóns —dos 10.000 que, en principio, están asignados ás comunidades autónomas—, o que facemos é calcular o 5,3 %, e non o 5,7 % que nos tocaría por poboación directa. É unha simple precaución. Tamén lles digo que non é tanto acertar na cantidade como a lóxica de programación, a lóxica de planificación, señor Caballero —xa mira que si, que temos certas lóxicas de programación e de planificación—.

Polo tanto, si que me estraña que un motivo deste tipo sexa un dos 15 ou 16 que lle fun poñendo, señora Pontón, dos que foi enunciando. ¡É que, vamos, xa me despisto! ¡Que 430 sobre 8.000 —que é o 5,3 % paréceme recordar— pareza pouco —o noso tamaño— e que o 5,7 % sexa un dos grandes casos para devolver este orzamento, é que, vamos! Non ten ningún sentido nin lóxica ás veces o que hai que oír.

Capacidade fiscal. Estráñame moito que dende os dous partidos lle chamen capacidade fiscal. ¿E por que non corremos o velo? ¿Por que non lle falamos sinceramente á xente? ¿Por que poñen por diante o imposto de patrimonio, cando temos a mesma tarifa que o Goberno bipartito tiña, que é a mesma que no día de hoxe ten por defecto o Estado? ¿Que se nos critica?, ¿ter a mesma ca vostedes?

Cando falan vostedes de capacidade fiscal —corramos ese velo, como dicimos—, estamos falando de suba de impostos; de suba de impostos é do que están falando vostedes. ¿Por que non o din dunha maneira clara? Xa falaremos hoxe pola tarde tamén dalgunhas cuestións respecto diso —tamén bastante clásicas a maioría delas, aínda que hai algunhas cousas novas—. Todos nos repetimos, señora Pontón, ¡todos nos repetimos!

E, antes de entrar no gordo, como xa me referín varias veces aos principais ítems que, ao meu entender, estaban contidos xa negro sobre branco, cando fan a emenda á totalidade a estes orzamentos, quero dicir que hai outra das cuestións que si que é moi querida por quen acaba de chegar... (*O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, busca os seus lentes.*) —debín deixar as gafas por alí; como xa vou maior, pouco podo ler—. (*Risos.*) Señor Caballero, antes de entrar, chamounos contable. ¡Moi honrados, eh! Se serve para non equivocarse moito, para utilizar con precisión e con certo rigor, dígolle que moi honrados. O que si lle vou dicir é que, despois da súa exposición, vostede si que parece o enlace sindical do Goberno central aquí en Galicia, o subdelegado dous —porque hai un delegado un; eu xa lle digo o subdelegado dous na Coruña—. Espero que se leve un pouco mellor que as súas compañeiras do outro lado do partido na cidade da Coruña. Pero, bueno, iso, nas casas, sempre suele pasar; sempre se discute máis con quen temos máis relación. ¡Non pasa nada!



Hai varias cousas —tamén o dixen en comisión— que me gustaría dicir. É que un se vai facendo maior e nunca esperaría mirar certas cousas; son cousas que nunca esperaría mirar na miña vida. Por suposto, que non son tan intelixente como para pensar nesta situación traumática de pandemia, sanitaria, social e económica na que vivimos, pero o que nunca se me ocorrería pensar é que este goberno, pretendidamente tan progresista que ten vostede no nivel central, sexa quen de repartir estes fondos extraordinarios polo nivel de riqueza que ten cada comunidade autónoma. ¡É que este é o mundo ao revés, señor Caballero! E que, encima, veña aquí gabarse de que o 1,1 % do PIB tomado como referencia para que o Goberno central transferise estes recursos que en principio son seus —agora me explicarei— ... Resulta que lle dá a Galicia o 1,1 %, que é máis pobre que Madrid, que é máis pobre que Cataluña e que é máis pobre do que está dicindo. ¡Isto é un trampantojo! Por certo, a diferenza que habería de simplemente aplicar a poboación a ese criterio que lle acabo de dicir xa daría para os 100 millóns de euros practicamente —para un pouco menos que os 100 millóns que vostede era capaz de cambiar ao final do seu discurso, porque foi un discurso, claro; argumentación, *poquita*, eh!—. (Risos.)

¡É increíble! E, ademais, non se equivoque, este é un dobre trampantojo. En primeiro lugar, están repartindo os créditos polo nivel de riqueza, en principio, asignada a cada comunidade autónoma, e, en segundo lugar —que ninguén se equivoque—, a orixe destes fondos a nivel central é débeda, e na débeda si que os cidadáns somos iguais. Na débeda todos somos iguais. Polo tanto, isto vai ser pagado coa alícuota de cada cidadán galego e, ao mesmo tempo, imos recibir en función do nivel de riqueza. ¡Un trampantojo!

E nos fondos europeos que consideramos —¡xa nos veremos, eh!— soamente estamos tendo en conta o React-EU, non falamos de ningún outro tipo ligado ao Next Generation, nin dos que poidan vir por conferencia sectorial, que os haberá, porque, se hai algo que ten moi claro calquera comunidade autónoma, é que o Goberno central non sabe xestionar. Entón, necesita das comunidades autónomas. É que, se por eles fose, por ese xacobinismo do que fan tanta gala, tanto os de Unidas como os de Podemos como os do PSOE actual—, non teríamos tanta bola, como se comprobou na primeira etapa —por desgraza— da na compra centralizada na xestión sanitaria. Non saben xestionar. Somos as comunidades autónomas as que o facemos. Aínda que só sexa por iso, si que recibiremos algo vía conferencia sectorial.

Hai outro clásico, e é que vostede sempre se equivoca; creo que se equivoca de parlamento. Entre tantos anos que estivo fóra e os que leva bastante caladiño creo que iso o leva a cometer erros. Mire, se hai un goberno que dende o ano 2009 aforrou en materia de altos cargos, en materia de persoal eventual, é este que lle fala. Desde o ano 2009 ata o ano 2021 levamos 44,5 millóns de euros aforrados en termos nominais en materia de altos cargos e, en materia de persoal eventual, 25,4 millóns de euros. Temos nestes momentos un tamaño do 5,9 fronte ao 7,3 que tiña o Goberno bipartito, ¡e aínda o que hai que oír!

Hai outras cuestións, como di vostede, como a publicidade e a propaganda. En publicidade e propaganda levamos 12,9 millóns de euros menos nesta etapa, e aínda hai que oír os chascarrillos. Pois a ver se alguén se equivoca e lle queda algo... Non se compadece coa realidade. ¡Mire como a contabilidade si que fai falta ás veces!



Hai outro clásico ao que se referiu aquí tamén varias veces, que é o dos concertos sanitarios; por exemplo, o concerto sanitario de «privatización da sanidade». Resulta que excluíron o servizo de ambulancias —e non permitirá, ¿verdade?, que suceda o que sucedeu coas ambulancias, sinaladamente o ano pasado, cunha translación para este—, e levamos 146,9 millóns de euros menos en concertos. Pois ano a ano hai que oír o da privatización da sanidade. Non se compadece coa realidade. No día de hoxe, no orzamento do 2021, 186,9 millóns de euros; o Bipartito, 197,9. Ata onde eu sei contar, 197,9 é máis grande, doce anos despois, que 186,9, e seguimos polo mesmo camiño.

Hai outra cousa que si que me estraña de novo —e é a terceira ou cuarta vez que llo digo—, e é o erro metodolóxico que unha vez máis inclúe, e, cando xa van tantos anos, señora Pontón, téñolle que dicir que xa empezo a desconfiar de que é a propósito, que é o tema de atención primaria.

En atención primaria, apunte un só dato: receitas de atención primaria, ano 2009, 883,4 millóns de euros. Por certo, o gasto foi brutalmente máis alto, o mesmo que no ano 2008 fora brutalmente máis alto. Ano 2021, 749,6 millóns de euros. Por certo, o gasto e o crédito coinciden practicamente.

Nesta etapa, señora Pontón, o aforro que se produciu nas receitas médicas foi de 1.626,2 millóns de euros. E seguen falando de 2.000 millóns de euros de recorte en atención primaria. Non cadra nin con calzador. Outra cuestión da que todas vostedes suelen falar.

Polo que se refire á atención primaria —e a outra cousa non me dediquei na miña vida, coa miña xente, que foi aos recursos humanos do Sergas—, cando analizas a plantilla que había no Sergas no ano 2009 —tampouco hai que ser un lince— en atención primaria e a que hai hoxe, vese que é maior a que hai nestes momentos que a que había daquela, tendo en conta que hai determinado persoal, sobre todo de servizos —que se chaman agora; daquela non se chamaban de servizos, senón «non sanitario»— que está noutras cuestións. Cando vou ao persoal facultativo e cando vou ao persoal sanitario non facultativo, resulta que non se compadece, non sei onde está o recorte, e aquí, erre que erre. Para mostra, un botón: ano 2021, Plan galego de atención primaria, incremento en prazas, 161, das cales 49 son para facultativos e 103 para persoal sanitario. Pero, ¿aínda teño que pedir perdón por iso?

Por certo, e xa aproveito, porque seica se fixo unha referencia aquí ao Plan de saúde mental, que din que imos tardar non sei cantos anos en terminalo. ¡É que de novo xogamos coas cantidades! Plan de saúde mental, incremento en prazas para o ano 2021: 120, das cales 63 é persoal facultativo, 43 persoal sanitario e 14 persoal de servizos. ¡120 prazas! E seguimos poñéndolle que apareza unha rúbrica no presuposto que pon, ligado á covid, un millón coma algo, e facemos o chascarrillo dos 80. ¿Pero sabe contar de verdade a súa xente? ¿Sabemos contar de verdade?

Outro clásico, señor Caballero, é o mercado laboral. Pero, ¿por que xogamos coas cuestións? ¿Por que xogamos...? Aquí si que valen as taxas de referencia. Despois haberá que buscarlle as causas, e quizais teña razón en que o que temos na comunidade autónoma, como noutras moitas, é un problema demográfico. Segundo trimestre do ano 2009, como lle dicía ante-



riormente: ocupados, 1.000.152,9; activos, 1.000.319,6; taxa de ocupación, o 87,6; taxa de actividade, o 16,64 —menos mal que estamos nun país no que non se traballa nin por debaixo dos 16 nin normalmente por encima de 64—, 72,05. Terceiro trimestre do ano 2020 —último dato coñecido—, 1.082,6. Efectivamente, hai menos ocupados, pero resulta que temos unha taxa de ocupación que é do 88,2, maior —ata onde eu sei— que a bonanza económica de 87,4 que había no seu momento. E, sen embargo, estamos falando de se tal e cal. Pero, ¿vostede non sabe que, se non, coa taxa de tal...? A taxa de paro, exactamente, era do 12,63, e agora, en pandemia, do 11,8. ¿Aínda hai que dar explicacións cuantitativas disto? Non, o que hai é que seguir loitando para estar por debaixo do 10 %, que é imposible nestes momentos polo tema da pandemia. Pero creo que non hai que olvidarse de cal é a base que había no seu momento e de cal é a base de activos que hai tamén no seu momento. E a taxa, por certo, de actividades resulta que está no 72,64. Pero, ¿onde está? É que, de novo, cando lles digo que aquí ao que se vén é traballar, hai outra mensaxe falaz tanto do BNG como do PSOE, porque resulta que os datos oficiais publicados —é bo de vez en cando ir aos datos oficiais— nos din —Instituto Nacional de Estatística, ano 2009 e 2018, ganancia media anual por traballador— que Galicia é a comunidade autónoma onde máis se incrementou a media anual por traballador. Pido desculpas por ser a que máis.

Pero é que, ademais, se temos en conta que a media ás veces está distorsionada —e utilizo a mediana como mellor representación; e tampouco hai que saber moito de estatística descriptiva—, resulta que non somos a primeira, que somos a segunda. Pido perdón por ser a segunda de 19 —que tamén está Ceuta e Melilla—. Pido perdón; somos a segunda, detrás de Baleares. Non me alegrarei cando saian os datos, dentro de dous anos, deste ano 2020 e Baleares saía bastante mal. Prométoille honradamente a calquera que non me alegra que a xente quede por detrás, ¡eh!

Aquí fálase moito da industria, da industria, da industria e da industria, e resulta que o crecemento dende 2009 na industria foi do 19,6 %, sendo de novo a segunda comunidade autónoma que máis medrou durante toda esta etapa. Tamén pido perdón, tamén pido perdón, tamén pido perdón...

Creo que pouco a pouco xa vou chegando un pouco a onde quería, tamén en materia de I+D+i. Nunca houbo mellores resultados nesta comunidade autónoma, e nunca teremos que facer tanto para seguir medrando nunha materia que era esencial ata a etapa precovid, que é esencial nesta etapa e que será esencial no futuro. Totalmente de acordo, pero ¿por que non poñemos en relación o moito que se fai? ¿Por que non se di que no ano 2009 os créditos que se asinaban por ese goberno tan progresista que tiñamos en Galicia eran de 141,9 millóns de euros e que nestes momentos estamos falando de máis de 221 millóns de euros, sen contar os activos financeiros, onde tamén temos agora máis que antes?

Resulta que estamos falando dun incremento do 55,8 %. Pois pido perdón. Cando vou ver as persoas, ese talento que non podemos perder, resulta que na estatística INE, no sector do I+D+i, o gasto que tiñamos no ano 2009 estaba no 3,6 %, e agora está no 4 %. Medra; pouco, pero medra. Nos traballadores, resulta que tiñamos 9.972, e agora temos 11.085, no global. Pido perdón tamén por ter máis, por ser tamén a que máis medrou. No persoal investigador, dese persoal que lles dicía, 6.079 eran investigadores, e no día de hoxe hai 6.724. ¿Onde está



o recorte? ¿Pódome sentir contento, como nalgũa das afirmacións que se foron dicindo por aquí ao respecto? De ningún modo, pero o que nos están dicindo é que coa política que estamos facendo, sinaladamente, por certo, en materia de I+D+i, se acaba de comprobar por segundo ou terceiro ano que onde si que está medrando dunha maneira ordenada é no ámbito civil, porque, por moito que fagamos dende o ámbito privado por comparación co que sucede nos países máis desenvoltos de Europa e do mundo, necesitamos como auga de borrajas que se trasladen estas políticas de innovación ao sector civil. Curiosamente, o sector civil é o que está medrando máis dende o ano 2018 e 2019.

Polo tanto, pouco a pouco xa lles fun dicindo, e creo que hai que asentar. Non me gustan este tipo de debates, porque, de verdade, xa levamos moito tempo uns contra outros, e creo que hai máis base, de verdade, para acordar. Non soamente son os 115 do Fondo Consenso.

Ser «o partido da xente», dicía o señor Caballero; «a xente» dicía a señora Pontón. Cando se chama a xente a votar, como corpo electoral, e xa que un é o partido da xente e o outro o da xente é, non sei como sempre o Partido Popular queda por diante á hora de facer así. (*O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, fai un xesto coa man que semella o acto da votación.*) ¿Están tildando de menos intelixente a xente que vota o Partido Popular? Porque é algo que, verdadeiramente, non entendo; como non entendo esa pretendida defensa progresista e case estatalista dos servizos públicos, cando din que tanto no servizo de axuda no fogar como nas residencias, como no novo modelo, na privatización... Pero, a ver, respecto do servizo de axuda no fogar, ou das garderías municipais, ¿coñecen vostedes algún concello onde mande o Bloque ou onde mande o PSdeG, ou onde manden en comanda, onde que non estean externalizados este tipo de servizos, curiosamente coas mesmas empresas coas que nós tamén temos os nosos convenios e contratos? Xa está ben de dar clases, por favor, ¡xa está ben de dar clases!

E, por suposto, na cuestión fiscal hai un abismo entre vostedes e nós, pero creo que en algo se equivocarán se non se teñen en conta esas 568.000 persoas que se beneficiaron, porque dentro de pouco xa non serán 568.000, o ano que vén aproxímanse moi moito ás 700.000 persoas, e as persoas o que non suelen ser tan facilmente —como dicía hai un momento— é olvidadizas. Teñen un problema e van ter un problema electoral. Na actualidade xa van catro veces, e haberá unha quinta, haberá unha quinta, porque dentro de moi pouco estaremos en 900.000, e son 900.000 persoas as que fan así (*O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, fai un xesto coa man que semella o acto da votación.*) ou así (*O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, fai o mesmo xesto coas dúas mans.*). Teñen un problema desde o punto de vista político e teñen un problema desde o punto de vista do nivel da formulación, porque, volvo repetir: cando vostedes falan de capacidade fiscal, do que están falando verdadeiramente é de «sablazo fiscal», de incremento impositivo, e iso non se compadece coa realidade.

Xa vou rematando.

Si que é bo, señora Pontón e señor Caballero, falar do que son os orzamentos do Estado, mírese como se mire, nunha formulación ou noutra formulación. Cando os orzamentos do Estado —tamén con carácter extraordinario, señor Gonzalo Caballero, que non cae *el maná del*



cielo— son os máis altos da historia deste país, nós baixamos —o menor en quince anos—. Doulles as grazas, jeh!, doulles as grazas.

E, despois, ¡que se tilden de determinados niveis de incoherencia con todos...! Non me referirei a algunhas das cuestións, señora Pontón, ás tomaduras de pelo que tamén teñen que ver, non tanto cos orzamentos, que é a cuestión fundamental, pero si con cuestións que para este que lles fala son moi importantes, como cando se fala das taxas de reposición e de novo hai quen pasa *de rositas*, pero despois son os que están contra os recortes nos servizos públicos e en defensa dos empregados públicos e da non temporalidade. Paréceme un escándalo o que está pasando sobre esa cuestión, e creo que non é de recibo que nin uns nin outros fagan referencia a ese tipo de cuestións.

E, sen máis, procurarei ser un pouco máis propositivo na segunda intervención, pero non podía permitirme o luxo de calar a boca sobre temas dos que tantas veces temos falado e que en ningún modo se corresponden co que sucede se nos deixamos de palabrería e se facemos un pouco máis de métrica, aínda que se denomine contabilidade.

Moitas grazas, e ata dentro dun momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda do grupo parlamentario non emendante.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías, á parte de felicitar o conselleiro por traernos uns orzamentos que nós, loxicamente, imos apoiar, tamén quería facelo porque as casualidades da vida fixeron que este debate teña lugar precisamente no 40º aniversario do referéndum do Estatuto de autonomía para Galicia, que se celebrou, como saben, o 21 de decembro do ano 1980, en medio dunha alta abstención. Pero, afortunadamente, tras corenta anos nos que esta comunidade aprobou sempre os seus orzamentos, conseguiuase consolidar entre nós o Estado autonómico, consolidar a democracia e, ademais, permitir un salto adiante en benestar como nunca tivera o noso país na nosa historia contemporánea, neste caso da man da autonomía.

O mellor dato que pode resumir isto e que creo que desfai todos os argumentos catastrofistas e pesimistas que escoitamos esta mañá é a evolución do produto interior bruto per cápita. Simplemente por referirnos aos dez últimos anos, direi que nos anos 2009 a 2019 creceu un 17,4 %, e a media de España creceu o 14,6 %; é dicir, son case tres puntos de converxencia. De feito, somos a segunda comunidade autónoma que máis converxeu de toda España, chegando ao noso máximo histórico en PIB per cápita en relación coa media estatal, a máis do 90, ao 90,3 no 2019. Nos datos que se acaban de facer públicos somos a décima comunidade autónoma; no 2008 eramos a número 12; e, ademais, cando empezou a autonomía, eramos a antepenúltima de todas.



Aproveito este dato optimista, que nos dá confianza na autonomía, no autogoberno, nos orzamentos e na capacidade de organizar os nosos recursos, para darlle a benvinda a este debate ao señor Caballero. É o primeiro debate no que participa despois de que o ano pasado renunciara. Aínda que posiblemente sexa por esa inexperiencia, centrouse en xustificar os inexplicables abandonos que os orzamentos do Estado teñen con Galicia, cando caen o 11 % os investimentos en Galicia e crecen o 50 %, noutras comunidades que xa teñen AVE desde hai moito tempo, e dise que aquí diminúen polo AVE, cando, entón, están deixando en evidencia que o Partido Popular deixou nos orzamentos que estaban vixentes —que eran os do Partido Popular— todo o financiamento do AVE. E, ademais, esquecen, sen ir máis lonxe, os 200 millóns do IVE que esta Cámara reclamou —creo recordar que incluso co apoio socialista—, ou os 170, polo cumprimento das regras de estabilidade financeira, que seguen pendentes e que non se incorporan a estes orzamentos.

Chegamos aquí cun percorrido longo, cheo de problemas, como os houbo no seu día para a aprobación do propio Estatuto de autonomía de Galicia á altura dos que xa estaban aprobados —o do País Vasco e o de Cataluña—, pero o certo é que o país sempre o superou con éxito. Hoxe, que estamos diante dunha pandemia que trae unha crise económica e social, posiblemente esteamos ante o peor momento da autonomía, ante os presupostos máis difíciles, porque non só nos teñen que permitir superar a emerxencia sanitaria, tamén nos teñen que permitir a recuperación económica e preparar Galicia para a sociedade poscovid, resolvendo aqueles problemas que xa eramos todos conscientes de que tiñamos como sociedade, a curto non, senón a medio e longo prazo, como os problemas demográficos, a transición ecolóxica, a transición dixital, os servizos públicos, así como dar capacidade á demanda das necesidades dunha cidadanía que, loxicamente, cada vez é máis exixente.

Os orzamentos da Xunta para o ano que vén son, en primeiro lugar e sobre todo, un instrumento de certeza. É bo ter orzamentos. Eu vou aforrarlle á Cámara os argumentos que escoitamos, cando se debatían outros orzamentos, de que mesmo antes de coñecer o contido dos orzamentos se lle pedía á oposición que os apoiara porque a situación excepcional da crise exixía que houbo un amplo apoio aos orzamentos. Ou mesmo escoitamos —neste caso en alusións non tanto ao noso grupo, senón a outros grupos desta Cámara— que eran antipatriotas os que non apoiaban os orzamentos.

É bo que haxa orzamentos, e o que é bo é que, ademais, os orzamentos sexan bos. E a partir de aí estamos, certamente, abertos a discrepancias democráticas propias deste debate, e ademais agradecemos que na medida do posible sexa factible o diálogo. Nós, evidentemente, aceptaremos aquelas emendas que sexan viables. Esta tarde veremos que algunhas das que se presentaron son inviables, porque previamente habería que reformar a normativa estatal, ou veremos, por exemplo, se son positivas. Certamente, nós iniciamos un proceso de diálogo.

Agora ben, o diálogo facilítase cando a crítica é un pouco coherente. A min chamoume a atención que se nos acuse de ter mudado, de facer unha emenda á totalidade aos nosos orzamentos dos anos anteriores cos orzamentos deste ano e que por fin cheguemos á biblia progresista, pero, ao mesmo tempo, preséntaselles a estes presupostos —que, polo visto, mudan radicalmente a política anterior— unha emenda á totalidade. Eu persoalmente non



podo entender un argumento de crítica, porque agora corriximos, pero, ao mesmo tempo, á corrección tamén se lle presenta unha emenda á totalidade.

Se analizamos os orzamentos, nós cremos que son axeitados á situación, ao consenso académico, ao consenso internacional e tamén ao consenso da Unión Europea. Primeiro, hai que financiar a emerxencia, hai que facer transferencias directas a traballadores e empresas viables e hai que ter unha política fiscal baseada en dous aspectos. O primeiro é que os ingresos teñen que ser tamén un estímulo fiscal á cidadanía. Polo tanto, e como estamos a comprobar en toda Europa, ninguén sobe impostos en medio desta crise, porque é, xustamente, anticíclico e antikeynesiano subir impostos neste momento na crise. Hai que deixar traballar os estabilizadores fiscais, que, por certo, son os propios da imposición progresiva e que están actuando e seguirán a actuar. Por suposto, nos gastos, hai que reforzar os servizos públicos, fundamentalmente os sanitarios, certamente, cun contínuum, de empezar cos proxectos que estaban en marcha e que pararon como consecuencia da pandemia, de acelerar os que xa estaban en carteira, así como de planificar novos proxectos. E hai que facer todo iso con transparencia. En fin, eu non vou dicir que aquí fixemos as cousas, toda esta temporada de pandemia, con absoluta transparencia, como a publicación de todos os contratos na web —cousa que non todas as administracións fixeron—, e tamén se fixo con transparencia a repartición dos fondos. Sería bo que, antes de acusar a alguén de que non presenta fondos a un concurso, se soubese cales son as bases dese concurso, para saber exactamente como concorrer a el para ter capacidade de obter os máximos recursos posibles.

Por suposto, estamos tamén nun consenso no que mesmo o presidente Sánchez dixo que había que saír da crise en colaboración coa empresa privada. Ben, eu non sei se esta é unha emenda a todo o que levan vostedes dicindo de que é imposible facer unha colaboración público-privada, pero o certo é que isto non o oín de ningún dos portavoces da oposición. Porque todo isto que estamos a facer en Galicia e tamén en España é posible grazas á Unión Europea; unha Unión Europea que está a financiar o gasto que precisa a economía española, que era máis feble que outras. Estamos a chamarlle «Plan Marshall». A min non me importa chamarlle Plan Marshall, pero si me gustaría recordar que o Plan Marshall supuxo a maior transformación dunha economía dirixida, como era a economía da vella Alemaña nacional socialista, por unha economía social e de mercado, que foi o que financiou o Plan Marshall. Polo tanto, ao igual que entón, posiblemente veñan non con condicionamentos económicos, pero certamente con necesidade de reformas, ou de impedir contrarreformas, como algunhas que se están a anunciar.

Porque nós, efectivamente, temos máis capacidade de gasto; son os orzamentos máis altos da historia en termos homoxéneos. E son posibles por varios motivos: primeiro, polas transferencias que fai Europa e que chegan a Galicia a través do Estado, porque os xuros da débeda se reduciron grazas tamén á política monetaria da Unión Europea. Se analizamos o contido da débeda —xa adiantou algo o conselleiro—, podemos ver como os recursos que nos dan pola recadación do sistema Lofca diminúen un 1,6, o mesmo que ocorre co Fondo de Cooperación Local, do que non se di que diminúe porque diminúe a participación nos ingresos tributarios, mentres que sobe o conxunto das transferencias. De feito, compénsanse máis que sobradamente á baixa automática na participación nos ingresos tributarios da Xunta coas transferencias correntes que a Xunta fai aos concellos.



E débeda, 685 millóns de euros, tamén grazas a que Europa relaxa os obxectivos de déficit e a que na repartición interna a Galicia lle toca un 1,1 % do PIB. Como xa dixo o conselleiro exactamente que consecuencias ten iso, calculando os PIB, evidentemente, favorécese a quen ten un PIB máis grande, pero o que non se está a dicir —e a min chamoume moito a atención que ninguén dixera, especialmente algúns portavoces da oposición— é que nos dan o 1,1 % do endebedamento. Porque quero recordar os debates que tiñamos nesta Cámara —por exemplo, no 2012— cando o Goberno de Mariano Rajoy deixaba as comunidades autónomas endebedarse o 1,5 %. Daquela dicíase que era un déficit asimétrico, que se endebedaba o Estado e que non nos deixaban endebedarnos a nós. Todo iso tivémolo que aguantar. Ben, pois nós imos polo libro, asumimos as entregas á conta e estamos preocupados, por suposto, polas liquidacións negativas que poidan xurdir disto. Nós asumimos toda a capacidade de endebedamento que nos deixa o actual Goberno chamado progresista. E, por suposto, tamén poñemos en marcha toda a capacidade de investimento que nos dá unha boa política orzamentaria, que permite un aforro corrente de case 1.000 millóns —de 950—, aínda que estamos tamén cumprindo o incremento dos salarios públicos acordado polo Estado do 0,9 e todos os pactos que acordamos coas forzas sindicais. Polo tanto, estamos facendo algo que —insisto— é o resultado da actuación conxunta e consensuada das institucións internacionais europeas, que, con certos matices, chega a través do Goberno de España á comunidade autónoma.

Certamente, aquí dixéronse algunhas cuestións sobre a política fiscal —o conselleiro xa deu resposta—. O certo é que nós estamos a actuar como están a actuar todos os países de Europa, que é con baixadas na imposición que afecta as persoas que teñen menor renda; mantendo unha baixada que foi nesta liña do imposto sobre a renda das persoas físicas; mantendo tamén a capacidade de capitalización das familias con menos recursos a través dun imposto de sucesións —que agora ameaza, por certo, un proxecto de lei que está en tramitación, e debateremos nesta Cámara unha proposta do Partido Popular para evitalo, porque se está a cargar os pactos sucesorios propios do dereito civil de Galicia—; e, por suposto, mantendo un instrumento de equidade que non existe practicamente en ningún país de Europa e que, como dixo o conselleiro, está á altura do que o propio Estado ten marcado como carácter xeral, que é o imposto do patrimonio.

Polo tanto, cremos que estamos cunha política fiscal que se axusta ao consenso xeral, porque é un consenso xeral que, ademais, ten un fundamento teórico e académico moi sólido, xa que é o que corresponde facer neste momento; e tamén na liña do gasto. O gasto está centrado na pandemia: 8.540 millóns de euros son exclusivamente para sanidade, política social, educación, emprego e igualdade, que teñen todas elas subas importantes no orzamento. Ademais, créase un fondo covid de 500 millóns, unha reserva estratéxica doutros 33 millóns de euros, foméntase a reactivación cun 12 % de formación bruta de capital, os capítulos VI, VII e VIII suman máis de 2.500 millóns de euros...; é dicir, sobe o 53 % o investimento. Ademais, tamén se reservan cartos para a transformación dixital e para os servizos públicos e a transformación verde, cos 430 millóns do Fondo React. E, adicionalmente, temos o Fondo de consenso, que esperamos utilizar para cumprir todos estes obxectivos.

O gasto é eminentemente redistributivo. A señora Pontón dixo que nós sempre anunciamos que melloramos o gasto social; pero é que, é verdade. Eu busquei unha referencia rápida.



Este ano, como acabo de dicir, o gasto social representa 8.540 millóns de euros —só o gasto social dos orzamentos— e no ano 2014 o total dos orzamentos era de 8.390 millóns de euros; é dicir, só o gasto social este ano supera con creces o total do gasto non financeiro do ano 2014; certamente, porque hai novos instrumentos e novas posibilidades, xa que, efectivamente, estamos diante dunha situación excepcional.

E podemos facelo porque somos fortes. Estamos a ver como os países que fixeron os deberes no pasado —eses que vostedes agora critican— teñen moita máis capacidade de reacción fronte á crise, mentres que aqueles que non o axustaron —por exemplo, España, no ano 2019—, de acordo coa senda de déficit pactada con Europa, teñen moita menos capacidade de reacción. Só hai que ver o que están gastando os países de Europa na reactivación económica e o que pode gastar España. Pero o último exemplo témolo coas axudas á hostalería. En Alemaña vaise pagar o 75 % da facturación do ano pasado aos locais de hostalería; en Galicia hai axudas directas por 87 millóns de euros —17 exclusivas para a hostalería e o resto acumulables na súa condición ou ben de autónomos ou ben de pequenas empresas—; e España, ¿que decide? Decide que, en vez de poñer cartos, llelos saca aos tenedores, aos grandes tenedores de locais, impondo unha redución dos alugueiros. É unha diferenza importante que demostra que iso que vostedes din que é unha emenda ao pasado é ao contrario; o que demostra é que era útil a política pasada e que se toda España fixera como fixo Galicia o propio país tería moita máis capacidade de resposta para apoiar os sectores que agora o están pasando mal.

Vostedes critican uns orzamentos que invisten en Galicia tres veces máis que os do Estado en termos totais, que soben o 53 %, cando os do Estado baixan un 11 %. Vostedes critican uns orzamentos porque son pouco ambiciosos, cando crecen 1.500 millóns, e o ano pasado vostedes presentaban emendas de crecemento de 225 e 227 millóns; é dicir, que multiplican por sete o gasto que vostedes pretendían engadir o ano pasado. Certamente, poden compararse con calquera das administracións que vostedes gobernan aos efectos de ver que o crecemento é excepcional.

E esta excepcionalidade contrasta moito coa normalidade democrática deste trámite parlamentario. Acurtouse o tempo de tramitación nese medio, cando o normal é tres meses, pero non se reduciron os trámites parlamentarios, cousa que non todas as administracións poden dicir, e aí está o exemplo da tramitación dos orzamentos do Estado no Congreso. En segundo lugar, teñen previsións realistas —e así o ten dito a Airef—, algo que tamén nos diferencia doutras tramitacións orzamentarias. En terceiro lugar, está sendo un debate —e isto para min é importante— que ten a característica de que é estritamente orzamentario. Aquí non hai emendas que se aproban porque se chega a pactos que non teñen nada que ver cos orzamentos, de cesión de bens ou de cambio de normas futuras, etc. Estes orzamentos estanse tramitando con absoluta normalidade, debatendo emendas e negociando, e non cunha especie de *logrolling* —como se lle chamaba a isto tradicionalmente nos Estados Unidos— de eu te apoio ou o que a min me interesa para que me apoies é o que a min me interesa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...sen ter en conta cal é o interese xeral.



E, finalmente, en cuarto lugar, son un exemplo de normalidade institucional; a normalidade institucional que o Partido Popular sempre apoiou: a unha Unión Monetaria Europea que está facendo política monetaria, a unha Unión Europea que tamén está facendo política fiscal —e que, polo tanto, por ser monetaria ao mesmo tempo que fiscal non é estritamente keynesina, senón neoclásico-keynesiana— e que reflicte un amplo consenso económico —que lamentamos que o PSOE en Galicia non comparta— e tamén político-institucional, que o Bloque nunca compartiu e que esperemos que algún día comparta.

Nós apoiaremos este proxecto. Díxose que aquí había un contable, que isto eran contas, pero non un proxecto de país. Nós apoiamos unhas boas contas porque son a mellor forma de construír un bo país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Despois de escoitar o Partido Popular hoxe falando nesta Cámara parlamentaria, xa sabemos que agora todos pretendemos ser keynesianos, que agora todos poñemos a chaqueta de entender que uns orzamentos que incrementan o gasto, que tentan protexer as persoas e que permiten fortalecer os servizos públicos son o instrumento válido para saír da crise de maior envergadura na que cae o PIB por riba do 9 % na economía galega, cando en anteriores crises chegabamos á caída do 4 % e xa nos alarmaba tanto e tantos efectos tiña. Todos agora pretendemos ser keynesianos, e o Partido Popular rectifica todo o seu discurso orzamentario de política económica durante once anos. Hoxe o señor Feijóo —que non sei se non está aquí porque ten que estar cumprindo algunha norma de seguridade ou porque non lle interesa o debate orzamentario— debería estar rectificando e pedindo desculpas porque as súas políticas económicas foron na dirección contraria durante once anos. *(Aplausos.)*

Eu, señor Puy, coincido con vostede en que é bo que haxa orzamentos, pero estes non son bos orzamentos. Coincido en que é necesario que exista un proxecto de país, pero vostedes carecen de proxecto de país. Vostedes hoxe corrixen as súas políticas previas porque van gastar máis, pero non saben como priorizar o gasto, como comprometerse co ingreso e como aproveitar a oportunidade histórica deses gastos para facer unha Galicia mellor. Estes orzamentos van desaproveitar unha oportunidade. Desaproveitan unha oportunidade histórica para reactivar a economía ante a maior crise económica, social e sanitaria. Reciben máis de 1.100 millóns de euros a maiores, extraordinarios, do Estado. E vostedes terían que estar aquí hoxe recoñecendo que o novo paradigma de política económica impulsado polos progresistas, polos socialdemócratas en Europa e en España, é o que permite a estes orzamentos



ter máis gasolina. O problema é que quen leva o temón do barco non ten folla de ruta, non sabe onde ir, non sabe conducir o barco por moito gasóleo que lle metamos.

E é por iso que nun exercicio de responsabilidade lle pedimos que rectificasen, que rectificasen, señor conselleiro, na falla de vontade para o acordo. Vostede non se puxo en contacto con ningún grupo parlamentario desta cámara para poder establecer as bases de como reconstruír a economía ante a crise máis profunda. Claro que no diálogo sempre estaremos dispostos para buscar esa construción dunha Galicia mellor e de poder salvar as persoas, de poder salvar os autónomos, de poder salvar os traballadores, de poder salvar tanta xente que o está pasando mal e aos que vostedes non lles teñen unha resposta.

E, por iso, claro que temos compromiso coa capacidade fiscal, porque vostedes non cren nos servizos públicos, porque vostedes non cren no Estado do benestar, porque vostedes teñen un paradigma de recortes neoliberal que aínda segue subxacente nos seus discursos. Por iso non lle gusta que falemos de capacidade fiscal, e nós si falamos de capacidade fiscal. Porque para conseguir fortalecer o gasto, para fortalecer o Estado do benestar, son necesarias políticas progresistas que impulsen a recadación con carácter progresivo, para que aqueles que teñen patrimonios millonarios, que teñen rendas que están moi riba do nivel da media ou da mediana en Galicia, poidan contribuír un pouco máis. O que pasa é que vostedes non teñen ese compromiso, (*Aplausos.*) porque vostedes prefiren quitarlles o imposto de patrimonio a millonarios en Galicia antes que ter máis fondos para poder financiar o servizo de axuda ao fogar, para poder poñer unha política de rastrexos ante o risco do virus ou para darlles axudas aos autónomos e á hostalería. Vostedes están nese discurso, nunha gran farsa.

Claro que eu sei de contas e vostede tamén sabe, señor conselleiro. Vostede cadra as contas, pero vostede non sabe o que hai detrás das epígrafes das contas. Non ten proxectos. ¿Cal é a política industrial que está detrás dos orzamentos que trae hoxe a Xunta de Galicia? Cero. ¿Cal é a política que está de apoio ao tecido produtivo do país? Cero. ¿Cal é a política de respaldo aos autónomos, ás pemes e ao pequeno comercio? Cero. ¿Cal é a política de respaldo ao Estado do benestar? Cero. O que teñen son máis fondos, porque os dá o Goberno de España, porque vostedes, sen a nova política económica marcada por un goberno progresista, serían o cero para a recuperación económica. (*Aplausos.*)

E son contundente co que lle digo, porque o seu discurso é o discurso aínda caduco dese neoliberalismo. Si, señor Puy. Se Buchanan o ve a vostede hoxe defendendo as políticas keynesianas, diríalle que a *Public choice* está xa morrendo, señor Puy. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Esas políticas, polo tanto, que vostedes están hoxe plantexando é unha política errada de destino, de orientación. Agora a política de gasto asumen que é necesaria, pero non saben en que gastar. Porque en cinco semanas atopáronse co maior orzamento e nin teñen proxectos para a reactivación, nin compromiso co fortalecemento do Estado do benestar, nin políticas para as persoas. Pero é que é todo unha política de márketing.

Mire, vostedes están sinalando cada día na prensa que distintas medidas se poden tomar. Sinalan vostedes, por exemplo, en tantos titulares que os autónomos galegos poden solicitar



axudas de ata 2.000 euros. Se en Galicia hai 200.000 autónomos e puidesen pedir 2.000 euros, habería que ter 400 millóns de euros nos orzamentos da Xunta de Galicia, que nin estiveron na primeira onda, que non están na segunda onda e que tampouco están para o 2021. Propaganda mentirosa (*Aplausos.*) do Partido Popular, que abandona o tecido produtivo. Non cadran os números. Se vostedes botaran as contas dicindo que as microempresas poden pedir ata 5.000 euros, e botan contas de que hai aproximadamente 200.000 microempresas e autónomos con traballadores contratados, farían falta 1.000 millóns de euros. ¿E onde están? Están na publicidade, no márketing, na falsidade da folla de reconstrución, que vostedes non teñen. Soamente queren confrontar co Goberno de España, e deberían recoñecerlle ao Goberno de España, como van facer os galegos e as galegas, que saben que é cun goberno progresista como aumenta o gasto público, que hai 1.100 millóns de euros máis nos fondos da Xunta de Galicia, que vostedes non querían que chegasen.

E eu voulle facer un discurso moi claro sobre o conxunto do Estado. Xa sei, voulle dicir con moita claridade, miren. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) A evolución que existe no gasto...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Puy, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...do conxunto do Estado é distinta, claro. É que mire, cando un pai ten dezasete fillos ou fillas e a un deses fillos un ano lle compra un vehículo, o nivel de inversión nese fillo dispárase de forma histórica. E cando ao ano seguinte ten que facer unha repartición de fondos e non se lle compra ese vehículo a ese determinado fillo, non quere dicir que exista discriminación. E ademais no caso de Galicia séguese gastando máis por cidadán que por cidadán medio en España, por andaluz, por catalán, por valenciano ou por madrileño. (*Aplausos.*) Vostedes fan unha pinza da mentira, sen números e sen contas, con contos. Porque o Goberno de España é un goberno que sobe as pensións. (*Murmurios.*)

¿Como non van ser máis progresistas, señora Prado, os orzamentos do Goberno presidido por Pedro Sánchez que os orzamentos que facía o señor Rajoy, que quería conxelar as pensións e lles mandou unha carta a todos os pensionistas galegos con aqueles orzamentos? (*Aplausos.*) Claro que non lles gusta recordar a historia, claro que os preocupa, porque hai un goberno que pensa nas persoas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que inviste no social, que fai os orzamentos máis sociais da historia do país, e o Partido Popular está aliado coas dereitas e a ultradereita para boicotear. (*Murmurios.*) Porque se aquí non houbera orzamentos (*Aplausos.*) vostedes virían negociar —cosa que non fixeron— e terían a man tendida para aprobar eses orzamentos. (*Murmurios.*)

E eu díxenllo hoxe: rectifiquen. E estamos dispostos a non seguir avanzando na emenda á totalidade. Tampouco a resposta, porque o Partido Popular non ten esa responsabilidade e, cando está no maior incendio que hai, o Partido Popular prefire pechar a mangueira para non apagar o lume e seguir incendiando con Vox e coa ultradereita contra o Goberno de España. E aquí son dunha alta irresponsabilidade. Porque ese discurso de *España nos roba* é falso, é falso nos orzamentos, é falso nas balanzas fiscais, é falso no modelo de contribución que hai nas políticas de gasto público nunha Galicia con máis pensionistas e máis xente dependente. E vostedes prefiren facer ese discurso falaz para non falar de que non teñen pro-



xecto para Galicia, de que non teñen política económica e de que con vostedes imos desaproveitar outra vez unha oportunidade histórica de fondos europeos para poder levantar a economía. *(Aplausos.)*

E é por iso, señores do Partido Popular, que lles pedimos que rectifiquen, que colaboren e que teñan entendido que a posibilidade de gastar máis é a posibilidade que hai que aproveitar por un novo paradigma ao que vostedes chegan mal. Porque non o asumen, porque aínda nas verbas do conselleiro o que nos vén dicir o conselleiro é: non fai falta ter ingresos fiscais, non se lles pode subir aos máis ricos os impostos, os servizos públicos están moi ben, o importante é manter os axustes e non disparar a débeda. O discurso que mantivo durante once anos e que agora ten que rectificar e non sabe como rectificar, non sabe como encher de proxectos Galicia, non sabe como aproveitar esta oportunidade no momento de maior preocupación.

Hoxe os galegos e as galegas que están escoitando este goberno atopan un goberno sen rumbo en política de protección das persoas, na loita contra a desigualdade e na reactivación económica e social do noso país. Atópanse orfos, porque o Goberno do Partido Popular deixa orfa unha Galicia que necesita impulso e reactivación económica no tecido produtivo, na loita contra a desigualdade. É que se lles preguntamos aos galegos e as galegas que nos digan tres medidas importantes que nos cen primeiros días desta lexislatura de Feijóo tomara o Goberno da Xunta para respaldar o tecido produtivo e para salvar o país, ¿que é o que lles dirían? Pois que durante a primeira onda da pandemia e ata hoxe os hostaleiros, os autónomos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...os pequenos comerciantes non recibiron nas súas contas aínda un só euro, que empezan agora a lanzalos e que non os recibiron. Diga vostede, señor conselleiro, hoxe aquí *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, co señor Rueda que o pode asesorar, a día de hoxe cantos hostaleiros do noso país recibiron axudas nas súas contas bancarias para poder subsistir ante esta crise. Diga vostede como vai pagar...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...os 2.000 euros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a 200.000 traballadores...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...cando son 400 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e vostedes lle adican 17 á hostalería e 70. Estes son *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* os contos que non teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate.



Silencio, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...contas, as falsidades do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Remato, señor presidente, tendendo a man e a disposición dende logo a construír unha Galicia mellor, cun Partido Popular que abandone o rodillo e que queira aproveitar as oportunidades de país. Disposición positiva, pero as contas van por riba dos contos do PP.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio! Teñamos calma, teñamos calma, que aínda estamos empezando. Tranquilidade, aínda está comezando isto e o día prevese longo; entón, imos ir con calma. *(Murmurios.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica dos grupos emendantes.

Correspóndelle ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, vostede na súa intervención dixo algo que a min me parece preocupante e que é parte do problema de como conciben vostedes este país. Veu dicirnos que Galiza é pobre, Galiza é pobre; entón, temos que pedir. E eu xa lle digo que non, Galiza non é pobre. En todo caso, será un territorio empobrecido por políticas que non permiten desenvolver a capacidade e a potencia que temos no noso país. *(Aplausos.)* Creo que iso é parte do problema e é parte do que vostedes teñen que rectificar.

En todo caso, eu na miña intervención non entrei moito a valorar as previsións que vostedes fan en relación nin co PIB nin co desemprego nin con ningunha das variables macroeconómicas. E non o fixen deliberadamente, porque estou convencida de que neste escenario é imposible que ningunha previsión acerte. Porque non vai haber certezas ata que teñamos controlada a pandemia e non sabemos como vai ser a evolución en xaneiro, cal vai ser a consecuencia desde o punto de vista epidemiolóxico dese obxectivo que vostedes se marcaron que era salvar o Nadal, e nós criamos que o que hai que facer é salvar vidas e evitar unha terceira onda, *(Aplausos.)* e, desde logo, que hai que traballar para que, efectivamente, a campaña da vacinación sexa un éxito, que se faga canto antes e que canto antes poidamos deixar atrás este pesadelo colectivo que estamos vivindo.

Pero eu si lle fixen unha reflexión, que, como todo, vostede deosta, porque prefiren vir aquí coa soberbia que lles dá ter maioría absoluta, que a teñen, pero que creo sinceramente que



un momento como este require que esteamos dispostos a escoitarnos todos e todas. Eu xa sei que vostede se despacha dicindo: ¡bah!, temos maioría absoluta e ao resto pódoo ignorar. Pero é a actitude que vostedes queren encarar e que creo que é un erro.

Pero eu facíalle esa reflexión e xa que a nós nos minusvalora —a min non me importa—, quizais había algunha reflexión que fai algún experto dese comité que vostedes constituíron, que non é unha persoa do BNG, Fernando González Laxe, que nunha reflexión que fai nun foro creado polo Eixo Atlántico e que nos chegou a todos e todas, si que alerta de que é importante que non se cometan os mesmos erros que no ano 2008. E, precisamente, pon o foco en que a recuperación en Galiza foi moito máis lenta e desigual. Di: Galiza alcanzou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2008. Está falando do PIB, non do emprego. Galiza alcanzou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2008. Isto é, dez anos máis tarde, en tanto que a economía española o chegou a lograr no primeiro trimestre de 2016. De aí que di el que é moi importante actuar con precisión nos plans de recuperación e transformación.

E un dos instrumentos que imos ter para esa recuperación é precisamente como van actuar estes orzamentos. E claro, hai que partir dunha análise realista. E vostedes teñen que partir de que fallou nas políticas que fixeron durante estes anos. Porque algo, señor conselleiro, ten que fallar para que aínda non recuperamos o emprego que tiñamos e ademais nunhas estatísticas que están maqueadas, porque neste país emigraron duascientas mil persoas, porque é que, se non, as taxas de paro e desemprego serían absolutamente demoledoras. Porque é realmente sangrante que un problema como a emigración vostedes o utilicen aquí para vir sacar peito cunhas estatísticas que —insisto— vostedes non utilizan para iluminarse senón como os borrachos coas farolas, para apoiarse nelas en vez de servir como un instrumento para analizar qué está pasando.

Porque algo estará fallando, señor conselleiro, cando, segundo o informe Foessa, en Galiza o 12,3 % das persoas que traballan se encontran en exclusión social, e estamos falando de 130.000 persoas, que son a punta do iceberg, porque, segundo o Instituto Nacional de Estadística, no noso país hai 540.000 persoas que viven en risco de pobreza. Non sei se isto é o seu crecemento san. Nós desde logo dicimos que é unha Galiza con máis desigualdades, que queremos cambiar e mellorar, e o que teñen vostedes que traballar.

E mire, pode vir aquí dar os datos que queira, enrevesar como queira as contas. Pero hai algo que é moi evidente: débeda pública de Galiza. Mire, (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) esta é unha gráfica, así foi evolucionando. ¿Ve? Si, si. Pero é a súa débeda pública, non é a débeda pública dese maldito goberno ao que vostedes acoden sempre como orixe de todos os males do universo. Non, non. É a débeda pública que se xerou neste país. E o que nos está dicindo a débeda pública que había en Galiza é que no ano 2009 había 4.859 millóns de euros de débeda pública, e que a día de hoxe hai 14.515. Claro que si. ¿Sabe por que? Porque é que temos 2.339 millóns de euros de débeda camuflada baixo esas fórmulas de colaboración público-privada, que, aínda que non computan no mesmo ámbito, temos que devolver exactamente igual, exactamente igual. É débeda pública encuberta, é un artificio contable para poder endebedarse nun momento (*Aplausos.*) no que había unhas limitacións moi importantes.



E eu, de verdade, alégrome de que agora que governa o Partido Socialista o PP estea en contra da repartición do déficit; é que benvidos a denunciar a discriminación que practicou tamén o Partido Popular cando gobernaba, que, efectivamente, sempre dicía que o Estado quedaba coa maior parte de capacidade de déficit e discriminaba as comunidades autónomas. E nós denunciámolo cando gobernaba o Partido Popular e tamén o denunciámos cando governa o Partido Socialista, porque cremos que Galiza necesita instrumentos para poder actuar fronte a esta crise. *(Aplausos.)* É a diferenza entre uns e outros, efectivamente.

E mire, sobre a débeda, é que pode vostede disfrazalo como queira, pero é que a débeda no ano 2009 representaba o 8,6 % do PIB e hoxe representa o 19 %. E que é a realidade, pero, ben, a vostede as cifras danlle igual.

E como me pedía que apuntara cifras, eu tamén lle vou pedir que apunte unha. Programa 412B, de atención primaria. Ano 2009, había 1.436.746.424 euros; ano 2021, 1.391.315.172 euros. Isto é o que dedican vostedes a atención primaria, 45 millóns de euros menos en doce anos, e cun recorte acumulado de máis de 2.000 millóns de euros ao longo desta década, que, efectivamente, claro que o notan os profesionais, pero non é que o denunciemos nós, é que o denunciaron os propios profesionais que dimitiron en bloque, por exemplo na área de Vigo, porque dicían que non se podía seguir xestionando a miseria á que conducían vostedes a atención primaria. Pero se é o que lles están denunciando os profesionais. ¿Por que non queren asumir a realidade? Porque iso é o que está pasando, por moito que vostede intente vir aquí cambiar as contas.

Da mesma maneira, tenme que aclarar algo, porque é que eu xa non sei se a información que mandan ao Parlamento é unha mentira e todo cambia ou o señor conselleiro nos mente aquí. Fondo React da Unión Europea. O que di o Goberno central, que vostedes inclúen literalmente no informe que nos envían aos orzamentos, é que o Goberno vai asignar 10.000 millóns de euros do Fondo React-EU ás comunidades autónomas. E se vostedes consignan 430 millóns, ¡home!, non fai falta ser economista para darse conta de que é o 4,3 %, señor conselleiro, non o 5 non sei que *(Murmurios.)* que dixo vostede, que foi, si, si, si, que foi o que dixo vostede; está na páxina dos orzamentos; claro, é que ¿ou nos menten?; está na información oficial que vostede remite ao Parlamento. Entón, ¿envía uns orzamentos mal feitos? ¿Ese é o rigor con que vostedes están traballando? Pásolle a páxina do informe que remitiron ao Parlamento, onde se di exactamente isto, que ademais di que son orzamentos para o 2021, e vostede dinos que son para o 2021 e para o 2022.

Entón, ¿que están: inflando as contas públicas dunha maneira artificial? *(Aplausos.)* É que ten que explicárnolo, señor conselleiro, porque é todo un absoluto delirio. E, en todo caso, o que nos debe de preocupar é que as cousas se fagan ben.

Porque mire, ámbito industrial. Vostede di que Galiza está moi ben no ámbito industrial. Non obstante, sabe que temos un peso inferior do produto interior bruto a nivel industrial ao que marcaba a Unión Europea como obxectivo para o ano 2020. O obxectivo era conseguir o 20 %. Nós estabamos no 17,2 % e con sectores industriais graves en crise, sen que haxa alternativa por parte do seu Goberno.



E mire, eu non son cura para pedirlle a ninguén que pida perdón. Eu o que lle pido é que rectifiquen o innovicidio que están facendo no noso país. Porque si, hoxe temos que o peso da innovación do noso PIB é inferior do que había no ano 2008. E ten responsabilidades unha Xunta de Galiza que recortou investimento neste ámbito durante os anos máis duros da crise, (*Aplausos.*) que provocou que morreran a metade das empresas innovadoras no noso país. É que ese é o legado que vostedes levan feito neste momento.

E remato xa, simplemente, con dúas cuestións. É evidente que non se fixo mención ás nosas propostas, porque aquí todo se quere levar a un debate do absurdo, e cremos que hai cousas moi importantes que cambiar neste país.

O primeiro é que quizais tamén todos temos que ter máis realismo, e eu creo que sobre a Unión Europea cada un pode ter a idea que queira dela, creo que é lícito criticar moitas das políticas que se están facendo, sobre todo cando vemos que agora nos din que hai que recortar as pensións se queremos ter acceso aos fondos React da Unión Europea. (*Aplausos.*) Non é ese o noso modelo.

E tamén un pouco realismo, porque vemos a diferenza en como se trata a banca e a economía real ou as persoas. Cando houbo a crise de 2008, destináronse moitos máis recursos a salvar a banca dos que se están poñendo agora sobre a mesa no medio da maior crise sanitaria e económica do último século, que está deixando atrás moitas persoas, entre elas, si, moitos hostaleiros e hostaleiras que por moita propaganda que fagan vostedes nos seus telexornais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... —e vou rematando— o que ven é que levan case todo un ano en branco cunha crise brutal e que esas axudas que vostedes din que hai non lles chegan aos seus bolsillos, que o que lles chegan son facturas e facturas que os están asfixiando a moitos e deixándoos nunha situación moi delicada.

E remato. Dicía aquí o portavoz do Partido Popular que aquí hai normalidade; eu digo: si, a do rodillo. A normalidade dun absolutismo cego e xordo que se vai facer inútil á hora de enfrontar a maior crise económica e social deste país. É evidente que hai modelos moi diferentes, pero nós temos unha cuestión moi clara: Galiza ten que saír desta crise, e lamentablemente non sairá se vostedes non recoñecen os erros, os problemas e os buracos enormes que deixan uns orzamentos que non teñen proxecto de futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de peche, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.



Señor Caballero, por educación, agora vou comezar contestándolle a algunhas das cuestións que formula vostede; despois, á señora Pontón.

É bo este carácter de apropiación que teñen algunhas persoas; voume centrar nalgúnhas persoas. Hai algo no que me debín de equivocar, porque non sei se dos que estamos aquí creo que poucas persoas pasaron antes —non mellor, jeh!— ca min pola Facultade de Económicas. O carácter keynesiano, Goberno progresista. Ás veces incorremos no erro máis grande, señor Puy, porque, cando un mira un pouquiño a biografía de Keynes, resulta que o único partido onde militou Keynes foi no Partido Liberal Británico. E que eu ás veces hai algunhas cousas que perdo polo camiño, esa apropiación: nós, os progresistas.

Mire, señor Caballero, non se apropie do que non é seu. Digamos que hai dúas liñas fundamentais, xa que a outra desde finais dos 80, coa caída do muro de Berlín, aínda que a algúns compañeiros seus no nivel central tanto lles gusta, xa quedou rexeitada para a historia, por sorte para a inmensa maioría dos que aquí vivimos. Hai dúas liñas fundamentais: a neoclásica evolucionada e a keynesiana. Curiosamente, vólvollo repetir para que quede claro: Keynes, como persoa, como pai da criatura, se nalgún partido militou, foi no Partido Liberal Británico. Prométole honradamente que na súa época había un partido que se chamada Laborista, que gañou as eleccións incluso en 1944-1945. Todo o que queira, pero non se apropie do que non debe. Non se apropie porque teñen unha tendencia moi grande a apropiarse do que non deben.

Prioridades de gasto. ¡Home!, que se discuta aquí as prioridades de gasto... Hai tres prioridades de gasto moi claras, e que se corresponde cos seus respectivos fondos. Primeira prioridade de gasto: afrontar con garantía a covid, cun tamaño de 503 millóns de euros. ¿Por que 503 millóns de euros? Porque aproximadamente 503 millóns de euros, para atender a sanidade e a saúde pública, para atender os nosos traballadores no primeiro impacto, para atender as familias no primeiro impacto en política social, para atender a educación, é aproximadamente o 15 % máis do que imos gastar este ano tan forte, por ter as contas dese contable ao que vostede se refería ben feitas, e sabemos cal é o tamaño e a onde imos.

Polo tanto, pero como non as temos todas con nós, porque non hai —e aí si que coincido coa señora Pontón— ninguén que en termos prospectivos poida dicir en canto imos rematar de caída e de subida para o ano que vén, tampouco hai ninguén que poida asegurar que non imos ter unha afectación sanitaria e sociosanitaria e no emprego tan importante.

Polo tanto, primeira prioridade, e prioridade cuantitativa razoada, e, como non as temos todas con nós, por iso temos 33 millóns de euros no que se chama a reserva estratéxica. Máis prudente non se pode ser, máis claro non se pode ser, *en el porqué de las cosas*.

Fondo React-EU. De verdade, señora Pontón, é que non hai ningunha incoherencia. A ver, 10.000 millóns de euros para as comunidades autónomas, dos 12.000 e algo, 2.000 e pico millóns de euros cos que queda —ben quedados, teño que dicilo— a Administración central, porque son a garantía de afrontar as novas vacinas que en España vai haber. Perfecto, 10.000 millóns de euros a repartir do Fondo React-EU. 8.000 millóns de euros, señora Pontón, son os que poden orzar as comunidades autónomas no ano 2021. Polo tanto, quedan 2.000 mi-



llóns de euros para o ano 2022. ¿E por que para o ano 2022? Porque os créditos teñen que ser gastados e certificados —lóxica de fondos europeos— nos anos 2021, 2022 e 2023. ¿Queda claro? Entón, non hai ningunha incoherencia. A incoherencia é facer disto un *casus belli*, iso é incoherencia.

Política industrial. Eu non sei se hai unha política industrial brillante. O que si lles sei dicir, señor Caballero, señora Pontón, é que lles poden preguntar moi ben aos nosos traballadores da Mariña de Lugo, pódennlle preguntar moi ben a calquera outro traballador, porque si que saben que a Xunta de Galicia é o primeiro acompañante, de verdade, (*Murmurios.*) nos seus intereses, e vostedes sen aparecer ata a última hora, ata a última hora da tardiña; se non, mire ben o que está pasando coas electrointensivas; paréceme un escándalo.

Como me parece un escándalo, de novo eu creo que non lle podo chamar un alumno avanzado, porque isto cambia cada vinte e catro horas. Mire, no que se refire ás dúas ordes que temos na Consellería de Emprego, que remataron o prazo por certo o 18 —paréceme que era venres—, eses 200 e pico mil, díganlles aos seus amanuenses que, por favor, as solicitudes que temos a día de hoxe —ou moito me equivoco—, as que tiñamos o venres, aproximábanse ás 28.000-29.000 do colectivo que tiñamos bastante predeterminado, dígase autónomos na súa parte da hostalaría, etc., etc.

Por certo, por certo, non lle caiba a menor dúbida (*O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) —non se poña nervioso, señor Arangüena, porque é moi fácil de comprobar se as persoas cobraron ou non—, o venres o que si lle podo asegurar é que había máis de 8.000 ou 9.000 autónomos que xa cobraron de 23.000. (*Aplausos.*) Iso é o que lle digo. E a día de hoxe, que estamos a unha media de 1.000 e pico, estaremos moitísimo máis; é dicir, outra das súas mentiras. E na cuestión fiscal non nos equivoquemos; na cuestión fiscal corremos ese velo, e onde vostedes din progresía, os ricos e tal, este é un incremento de impostos xeneralizados; é a teoría inversa de Robin Hood, están actuando a nivel central —e quixeran facelo pero non poden a nivel autonómico— restándolle á xeneralidade para quedar cos fondos de todos, e vostedes, nunha maneira de despotismo ilustrado, dicir onde hai que gastar. Non nos dedicamos nós a iso. Os mellores cartos están nas mans dos cidadáns e das empresas. Iso é o que podemos dicir nós a día de hoxe. Non choca para nada, un razoamento moi coherente, por certo.

No I+D+i xa lle dixen antes que non están de acordo, non se compadece, a todos nos gustaría ter máis.

Como no tema de emigración, señora Pontón. Cando de novo vence o Bloque como partido, vence a CIG onde está, hai determinados mantras e aí si que son mantras na inmigración. Unha das dúas comunidades autónomas con menor inmigración, na taxa de migración en España, é a nosa. É innegable, pero dálle que te pego falando da inmigración. Iso quere dicir que quen sae —e non lle quería saír— resulta que non. Cuantitativamente vólvelle repetir: na etapa Feijóo, da que a vostedes tanto lles gusta falar, hai 57.359 persoas que viñeron a nós máis das que se foron. E dos mozos, hai 30.387, e non me chegan as gafas nestes momentos porque os números xa os puxen grandes para miralos se tal. (*Risos.*) Que non, que é un conto que están dicindo, jé un conto que están dicindo! (*Aplausos.*)



Por certo, o ano no que máis persoas saíron de Galicia, que máis emigraron, tendo un saldo emigratorio tamén moi positivo, pero cando máis saíron de Galicia, foi no ano 2007, Bipartito: (*Murmurios.*) 17.292. O ano pasado, tan mal que o facemos nós, saíron 14.847. A ver, jé de Barrio Sésamo! (*Risos.*) 17.292 é máis que 14.847. ¡Sexamos coherentes, jobar!, sexamos coherentes nas argumentacións.

Volvo repetir —e oíronme moitas veces neste parlamento—: non serei eu nin este goberno quen non diga que en materia de pobreza e exclusión social sempre queda moito por facer, pero as tres medidas obxectivas que nos damos, en termos comparados, todas e cada unha delas indican que imos mellor que o resto de comunidades autónomas respecto da media, todas e cada unha delas. Agora ben, ¿podemos estar contentos diso? De ningún modo, queda moito por traballar.

Porque é como na débeda. Si que estou de acordo, para iso si que son todos moi liberais, cando é para criticar o nivel da débeda que temos. (*Murmurios.*) ¡Que non, que non, que non! Quede tranquila, señora Pontón. Estou con rigor utilizando o criterio da débeda definida polo BdE —Banco de España—, que é como se fai e se compara a nivel europeo. Non xogue coas PFP. Porque volvo repetir —tamén moi ben indicado polo señor Puy anteriormente—: ata agora, había determinados anatemas dos que non se quería falar, como a colaboración público-privada. A colaboración público-privada é unha ferramenta fundamental, e a iso nos dedicamos.

E, por certo, ningún tipo de ocultismo, ningún tipo de ocultismo nin nos programas. Hai unha posibilidade de financiamento, etérea se depende do Goberno central; se dependera dunha autoridade independente, como se lle está pedindo, xa confiaría un pouco máis. Pero ao final o que ten que haber é proxectos de tamaño moi grande, tractores ou non tractores, ou de medio tamaño. O que ten que haber é proxectos bos, porque se hai proxectos bos poderanse financiar, primeiro con Europa, porque se dependemos de Madrid, ¡imos aviados!, non se equivoque.

Pero hai unha forma de traballar, unha forma de explicitar e unha forma de priorizar. Entón, polo tanto, non podo estar de acordo con vostedes no que foron dicindo.

A min si que me gustaría terminar dicindo que, á parte de ter os orzamentos máis altos da historia, de que non subimos impostos, de que hai dotación récord para investimento, ningunha comunidade autónoma ten o tamaño que temos nós en investimentos, historicamente, e nunca o poñemos en valor, co menor gasto en xuros da débeda durante vinte e cinco anos. E tamén adianto: e durante toda a lexislatura non superemos os 100 millóns de euros, por unha estrutura a fixo correcta pola nosa parte. Dígase facilidade financeira, dígase mercado. Iso é saber actuar no seu momento. A débeda depende do nivel ou tamaño, da relación para pagala que ao final se contrata. ¿En que? Nunha estrutura que ten un tipo de interese. Pódolle garantir que non superaremos os 100 millóns de euros durante toda a lexislatura, porque esta lexislatura é un fondo que vostedes non o comprenden, pero que para nós é estratéxico, que era a terceira das grandes prioridades, que é o fondo de garantía de investimentos sanitarios, porque o mellor persoal xa o temos, e máis que tiveramos.



As mellores infraestruturas case as temos, e a iso aspiramos, e ben equipadas, e para iso estamos falando de 700 ou 800 millóns de euros como mínimo, e por iso esta dotación, que moi proximamente verán vostedes incrementada. Porque nós, á parte de falar e de ser contables, señor Gonzalo Caballero, pois predicamos co exemplo, e así nolo recoñecen despois os cidadáns.

Polo tanto, permítanme recordarlles que estes orzamentos que teñen estas vontades tamén ao final —e ninguén falou diso— teñen 421 novas prazas na sanidade pública, e xa me referín antes. Por iso que non cadra coa mensaxe que tratan de trasladar, tanto para o Plan galego de atención primaria como para un de saúde mental, como o plan Hado, como para formación especializada, e contar agora si, cada vez máis, con máis profesionais, e máis que houbera se nos permitiran habilitalos. Aí sempre nos destinamos.

Temos 1.350 novas prazas de docentes. Non lle oían falar a ninguén diso. Temos 389 bombeiros forestais, que pasan de 9 a 12, etc., etc., etc. Isto é o que conteñen, e estanlle dicindo que non.

Como, por certo, tamén temos 48 novas prazas en novos xulgados, porque tamén na Xustiza nos países civilizados é polo que se miden, por unha Xustiza suficientemente ben dotada. A iso é ao que nos dedicamos, e recoñecendo sempre todos os incrementos que tiñamos acordados.

Non quero seguir dicíndolles todas as vontades que temos. Teño aquí unha relación que a verdade é que podo tirar dez minutos contándolles aquí todo o que se pode facer.

En fibra óptica, en 614 núcleos do rural; parecerá pouco; é que 614 dise cunha alegría que manda...

Temos o 52 % máis en dotación en turismo para preparar o mellor Xacobeo, que conta con 86 millóns de euros. (*Murmurios.*) O turismo é vida, e temos que facelo mellor e con nivel de garantía. Non se queixen, non é turismo *versus* industria, pode haber as dúas cousas. É o normal que haxa as dúas cousas, non é ou A ou B, ou de papá ou de mamá, non, ás veces... (*Risos.*) É increíble.

Triplicamos o financiamento en pemes, e despois temos que acordar. A ver, pero léase ben, son 187 millóns de euros que temos para as pemes.

A Axencia Galega de Innovación ten o orzamento máis alto, 127 millóns, e hai alguén que aínda fala do ano 2008 e 2009. É que é increíble.

Multiplicamos por cinco as axudas en eficiencia enerxética.

8 millóns para o Ifevi, unha vez que xa ten solucionado problemas que non dependían de nós.

Fixémonos nas cousas unha vez máis, ¿non? Etc., etc., etc.



131 millóns de euros para políticas de acceso á vivenda.

Novas plantas de biorresiduos nas provincias de Pontevedra, Ourense, Lugo. 25 millóns. ¿Iso non é economía verde e circular? ¿Iso non son prioridades: poñerlles números ás cousas?

Completamos a modernización do transporte público con 133 millóns, a tarxeta Xente Nova con garantía universal para os menores de 21 anos.

Habilitamos actuacións viarias na vía ártabra, en Nadelá-Sarria, en Tui-A Guarda...; só como exemplos. ¿Iso non é dinamismo económico, señor Gonzalo Caballero?

Incrementamos un 27 % os recursos para o sector cultural. ¿De novo temos que pedir perdón?

Destinamos un 31 % máis ao funcionamento dos centros educativos, como nunca, 84 millóns de euros. Incrementamos un 90 % a dotación do fondo solidario de libros. Pedimos perdón tamén por iso, son 15 millóns de euros.

En emprego, en emprego inclusivo en persoas con discapacidade ou risco, facemos unha aposta como nunca, incluímos 30 millóns de euros para políticas de igualdade, un 10 % máis do que tiñamos no 2020, que xa estamos medrando desde o ano 2017. Pedimos tamén perdón.

Incrementamos un 16 % os recursos para loitar contra a violencia de xénero ata 23 millóns, como ningunha outra comunidade practicamente. Pedimos tamén perdón.

Incrementamos en 130 % —200 millóns— a renovación das nosas infraestruturas sanitarias, ¡un 130 %! E de novo tamén incrementamos un 108 % os centros en atención primaria. Non me diga que 108 % é menor que 130 %, que é perda de nivel relativo, porque non mira todo o que se fai. É que é increíble ás veces como xogamos cos números.

Reforzamos a política social co maior investimento da historia. Incrementamos os 225 millóns de euros para os centros de servizos sociais. O servizo de axuda no fogar chega ata os 84 millóns de euros, un 10 % máis como mínimo. ¿Para atender a que? A 30.000 novas persoas.

A iso é ao que van de verdade os orzamentos: persoas, empresas, traballadores, dinamización económica, e, polo tanto, tanto a curto prazo como de futuro. Etc., etc.

80 millóns de euros para accións preventivas e infraestruturas potenciais. E eu, permítanme que lles diga, porque tamén de acordo co conselleiro, e tamén con Miguel (*O señor Martínez García sinala o señor presidente.*), como lle queremos verdadeiramente á xente de Ourense, pois é un honor falar dende un centro integral da loita contra o lume, que é o importante, en Toén. Porque a algunhas persoas ata nos cae ben Ourense. Fíxense que lles fala un de Cangas (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Para que miren a nosa política territorial de equilibrio! (*Aplausos.*)



Ou incrementar os 100 millóns de euros que temos para a mellora do sector marítimo-pesqueiro, ou un incremento no 40 % en portos para actuacións infraestruturais.

A iso é ao que lle están dicindo vostedes que non, e iso é o que temos que poñer en perspectiva.

Polo tanto, creo que temos lóxicas orzamentarias diferentes. Eu si que creo que é posible chegar a consenso, empezando polo fondo consenso. Creo que empezamos moi ben dotándonos desa comisión no Parlamento. Creo que de aí poden saír ideas boas. Non lles poñemos liñas vermellas a algunhas, nin señora Pontón nin señor Caballero. Non fai faltar rexeitar. O único que pedimos é diálogo, razoamento e, se é caso, consenso. Iso é o que pedimos. Eses 115 millóns de euros non existe ningunha comunidade en España que os teña. Tema número un. Poderíamos dar un moi bo exemplo.

Tema número dous. Se isto o comparamos —os 115— con algúns orzamentos onde teñen vostedes responsabilidade en Galicia, dígase deputacións ou concellos, que todos son históricos, expansivos e tal, é que non aguanta o paso do trazo; non aguanta, de verdade. Son outras magnitudes, e son as magnitudes que de verdade nos poden levar a tratar de facer algo distinto, porque ben o merecen os nosos cidadáns.

Quedan meses moi duros, agardemos que cada vez menos duros, pero seguro que se traballamos non con tantas asperezas, todos nolo poderán agradecer. Non soamente hai que ter ideas, hai que ter ideas e respaldo financeiro. Iso é o que teñen estes orzamentos, incluso para modificar. A iso é ao que nos dedicamos. Deséxolles de verdade un bo traballo e que poidan mellorar estes orzamentos. Todo é mellorable, neste caso un pouquiño máis difícil é melloralos, jeh!

Moitas grazas, e ata logo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, por facer un debate ameno e interesante en algo que se presumía que podía ser farragoso. Grazas por facelo.

Imos votar, e ímolo facer de xeito conxunto.

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (grupo I)

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas á totalidade do grupo I, emendas que foron formuladas polos grupos parlamentarios, tanto as que postulan a devolución global dos orzamentos como a devolución de calquera sección ou centro xestor de gastos. Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E antes de suspender a sesión, que reanudariamos ás catro da tarde, hai un momento prometían ou xuraban deputadas e deputado neste parlamento, e facíanno no día de hoxe, e recordo que tal día como hoxe, o 21 de decembro de 1980, se someteu a referendo o vixente Estatuto de autonomía de Galicia. Remataba, co veredicto popular emitido aquel día nas urnas, a primeira fase do longo camiño percorrido por Galicia para dotarse dun marco xurídico sustentador da súa autonomía política e que en datas posteriores se foi desenvolvendo paseniñamente pero con tanta solidez como nas democracias máis consolidadas.

Ao lembrar o XL aniversario da aprobación do vixente Estatuto de autonomía, rendemos tributo a todas as persoas que se entregaron en corpo e alma á elaboración deste texto estatutario e sortearon toda clase de atrancos antes de ser plebiscitado.

E homenaxeamos tamén, por suposto, a cantos ofreceron o mellor de si na conformación das diferentes propostas elaboradas na década dos 30 do pasado século e que culminaron co referendo estatutario celebrado o 28 de xuño de 1936. Por desgraza, o estoupido da Guerra Civil impediu completar a tramitación daquel estatuto nas Cortes. No entanto, a semente adormecida durante a Ditadura acabou por ofrecer o seu froito, aínda que serodio, en forma de recoñecemento constitucional á nosa condición de nacionalidade histórica.

Permítanme que, antes de concluír, convide as súas señorías a reflexionar sobre o moito que, co concurso de todas e todos, ten avanzado Galicia nos diferentes ámbitos nestes corenta anos de vixencia do noso Estatuto. España e Galicia atravesaron nestas catro décadas o período de maior crecemento económico e estabilidade social de toda a nosa historia milenaria. Continuar transitando por esta senda para seguir brindando á nosa xente maiores cotas de benestar é posible, pero tamén é unha obriga inescusable para todas e todos os que exercemos responsabilidades públicas, incluídas as persoas que temos a honra de formar parte desta cámara.

Se Galicia posúe e exerce unha autonomía plena, coas súas propias institucións de autogoberno, incluído este parlamento —que dentro dun ano celebrará corenta anos de vida—, é consecuencia do Estatuto que hoxe conmemoramos. Cómpre recordalo sempre e moi especialmente no día de hoxe.

Moitas grazas por escoitarme. *(Aplausos.)*

Suspendemos ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.



O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Debate e votación das emendas á totalidade que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións (grupo II)

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co debate e votación das emendas do grupo II, que son as que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións.

Hai emenda do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa das emendas, polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Boas tardes, señor Martínez.

Hoxe estamos no debate máis importante do ano, posto que os orzamentos é o documento no que se reflicten as prioridades políticas do Goberno, así como os recursos que se destinan para atender a esas prioridades políticas.

Este non é un ano coma outro. Estamos a sufrir a situación máis dramática coñecida dende a Guerra Civil; unha pandemia que dende a súa declaración o 11 de marzo deste ano nos ten mudado a vida abruptamente, desencadeando unha crise sanitaria aparelada cunha crise económica e cunha crise social de dimensións descoñecidas ata o momento. Xa que logo, estes orzamentos, señor conselleiro, tampouco deberían de ser como ningún outros. Deberían ser uns orzamentos nos que as persoas estiveran no centro das políticas públicas. Porque ante a situación de crise profunda que estamos a vivir, sen o impulso das administracións, sen unha aposta decidida da Xunta de Galicia, para moitos galegos e para moitas galegas saír desta tripla crise vai ser moi moi difícil, e para algunhas persoas, sen esa axuda, vai ser imposible.

Vostede tráenos hoxe aquí uns orzamentos indolentes, uns orzamentos expansivos en cartos, pero continuístas en proxectos e en programas, que non atendem ás novas necesidades achegadas coa pandemia.

Vostede vén aquí e gábase de que este proxecto de orzamentos é o máis alto da historia, que medra un 13,3 % respecto do 2020, é dicir, 1.575 millóns de euros máis para desenvolver políticas públicas no noso territorio. Un proxecto de orzamentos ambicioso sobre os ingresos alleos, pero restritivos nos propios da Xunta de Galicia. Uns orzamentos que medran grazas aos fondos do Estado e grazas aos fondos da Unión Europea, (*Aplausos.*) uns fondos que chegan a este proxecto de orzamentos grazas á aposta dende o primeiro momento do Goberno do Estado, do Goberno de Pedro Sánchez, para que ninguén quede atrás. (*Aplausos.*)



Teño que recordarlle, señor conselleiro, que, mentres o presidente Sánchez negociaba no seo da Unión Europea estes fondos, os do seu partido, os seus compañeiros en Europa, boicoteaban para que eses ingresos non chegaran ao noso país, para que non chegaran a estes orzamentos, aos orzamentos que trae hoxe vostede aquí. É unha actitude vergoñenta e dunha baixaza política (*Aplausos.*) sen precedentes.

Eu preguntolle: ¿que pasaría se os intentos do seu partido na Unión Europea frutificaran e estes fondos non chegaran a estes orzamentos, señor conselleiro? Explíquenolo a todos os galegos e a todas as galegas. Xa llo preguntei noutra ocasión e estou esperando a súa resposta. Porque o silencio cómplice do Goberno Feijóo tamén foi culpable dese intento por boicotear eses fondos.

Señor conselleiro, o Goberno galego, ao mesmo tempo que se gaba do expansivo dos orzamentos, critica o Goberno de Pedro Sánchez, facéndoo culpable de todos os males. Mire, aclárense, porque as dúas afirmacións no mesmo discurso son incompatibles. Adíquense a traballar en colaboración con todas as administracións públicas, co Goberno do Estado, coas deputacións e cos concellos, para saír o máis axiña posible desta crise sanitaria, económica e social, porque para iso votáronlles os galegos e as galegas hai uns meses. Renuncien á bronca partidista e atendan ás necesidades das persoas.

Señor conselleiro, vostede trae un proxecto de orzamentos que desaproveita a oportunidade histórica que propician estes fondos que veñen da Unión Europea e que veñen do Estado; uns fondos que son imprescindibles para mudar a acción do Goberno galego durante once anos, imprescindibles para sentar as bases do cambio na estrutura produtiva de Galicia, imprescindibles para reforzar os servizos públicos, imprescindibles para a reconstrución social do noso país.

Vostede presenta hoxe un proxecto de orzamentos opaco no que abundan partidas xenéricas que impiden a información transparente que exige a Lei de transparencia e co ánimo de intentar furtar o debate aos partidos da oposición.

Vostedes falan duns orzamentos de man tendida, pero a realidade é que non se teñen achegado en ningún momento a este partido político para consensuar algo deste proxecto. E xa veremos as emendas que nos aceptan; se é como en anos anteriores, ningunha, cero. Vostedes din unha cousa para despois facer a contraria.

Señor Martínez, os socialistas traemos hoxe aquí a este pleno do Parlamento unha emenda, unha emenda na que temos en conta os 1.341 homes e mulleres que perderon a vida na nosa Galicia como consecuencia da covid-19, na que temos en conta o sufrimento das súas familias, unha emenda na que temos en conta os que están padecendo esta enfermidade e tamén temos en conta os que están a sufrir as consecuencias desta pandemia na vertente económica e tamén na súa vertente social.

Presentamos unha emenda que aumentaría a cantidade total dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021 ata chegar aos 13.600 millóns de euros, é dicir, un 15 % máis respecto ao ano anterior. Unha emenda na que propoñemos unha política de ingresos non



conformista e máis progresista, que nada ten que ver con esa alerta falsamente infundada que vostede manifestaba hoxe pola mañá dicindo que queremos subirlles os impostos a todos os galegos.

Presentamos unha emenda para que a Xunta de Galicia non renuncie, como vén sendo habitual, a incrementar os seus propios ingresos, para axudar con estes recursos os máis prejudicados por esta pandemia, cunha visión máis solidaria da sociedade no seu conxunto, de xeito que quen gane moito máis, quen recibe herdanzas millonarias e quen utilice os recursos de todos e de todas terá que achegar máis recursos para que poidamos saír todos xuntos desta crise.

Os socialistas propoñemos ao mesmo tempo mellorar a xestión recadatoria, reforzar a loita contra a fraude fiscal e minorar os gastos improdutivos. Na nosa emenda estimamos unha folgura na provisión de ingresos que deberá ser empregada basicamente en fomentar as políticas públicas para fixar poboación, a loita contra o paro e a precariedade laboral, apuntalar o gasto de carácter social, impedir a deterioración dos servizos públicos fundamentais, mellorar o noso medio ambiente e promulgar actuacións no eido produtivo e industrial.

Mire, señor conselleiro, os socialistas pensamos nos galegos e nas galegas que perderon a vida como consecuencia da covid-19 e nos que están a padecer a enfermidade, apostando firmemente pola sanidade.

Señor Martínez, eu preguntolle: vostedes ¿que non entenderon desta pandemia? ¿Seguen sen ser conscientes de que once anos de recortes na sanidade pública galega teñen consecuencias sobre a vida dos galegos e das galegas? *(Aplausos.)*

Vostedes traen unhas contas nas que a sanidade medra menos que o incremento global do orzamento, case dous puntos menos, e que perde peso relativo dentro do orzamento total para 2021. Pero é que se miramos aqueles programas que todos os expertos apuntan como máis necesarios, como son a atención primaria, pois resulta que só medra un 7,46 %, é dicir, un 44 % menos do que incrementan as contas no seu conxunto.

Señor conselleiro, fronte á indolencia das súas contas, os socialistas presentamos unha emenda na que o orzamento para a sanidade pública medraría na mesma proporción que o orzamento no seu conxunto, achegando máis de 121 millóns de euros netos —netos— máis para a sanidade, 74 millóns de euros deses netos para atención primaria.

Os socialistas, con esta emenda, poñemos de manifesto con recursos o noso compromiso inequívoco cunha sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta, que aposte pola atención primaria, que incremente o número de profesionais con emprego de calidade, que blinde os servizos sanitarios a todas as persoas que teñan dereito, con independencia de onde residan, dotando financeiramente unha serie de infraestruturas no ámbito da sanidade pendente dende hai anos. Unha emenda que activa plans de actuación non contemplados ou insuficientemente dotados pola Xunta de Galicia, como poden ser o Plan de saúde mental, a promoción de hábitos saudables ou un programa de loita contra a adicción ao xogo.



Señor conselleiro, os socialistas tamén pensamos nos nenos e nas nenas de Galicia, propoñendo unha emenda que garante o dereito a unha educación universal, gratuíta e de calidade, independentemente da capacidade económica e do lugar onde vivan, así como para cubrir o reto da dixitalización para todos eles e para todas elas.

Por iso, fronte a unhas contas que non apostan por reverter eses once anos de recortes do Goberno galego en educación, unhas contas nas que a educación medra a metade que o incremento do presuposto no seu conxunto e que tamén perde peso relativo no conxunto do orzamento para este ano 2021, os socialistas traemos unha emenda que incrementaría en 113 millóns de euros netos o orzamento en educación, coa dotación necesaria para incrementar o cadro de persoal con emprego de calidade, incrementando a dotación para comedores escolares e para previr o abandono escolar; apostando pola dixitalización, dotando todo o alumnado das ferramentas necesarias para que ninguén quede atrás por falla de recursos tecnolóxicos; poñendo recursos para que todo o alumnado que se incorpore á universidade non pague a primeira matrícula; incrementando as bolsas para o alumnado universitario; fomentando a I+D+i universitaria; rehabilitando e mellorando os centros educativos, os centros de educación especial e os centros de ensinanzas artísticas; ou incrementando a dotación para a normalización lingüística, entre outros.

Os socialistas tamén pensamos nas persoas e nas empresas que están a sufrir esta pandemia na súa vertente económica, fronte ao proxecto de orzamento da Xunta de Galicia, que carece de estratexia e compromiso no relativo á modernización e á potenciación dos sectores produtivos galegos, que non asume os retos da transición ecolóxica ou da dixitalización e que non muda a súa inacción en materia de política industrial, e que ademais reduce as partidas para fixar poboación no rural; un proxecto de orzamentos que renuncia a poñer os recursos necesarios para que o noso tecido produtivo poida resistir durante este tempo de tantas dificultades, nomeadamente os sectores da hostalería, do ocio, o mundo da cultura, o comercio, as persoas autónomas e as pequenas e medianas empresas; un proxecto de orzamento da Xunta de Galicia que para as partidas de fomento da empregabilidade e formación profesional de desempregados incrementa respectivamente un 2,92 % e un 1,24 %, mentres que no programa de fomento do emprego, emprego autónomo e de mercado de traballo contan cun importante incremento, grazas ás partidas finalistas do Estado. Pero é que mire, señor conselleiro, simplemente con dotar orzamentariamente as partidas, se non hai cambio de estratexia, non é suficiente, porque nesta décima lexislatura para esta partida que incrementan considerablemente deixaron vostedes sen executar case 450 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Fronte a este proxecto continuísta da Xunta de Galicia, os socialistas presentamos unha emenda que crea novas partidas e incrementa outras, para que as persoas autónomas poidan continuar coa súa actividade, para evitar o peche de empresas, para evitar a destrución de emprego, para o que propoñemos crear un plan para unha transición enerxética xusta, axudas cara a unha menor dependencia da carbonización, dotar unha partida para actuacións en materia de industrias electointensivas, un plan de actuación para a viabilidade de empresas en crise, dinamizar o solo empresarial, crear un plan de captación de investimentos e un plan de xestión para o desenvolvemento empresarial no rural, incrementar as partidas orzamentarias que permitan reverter o abandono da Xunta de Galicia durante once anos en materia de I+D+i.



Incrementar as partidas para que o despregue tecnolóxico sexa por fin unha realidade no noso país; un despregue que foi adiado continuamente por este goberno, acadando unha fenda dixital que nos polariza como sociedade e que se ten evidenciado aínda máis durante os meses de confinamento e de restricións da mobilidade, cando unha parte do alumnado galego non puido desenvolver as súas clases *on line*, fundamentalmente aqueles que vivimos no rural, e unha parte dos traballadores non puideron sumarse ao teletraballo para poder dar continuidade tamén ao seu desenvolvemento laboral.

Os socialistas propoñemos na nosa emenda dotar un plan de emprego de calidade, acordado coas demais administracións e cos axentes sociais e económicos, que afonde nas causas do desemprego na nosa comunidade e que rectifique o gran fracaso das políticas de emprego do Goberno Feijóo durante estes once anos, que, por moito que vostede diga hoxe pola mañá —e hoxe non teño moito máis tempo—, non permitiron recuperar o nivel de poboación ocupado que había en 2009. E recórdolle que temos perdido máis de 96.000 persoas; e iso tamén conta nas taxas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E non impediron o nivel de precariedade laboral existente no noso país, creando a clase traballadora pobre, e que ano tras ano teñen un nivel de execución baixo e moi baixo, vergonzante.

Pola contra, os socialistas propoñemos un plan de emprego dotado financeiramente para políticas activas de emprego, que priorice o emprego xuvenil e o retorno das persoas galegas que residen fóra. Programas dirixidos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente, déixeme rematar este apartado— ás persoas paradas de longa duración que xa esgotaron as súas prestacións, un plan que potencie o emprego feminino e a redución da fenda laboral e un plan que apoie os concellos como axentes dinamizadores do emprego e reforzar mesmamente as oficinas de emprego.

Como o tempo é pouco, intentarei rematar a miña intervención no segundo turno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao seguinte grupo autor de emendas. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.



Boa tarde, señorías. Boa tarde, señor conselleiro.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentamos esta emenda á totalidade do Proxecto de orzamentos para evidenciar que non están á altura do gran reto ao que se enfronta o noso país, para evidenciar que non recolle medidas necesarias para ser a gran panca que precisa neste momento Galiza e as súas maiorías sociais para saír da crise na que xa estamos e construír un novo modelo económico e social que supere as debilidades e as desigualdades, as que xerou e as que había xa antes da irrupción da pandemia no noso mundo.

Porque o certo é que a covid-19 situou Galiza e o mundo enteiro nunha encrucillada. Por iso, hoxe debatemos algo máis profundo que a tramitación duns orzamentos máis. Hoxe xogamos que haxa unha folla de ruta conducente a unha saída galega e xusta, pensada desde as nosas capacidades e as nosas potencialidades, ou unha repetición das receitas fracasadas da anterior. Xogámonos facer algo diferente ou asistir como espectadores ás mesmas políticas centralistas e neoliberais que se aplicaron no pasado e que tiveron un resultado brutal: menos emprego, de menos calidade, estrangulamento dos sectores produtivos, emigración de xeracións enteiras, a disolución do sistema financeiro e un profundo proceso de recentralización política, pero tamén económica, e unhas consecuencias que —tamén hai que dicilo— non nos deixaron maior capacidade de resistencia ao embate da covid senón todo o contrario.

E pola mañá atribuíásenos á oposición dicir o mesmo e o contrario ao mesmo tempo. Eu vou intentar ser clara. Nós non observamos nin a máis mínima rectificación neste proxecto. É evidente que o Partido Popular xa adoptou unha folla de ruta, tan unilateral como previsible, que é manter o paso firme do baleirado dos servizos públicos, da renuncia a intervir activamente na economía e do autogoberno.

Por poñer exemplos, neste orzamento, tal e como xa indicabamos pola mañá e noutros debates, non se move ningunha coma da política fiscal, non se aposta pola participación pública nos sectores estratéxicos. Despois de ofrecer medallas ás profesionais que máis loitaron contra a pandemia nestes orzamentos, non hai unha aposta nin por incrementar dereitos laborais nin sociais, nin por blindar os servizos públicos. Tampouco se atenden as urxencias dos sectores máis afogados que están ao borde da ruína nin se asume unha das leccións indiscutibles que deixa esta pandemia, que é que a aposta pola ciencia e a investigación ten que estar no centro para facernos máis fortes. Polo tanto, a nosa conclusión é que estes orzamentos son unha moi mala nova para o noso país.

E fronte a uns orzamentos que son un cúmulo de oportunidades perdidas, pois reflectimos na nosa emenda alternativa, na nosa emenda á totalidade, unha proposta de ingresos e prioridades diferentes, mobilizando 1.600 millóns de euros para facer algo doutra maneira.

Respecto dos ingresos, somos claras, señor Martínez. Pola mañá dicía que non o dicíamos claramente, eu vou intentar dicilo de forma clara. Estes van ser os únicos orzamentos expansivos da lexislatura, con fondos extraordinarios, pero os problemas da covid e do noso país non van rematar desafortunadamente en doce meses e a previsión é que despois fagan



falta máis ingresos. Polo tanto, nós dicímolos moi claro: hai que subir impostos, claro que si, pero a quen máis ten, para redistribuír con quen menos ten. É así de sinxelo, señor Martínez e o que propoñemos na nosa emenda é aproveitar a marxe que nos dá o autogoberno para introducir unha maior progresividade; un autogoberno, por certo, efectivamente, grazas a un estatuto, pero a un estatuto que non foi interrompido por unha Guerra Civil, que foi interrompido por un alzamento militar, e debémoslles a todas as persoas, (*Aplausos.*) homes e mulleres que morreron por el, non reescribir a historia.

Hai unha necesidade —como digo— innegable de incrementar os ingresos propios e, sobre todo, máis que nada, de redistribuír a riqueza, que durante a crise financeira se distribuíu irregularmente. Por iso, incluímos medidas para dotar de maior progresividade o IRPF, o imposto de patrimonio e tamén o de sucesións e doazóns. E claro que hai que facelo. O mellor exemplo para nós de que aínda nunha crise económica sen precedentes vostedes seguen instalados en primar máis a quen máis ten sobre o que menos ten é que neste contexto sigan emperrados en eximir de pagar un só céntimo a quen herda un millón de euros, señor Martínez. Nós dicímosllo así de claro: parécenos unha aberración, parécenos absolutamente escandaloso neste contexto económico.

E para poñer as cousas tamén no contexto, un millón de euros, por exemplo, é o que incrementan dentro da partida de política social un plan específico de loita contra a desigualdade económica. É lamentable que un goberno que sabe que no peche de 2019 tiña case un cuarto da poboación do noso país en risco de exclusión e pobreza estea máis preocupado por manter este *statu quo* que por acadar máis recursos pola vía impositiva para poder paliar a quen menos ten.

Nós, desde logo, iso non o atribuímos á súa interpretación do keynesianismo, senón que está claro que é outra medida de capitalismo salvaxe e que, desde logo, non vai contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego, e traballaremos por ofrecer unha alternativa e tamén desenvolvendo tributos propios.

Porque, efectivamente, a política impositiva serve para acadar montantes que poder transferir as políticas públicas, pero as políticas impositivas tamén serven para modelar a sociedade, e a Galiza que quere o BNG está sentada nos piares da xustiza social, da saúde e da sostibilidade. Por iso, propoñemos gravar as grandes superficies comerciais, as bebidas azucaradas, as vivendas baleiras e novas imposicións medioambientais.

E quixera deixar tamén aquí unha última reflexión respecto dos ingresos e insistir nunha cuestión que tamén saíu ao longo do debate orzamentario. A nós parécenos alarmante que vostedes asuman un marco no que temos que aceptar que o Goberno central transfira a este país da contía que xa está a distribuír dos fondos europeos unha contía menor que o que pensamos por poboación. Igual que nos parece alarmante que veña aquí o Partido Socialista dicir que lle temos que dar grazas a Pedro Sánchez por este debate. Desde logo, apelamos unha vez máis a que uns e outros deixen de facer unha pinza centralista e se sumen ao BNG nesta demanda. O mínimo desa contía ten que ser o peso de poboación. (*Aplausos.*)

Respecto das prioridades de gasto, apostamos por tres liñas moi claras, que para nós non están recollidas nestes orzamentos, por moito que vostedes aplicaran moita política cosmética na



denominación das partidas ou na reordenación dalgúns dos gastos. En primeiro lugar, atender as urxencias para que ninguén quede atrás; en segundo lugar, blindar os servizos públicos; en terceiro lugar, apostar pola ciencia e innovación para un cambio de modelo produtivo.

Entendemos que, en primeiro lugar, hai que atender as urxencias de moitos sectores e colectivos que están coa auga ao pescozo e que ninguén quede atrás, e para iso propoñemos mobilizar máis de 125 millóns de euros en diferentes plans que axudan a diferentes colectivos, maioritariamente protagonizados por autónomos e autónomas, que levan desatendidos por parte do Goberno galego oito meses de pandemia. Por presión social, vostedes empezaron a mover algo, pero é aínda insuficiente. Necesitamos máis recursos para que este piar da nosa economía poida sobrevivir a este embate. E tamén introducimos outras medidas para sectores que necesitan un impulso, como unha reorientación do modelo turístico, porque reduciilo todo ao Xacobeo era curtomirista onte, pero desde logo nesta situación da Galiza covid é directamente suicida.

Introducimos tamén medidas para o comercio de proximidade e propostas para atender outras emerxencias, por exemplo, a vivenda. Hai un gran problema de vivenda no noso país. Hoxe é un luxo, non é un dereito. Máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedican máis dun 30 % das rendas que ingresan ao alugueiro, e, polo tanto, propoñemos dar unha resposta ambiciosa a través dun plan de garantía de acceso á vivenda para persoas en situación de precariedade económica, que sabemos que van ser cada vez máis, incrementar tamén o parque de vivenda pública de alugueiro e mobilizar vivenda baleira.

E, entre as urxencias, tamén entendemos que teñen que estar, de forma específica, con nomes e apelidos, eses colectivos sociais que máis están pagando esta crise, como é a mocidade ou como son as mulleres, para o que propoñemos plans específicos de actuación. E tamén insistimos en blindar os recursos contra a violencia machista, porque sabemos que cada crise económica pon en cuestión os dereitos que ten conseguido o feminismo, e non imos permitir que esta sexa unha nova oportunidade para un rearme do patriarcado.

En segundo lugar, propoñemos blindar os servizos públicos, porque vostedes, efectivamente, din unha cousa, nas notas de prensa, pero despois na letra orzamentaria aparece outra. E non se poden vender uns orzamentos cuxa media en sanidade e ensino incrementan por debaixo da media cuns orzamentos sociais. Iso dirémolo ata a saciedade neste debate.

Nós propoñemos unha reordenación do gasto e tamén atender a aspectos que nos dá a sensación de que non están ben atendidos como deberan. Nese sentido propoñemos mobilizar máis de 600 millóns de euros para marcar prioridades que están ausentes neste proxecto, un plan de continxencia para garantir a continuidade e a equidade na asistencia sanitaria, tanto das doentes covid como do resto de patoloxías, como eliminar as listas de agarda.

Propoñemos tamén un novo modelo de atención primaria, porque se algo demostrou esta crise é que é necesario, e unha estratexia de eliminación da precariedade do persoal.

Insistimos noutras ausencias, como unha que vostede non foi quen de negar no debate pola mañá: un verdadeiro plan de atención á saúde mental. Porque —insistimos— hai un con-



senso científico en que a cuarta vaga que vai vivir o noso país polo coronavirus vai ser a vaga da saúde mental, e non hai nestes orzamentos os recursos adecuados para atender unha necesidade que nin é nova nin é a primeira vez que nós ou os colectivos na materia poñemos enriba da mesa. Polo tanto, entendemos que nesta cuestión deben vostedes deixar de practicar o negacionismo e atender algunhas das nosas emendas.

Tamén o capítulo dos servizos e da política social é para nós fundamental, porque non hai unha reorientación do modelo a seguir nestes orzamentos. Iso é moi preocupante, porque se algo fixo esta crise da covid foi poñer de relevo que un modelo que converteu os coidados no negocio e sobreexplotando as traballadoras, maioritariamente mulleres, destes ámbitos non é sostible e necesita un cambio de rumbo. Non podemos deixar igual os aspectos que máis dano causaron, e por iso nas nosas emendas materialízase un novo modelo de residencias e tamén a dignificación do servizo de axuda ao domicilio.

Tamén apostamos por medidas para frear o empobrecemento de colectivos que son moi vulnerables, como, por exemplo, aqueles das persoas que cobran as pensións non contributivas e cuxo complemento autonómico debe ser incrementado.

E, finalmente, en terceiro lugar, no ámbito económico todas e todos deberamos ser conscientes de que estes deberan ser os orzamentos dun cambio estratéxico, que aquí non aparece nin sequera enunciado. Nós propoñemos apostar pola ciencia e a innovación cara a un cambio de modelo produtivo, porque nesta pandemia vimos efectivamente a fortaleza daqueles países que apostaran anteriormente pola innovación e pola ciencia. Vimos que daban unha mellor resposta á pandemia, que tiñan menos resentimento económico e que teñen nas súas sociedades tamén menos desigualdade.

E, polo tanto, cara a aí teñen que ir os orzamentos, que deben facer —iso si— unha emenda á totalidade dos seus once anos anteriores. E por iso propoñemos un incremento de investimento, ferramentas para reter e captar talento, e blindar un pacto galego pola ciencia, que debería marcar como obxectivo chegar o antes posible a un 2,5 % do produto interior bruto; por certo, un obxectivo que nalgún dos plans que asinou o conselleiro que ten vostede de lado aparecía anunciado pero que despois as políticas económicas que arbitraban non ían nese sentido.

E se algo demostrou tamén a crise industrial que vivía o noso país, xa antes da chegada da crise da covid, esa crise industrial preexistente, é que o camiño da desregulación e do abandono do público, dos sectores estratéxicos, foi un absoluto fracaso que nos levou a un modelo de enclave que unicamente trouxo precariedade, espolio, saqueo e precarización.

Hoxe podemos falar de Alcoa, das Pontes, de Ferroatlántica, de moitas empresas do noso país, que todas teñen en común que se están hoxe nunha crise tan grave é por un modelo que dopou de recursos públicos o privado sen control público. Porque, efectivamente, vostede á mañá falaba da colaboración público-privada. Pero unha cuestión é a colaboración público-privada e outra cousa é que o público se desentenda do que acontece no marco privado. E iso foi o que aconteceu nalgún destes casos, e por iso hoxe Galiza paga as consecuencias. Fronte a iso, nós apostamos por un cambio de modelo, apostamos —e xa o sabe vostede—



pola participación pública nos sectores estratéxicos. Sectores como o naval ou sectores como a enerxía non poden estar divorciados da axenda pública do noso país e da súa axenda industrial.

Apostamos tamén por unha estratexia galega de reindustrialización e de peche de ciclos produtivos no noso país, e tamén insistimos nun aspecto que é clave. Estamos nun momento decisivo. Vimos de coñecer a sentenza do ERE de Alcoa, pero o tribunal non vai garantir a continuidade da produción e dos postos de traballo. A única solución —seguimos insistindo— é a intervención pública. Asuman ese marco e poñan vostedes tamén da súa parte. Nós exixímolos tamén na tramitación dos orzamentos do Estado, exixímolos no ámbito do Congreso das e dos Deputados, pero poñan algo tamén desde a Xunta de Galiza. Aproben unha emenda para ser parte dese proceso de participación pública e fagan así que se incline a balanza e que poida haber unha solución en Alcoa.

E, por último, xunto coa pandemia da covid, tamén camiña outra pandemia que non podemos negar, que é a pandemia da crise climática que sofre o noso planeta. Por iso, apostamos por revitalizar os sectores produtivos tradicionais, modernizándoos, o agro e tamén o mar, pola transformación innovadora e o fomento de madeiras autóctonas e a aposta por un monte multifuncional fronte ao modelo do saqueo para Ence, e tamén por medidas de cambio de rumbo orientadas a un plan de acción para a preservación da biodiversidade e da loita contra a crise ambiental, onde por suposto unha estratexia galega para a compostaxe e unha axencia de residuos e compostaxe, fronte ao modelo Sogama, teñen que ser prioridades absolutas.

En conclusión, señorías do Partido Popular, o que presentamos é unha batería de emendas que combinan dúas cuestións moi claras: as urxencias e as luces largas para un cambio de modelo estratéxico.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Xogámonos neste momento que vostedes saian da súa soberbia e que este país poida aproveitar unha oportunidade inédita de converter esta crise tamén nunha oportunidade para cambiar por un modelo máis xusto para Galiza e para as súas maiorías socias.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a continuación o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, señor presidente.



Esta mañá tivemos ocasión de debater e confrontar modelos de política económica, e obviamente temos posicións moi diferentes, con distinta intensidade, ben sexa pola señora Rodríguez Rumbo ou pola señora Presas. Boa parte da súa intervención —libremente— ten que ver máis co debate da mañá que co que son as emendas propiamente ditas que temos nesta tarde. Eu non sei se é que consideran que pola mañá non o fixeron moi ben os seus xefes de filas, pero teñan coidado tamén coa apreciación, ¿non?, porque, obviamente, eu si que non me podo emendar a min mesmo no que comentei hoxe pola mañá e as miñas palabras van ter que ver nestes momentos coas súas emendas presentadas.

Creo que é lóxico que teñamos modelos distintos, e non ten por que ser incompatible co esforzo de achegar posturas co fin de enriquecer o proxecto que temos nesta cámara. Por suposto, vaia por adiantado que temos vontade de chegar a acordos, e penso que no debate desta mañá quedou claro. Reitero por primeira vez algo moi querido por este que lles fala, como é o Fondo Consenso, pero, claro, logo de analizar os nosos equipos da Consellería de Facenda e Administración Pública as emendas transversais dos grupos da oposición —eu si que me vou cingir a esta primeira parte—, resulta moi difícil poder chegar a acordos, xa que parten de premisas que non poden ser atendidas. Explicareime.

Existen motivos obxectivos para que dende o Goberno galego non poidamos aceptar a maioría das súas propostas, a gran maioría das súas propostas, porque algunhas das que presentan son imposibles de levar á práctica, porque retiran partidas finalistas que precisamente por ese carácter non se poden empregar na proposta alternativa que formulan. Noutros casos eliminan proxectos ou recursos necesarios para o funcionamento da Administración e a prestación de servizos. E, por suposto, unha vez máis formulo en sede parlamentaria que non estamos de acordo en subir impostos, en crear outros novos, mesmo sen explicar a súa función e como acadan a suposta recadación que din pretender.

Señorías, temos modelos diferentes, e unha das grandes discrepancias pola nosa parte é na maneira en que os grupos da oposición queren contar con máis ingresos. Resulta sorprendente que tanto o BNG como o PSdeG queiran subirlles os impostos aos galegos, cando temos un orzamento que medra case en 1.500 millóns de euros, no que o gasto non financeiro medra moi preto do 14 % e o investimento o fai un 53 %. ¿De verdade que cren que este é o momento de subirlles os impostos aos galegos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E máis sorprendente resulta que socialistas e nacionalistas presenten as mesmas receitas nun ano en que a economía medraba con forza que para un ano tan excepcional coma este, no que estamos metidos no medio dunha pandemia.

Señores da oposición, na miña visión só teñen unha proposta: máis impostos para os galegos cando as cousas van ben e máis impostos para os galegos cando existen tantas dificultades coma neste momento.

Polo tanto, o Goberno galego non pode aceptar as súas emendas, e o noso modelo obviamente é o contrario: baixar impostos sempre que poidamos e, en todo caso, evitar subilos, como facemos no orzamento para o vindeiro 2021.



Ademais, tamén optamos por incluír nos orzamentos tan só os ingresos que temos certeza de percibir, e, en caso de calquera dúbida razoable, somos prudentes nas nosas previsións, como nos casos dos fondos React-EU; ogallá recibísemos máis; non teñan dúbida de que os incluiremos gustosamente tan pronto como teñamos certeza disto. Vaíamos, pois, polo miúdo.

Á voceira do PSdeG, dende o primeiro momento xa lle digo que non imos aceptar que lles queiran subir en máis de 200 millóns os impostos aos galegos e ás galegas, porque as propostas dos socialistas en materia fiscal limítanse a crear novas figuras impositivas, a aumentar a tributación das existentes, e o Goberno galego —reitero— non considera que este sexa o momento de subir impostos, curiosamente como a inmensa maioría de países e rexións na Unión Europea. É máis, tomamos a decisión de consolidar as importantísimas rebaixas de impostos que temos aprobadas dende o 2016, e das que xa se teñen beneficiado —como sinalaba hoxe pola mañá— máis de 568.000 galegos e galegas, e que o vindeiro ano beneficiarán outras 115.000 persoas, sen ter en conta a rebaixa autonómica do noso IRPF.

Precisamente, en materia de IRPF, rexeitamos que os galegos paguen 20,4 millóns de euros máis. Proponen aumentar a escala autonómica para bases superiores aos 50.000 euros, sen fixar a mesma, polo que non podemos saber como calculan o seu impacto.

¿De verdade consideran dende o PSdeG que a partir de 50.000 euros un cidadán é rico? ¿Alguén cunha base de 50.000 euros e dous ou tres fillos ten a categoría de rico para o PSdeG?

Miren, na Xunta aprobamos no 2016 unha rebaixa do tramo autonómico do IRPF, mantendo a progresividade existente e rebaixando este imposto para o 98,5 % dos contribuíntes, e cunha suba para as rendas altas —dígase todo—. Iso cremos que é a progresividade.

Tamén rexeitamos subir aos galegos outros 28,1 millóns de euros no imposto de patrimonio. Neste caso, lembramos, por un lado, que esta comunidade carece de competencia normativa para alterar o importe exento en concepto de vivenda habitual, que, como saberán, na actualidade está fixado en 300.000 euros por declarante. E, por outra parte, sinalarlles que Galicia ten actualmente a tarifa vixente no Estado que é exactamente a mesma que aplicou o Goberno bipartito entre 2005 e 2009. ¿Semella, pois, que antes valía e agora non?

Igualmente, rexeitamos incrementar en 65 millóns de euros a recadación do imposto de sucesións e aumentar en 21 o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, sen base para obter esta cuantificación.

Din vostedes que estes cálculos son en función das cifras das liquidacións coñecidas de períodos anteriores e tendo en conta a súa previsible evolución nun contexto no que se posibilitan as herdanzas en vida e derivadas da covid-19. En canto ás cifras das liquidacións, que xa son coñecidas no que vai de ano, teño que facerlles unha aclaración, que xa é recorrente, pois cometen esta imprecisión cada ano. Estamos a falar de dereitos recoñecidos netos e nesa cantidade están incluídos tamén os importes procedentes de anos anteriores, ben porque a Administración tributaria concedeu un aprazamento ou fraccionamento do ingreso, ben porque ese ingreso se atopaba suspendido, ou ben porque está en período voluntario de pago, que, tal como establece a normativa autonómica, anúlase ao final do exercicio.



Respecto das herdanzas en vida, que existen na nosa Lei de dereito civil dende 1995, non é ningunha novidade a súa tributación, está prevista no impacto do imposto de sucesións e doazóns. Neste caso —xa llelo comentei pola mañá— agardo que o Partido Socialista apoie o Goberno se se produce un ataque á nosa autonomía financeira e se penalizan no IRPF estas herdanzas en vida.

En relación co imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, tal e como se reflicte na memoria de ingresos entregada a esta cámara, xa se están tendo en conta as previsións da evolución económica derivada da covid-19, sinaladamente nos catro-cinco primeiros meses do próximo exercicio. E tamén rexeitamos a proposta do Partido Socialista de Galicia de crear novos impostos propios para recadar 29 millóns de euros.

O Grupo Socialista propón tres novos impostos: sobre grandes superficies comerciais, sobre as instalacións que inciden no medio como as de telefonía e telemática e as liñas de transporte de enerxía eléctrica e, en último lugar, sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera.

Antes de entrar en cada un deles, o primeiro que quero sinalar é que a iniciativa de creación de novos impostos non debe tomarse á lixeira, porque toda proposta debe de ir acompañada dunha xustificación e dunha análise das súas implicacións. Pretenden recadar 4,5 millóns coa posta en marcha dun imposto autonómico sobre as grandes superficies e nin din como calculan esa cifra nin que modelo pretenden, para saber se o Tribunal Supremo podería indicar que estamos ante unha xunta de estado, cuestionada —como ben coñecen— pola Unión Europea.

Pretenden recadar tamén 18 millóns de euros con impostos sobre instalacións que inciden no medio —como dicía antes—, como son as de telefonía, telemáticas, novas liñas de transporte e de enerxía eléctrica. Neste caso tamén descoñecemos como calculan ese importe. Por iso —e acudindo en termos comparados a outras autonomías que o teñen implantado, dígase Asturias, A Rioxa, Extremadura ou Canarias, aínda que nesta última a súa aplicación está suspendida—, cos tipos impositivos aprobados a recadación oscilaría entre 1 e 2,2 millóns de euros, polo que, obviamente, non parece aconsellable o establecemento dun imposto novo por esta contía. Ademais, hai que ter en conta que, vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse se é conveniente establecer figuras impositivas que poidan ser finalmente repercutidas ao consumidor final. Non conten con nós para iso.

E pretenden recadar 6,5 millóns cun imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. De novo descoñecemos como os calculan, e ademais tampouco se aclara cales son os gases nocivos que se pretenden gravar. En calquera caso, dúas cuestións ao respecto: a primeira, Galicia xa ten un imposto propio que grava substancias contaminantes á atmosfera, e estámolo aplicando desde 1996, o imposto que se denomina de contaminación atmosférica (ICA); e, a segunda, a aplicación do feito imponible do ICA a calquera das outras substancias gravadas noutras comunidades autónomas non reportaría en absoluto unha cifra como a que propoñen. Hai que ter en conta que a recadación actual do ICA está ao redor do millón de euros.

Tamén rexeitamos no momento en que propoñen o actual gravame sobre aproveitamentos pola auga encorada para recadar 6,5 millóns de euros. A súa formulación non ten en conta



a natureza do gravame, pois trátase dun imposto ambiental, un tributo de carácter extra-fiscal dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental. Por tanto, non cabe a súa modificación por motivos exclusivamente recadatorios.

Sobre a mellora da xestión recadatoria e o reforzo da loita contra a fraude fiscal, estiman un aumento nos ingresos conxunto para ambas as propostas pero volven a non detallar o seu importe. Agás se temos en conta no apartado de loita contra a fraude a partida que imputan de 12 millóns a multas e sancións tributarias, como comprenderán, non podemos valorar se os seus cálculos son correctos. O que si quero salientar é que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, vén impulsando a loita contra a fraude fiscal dende o 2009 e reforzámola coa creación da nosa Axencia Tributaria Galega. Neste senso só o pasado ano na Atriga logrouse aflorar 107,8 millóns de débeda non declarada grazas ás actuacións de control fiscal.

Finalmente, rexeitamos o aumento no imposto sobre actividades do xogo por 5,25 millóns de euros. Non podemos entrar a valoralo ao non atopar ningunha explicación de como aplícalo. En todo caso, a recadación derivada das taxas fiscais sobre o xogo mantense ao longo do tempo e neste ano víronse fortemente afectadas pola pandemia, xa que as medidas adoptadas para paliar incluíron os peches de locais nos que se desenvolve esta actividade de xogo, así como as restricións en aforos unha vez levantadas as ordes de peche.

Señores e señoras do PSdeG, agás esta última sobre actividades de xogo, as súas propostas en materia fiscal son practicamente as mesmas, un corta e pega pois tamén de cantidades, das que facían o ano pasado. ¿De verdade cren que a situación é a mesma cando o coronavirus mudou todo por completo?

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que o propoñen. Algunhas das emendas son simplemente imposibles de aceptar, porque non se poden levar á práctica, porque diminúen partidas financiadas maioritariamente con fondos europeos ou fondos finalistas do Estado, que non poden destinarse á alternativa que propoñen. Outras emendas, por reducir créditos para gastos de funcionamento, xa de por si moi axustados, non se poden atender, porque dificultarían a atención e o servizo público á cidadanía.

Tamén —e como xa comentabamos hoxe pola mañá— vén sendo habitual que reclamen reducir o gasto en persoal eventual. Xa sabemos que sempre fan esta proposta, pero é que, vindo do PSdeG, é que é realmente sorprendente, ¡tápanse un pouco! En 2009 en Galicia constituíron o Goberno máis caro da historia, e este mesmo ano no Goberno central o PSOE volve constituír o Goberno máis caro da historia de España. Pero vaíamos aos datos. ¿Saben canto temos aforrado dende o 2009 en altos cargos e persoal eventual? Pois case 110 millóns de euros, e calculado en termos nominais. E aínda para o 2021, pasados doce anos, o gasto en altos cargos e persoal eventual é moito menor do que gastaban vostedes no Goberno bipartito, en concreto un 26,4 % inferior. Sorpréndeme pois a posición do PSdeG porque piden xustamente o contrario do que fan.

Tamén é recorrente que pidan rebaixar gastos en partidas ás que destinamos menos da metade que o anterior Goberno. De novo, lémbrolles datos actualizados: gastos en material de



oficina, que os baixamos en máis dun 55 % dende o ano 2009; gastos en atencións protocolarias, que diminuímos máis dun 51 %; gastos en reunións, conferencias e cursos, que diminuíron en máis dun 48 %; gastos en publicidade e propaganda, que se reduciron practicamente un 56 %. Paréceme que non son necesarios máis exemplos.

E vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen. Unha das cuestións máis sorprendentes é que o PSdeG non quere deixar ao Goberno galego ningunha marxe de manobra nun momento en que a pandemia fai que teñamos que reforzar continuamente determinadas partidas de gasto. Neste sentido, resulta abraiante que prescindan da reserva estratéxica do Fondo Covid de 33 millóns de euros, pensado precisamente para cubrir calquera imprevisto. Se xa asignan esta reserva a partidas concretas, eliminan esta posibilidade.

Un ano máis, no seu afán de deixar o mínimo fondo de continxencia de sanidade, redúceno na súa gran maioría. De novo queren evitar calquera marxe de manobra para imprevistos. Pero o máis sorprendente é, se cabe, que tamén queren limitar a marxe de manobra para os grupos parlamentarios, os axentes económicos e sociais e o comité de expertos económicos, coa eliminación de gran parte do Fondo Consenso, precisamente reservado para o acordo. ¿Significa isto que o Partido Socialista xa está adiantando ao resto de grupos parlamentarios desta cámara que precisamente vostedes non teñen ningunha vontade de chegar a acordos para incluír proxectos de investimentos consensuados nos orzamentos do vindeiro ano? Creo que sería unha irresponsabilidade.

Por outro lado, nas súas emendas reiteran un procedemento errado, como é minorar as transferencias de certas entidades públicas, pero logo non diminúen o seu orzamento na mesma contía. Neste sentido, tamén son incongruentes, pois propoñen eliminar case por completo as transferencias a Augas de Galicia e a Portos de Galicia, pero noutras emendas propoñen distintas iniciativas para financiar investimentos nestes organismos. ¿En que quedamos?

Chámame moito a atención que reducen practicamente na súa totalidade partidas dedicadas ao acondicionamento e melloras en estradas. ¿Non queren que se arranxen? E eliminan actuacións de eficiencia enerxética en centros públicos, administrativos, escolares e centros de saúde. ¿U-lo compromiso coa transición ecolóxica?

En ocasións, co ánimo de querer repartir e singularizar proxectos en determinados concellos, sen entrar a valorar a viabilidade e as necesidades concretas, fan o máis fácil: poñen idéntica cantidade en varios concellos. Así, asignan 400.000 euros a cada centro de saúde, propoñen 300.000 euros en cada centro de día, formulan 200.000 euros para cada escola infantil. Non se complican a vida. ¿Esa é a súa lóxica de asignación? Creo que deberíamos ter un pouquiño máis de sensatez. O que lles pido é un pouquiño para cada sitio, sen analizar onde priorizar; ao final, algo para todos e pretender quedar ben e na práctica é non darlle para ninguén. Así creo que o fai calquera.

Nós o que facemos é incluír o orzamento axeitado en cada caso en función da fase na que se atopa cada proxecto. ¡Moitas veces me teñen escoitado nesta Cámara que gobernar é priorizar! Actuando así creo que temos un orzamento realista e crible.



E logo existen emendas que se refiren a seccións diferentes, pero nestas entendo que son erros atribuíbles a que houbo un cambio na estrutura do Goberno e que non se fixaron e seguiron coas seccións anteriores. En todo caso, non pasa nada, erros cometémolos todos —este que lles fala, máis ca ninguén, por suposto—. Entenderán, pois, que non poidamos aceptar as súas emendas.

Á voceira do BNG quero dicirlle tamén que rexeitamos subirlles aos galegos os impostos en case 275 millóns de euros. O primeiro que quero dicirlle é que non queremos que os galegos paguen case 22 millóns de euros máis polo IRPF. É verdade que vostedes propoñen subas a partir dos 120.000 euros, non dos 50.000 como o Partido Socialista. Vexo que o concepto de rico é diferente. Pero a xustificación para rexeitar as subidas do IRPF é a mesma que xa lle expuxen ao Grupo Socialista, no senso de que a reforma que fixemos no 2016 xa baixou o IRPF para a grande maioría de rendas que temos na comunidade autónoma —o 98,5 %—, gardando a progresividade e subindo para as rendas que teñen determinado tamaño.

Tampouco queremos que os galegos paguen 47 millóns de euros máis no imposto de sucesións e doazóns. Coas rebaixas que aprobamos no 2016 —como ata chegar ao 2020—, o noso obxectivo é manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica dunha familia cando falece un familiar directo. É unha medida que, como ben coñecen, xa beneficiou a máis de 460.000 galegos e galegas. E queremos que siga sendo así.

Igualmente, non queremos que os galegos paguen 40 millóns de euros máis polo imposto sobre patrimonio. Xa me referín á posición do Goberno galego sobre este imposto, pero, ademais, na proposta do BNG sobre a redución do mínimo exento e de elevación dos tipos de gravame non se indica cal sería ese mínimo exento nin a tarifa que habería que aplicar, polo que non é posible valorar o impacto que calculan. Tan só lle lembro o mesmo que ao Grupo Socialista: temos a mesma tarifa que aplicou o Goberno Bipartito entre os anos 2005 e 2009.

Tampouco queremos que os galegos paguen 113,8 millóns de euros máis pola creación de catro novos impostos —sobre redes de alta tensión, vivendas baleiras, grandes superficies comerciais e sobre bebidas con exceso de azucre—.

En canto á creación dun imposto sobre grandes superficies remítome ao que lle acabo de dicir ao Partido Socialista.

Sobre o imposto sobre redes de alta tensión para recadar 800.000 euros, tampouco coñecemos a estrutura de imposición que se formula ou como se calcula ese importe; pero, de novo, acudindo aos tipos impositivos doutras comunidades autónomas, oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros, co cal non parece moita riqueza para establecer un novo imposto por esta contía. E, ademais, como xa dixeran, as últimas sentenzas do Tribunal Supremo fan que se deban valorar estas figuras impositivas, porque finalmente poden ser repercutidas ao consumidor final. Como dicía anteriormente, non contan con nós para iso.

En relación co imposto autonómico sobre vivendas baleiras, a proposta do BNG non vén acompañada, de novo, de memoria xustificativa ningunha do obxecto e finalidade do im-



posto que se vai crear, nin da configuración nin dos seus elementos esenciais nin das consecuencias da súa implantación. Unicamente se cuantifica o impacto da nova medida fiscal, nada máis e nada menos que 36 millóns de euros. Señoría, nós temos outro modelo. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, regula o canon dos inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. O primeiro ingreso producírase neste 2021 e a xestión realízase mediante recibo. O inmovble será gravado nun 0,6 % sobre o valor catastral en caso de que fose declarado en ruína, e nun 0,4 % no resto dos casos. Ademais, o canon incrementarase nun 10 % por cada ano que permaneza en situación de estado de abandono.

Finalmente, sobre o imposto autonómico sobre bebidas con exceso de azucre, unha vez máis non hai nada de como calculan estes 15 millóns de euros de impacto recadador. ¿De verdade no BNG pensan recadar 15 millóns de euros con este imposto tendo en conta, ademais, que no *Proyecto de ley de presupuestos generales de Estado* que se está tramitando —a piques de aprobar nas Cortes— xa se sobe o IVE destas bebidas do 10 % ao 21 %?

Tampouco podemos estar de acordo na súa formulación de incluír neste momento 140 millóns de euros adicionais para o React-EU. Xa lles comentaba pola mañá que a nosa é unha estimación prudente. Se logo conseguimos máis fondos, benvidos sexan. E serán incluídos, obviamente, xerando crédito xa neste 2021.

Pero, tendo en conta que supeditan estes recursos adicionais a unha negociación co Goberno central, o que temos claro é que nesa pretendida negociación non enviáramos a negociar a ninguén do BNG, ¿non? Pois eu creo que lle farían o mesmo caso que lle fixeron na súa negociación para os orzamentos do Estado. É dicir, ningún.

Sobre as minoracións que formulan, en relación coa rebaixa dos gastos de persoal de gabinete e gastos inmateriais, remítome ao xa comentado respecto do PSdeG. Vostedes tamén formaron parte do goberno máis caro da historia de Galicia, con máis altos cargos, con máis consellerías e co maior gasto en asesores da historia. E cun engadido: tamén eran os máis rácanos en pagarlles aos eventuais —vostedes, tanto os progresistas dun lado coma doutro—. Había xente que non chegaba nin a 1.000 euros. Se queren, ensínolles as nóminas de todos os que tiñamos daquela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E a mesma política levan a cabo na partida de gastos inmateriais, que agora que están reducidos á metade —como sinalaba nalgúns exemplos hai un momento— lle parecen moito. Neste sentido permítanme darlle outro exemplo moi significativo. Nunha emenda a este tipo de gastos minoran en 60.000 euros un crédito que só ten nesa partida 9.000. Mire se gastamos pouco en gastos inmateriais que o que retiran non chega para a alternativa que formulan.

Outras minoracións. Ao igual que o Partido Socialista, en ocasións piden detraer recursos de partidas correspondentes a fondos finalistas ou europeos, mesmo do fondo React-EU, para destinalos a outras finalidades que non se corresponden, polo que, como xa lles expuxen, serían de imposible aplicación. E non son nin unha nin dúas nin tres, senón decenas. Igualmente teñen varias formulacións nas que primeiro diminúen as transferencias a entidades



ou organismos autónomos pero logo non as minoran na mesma cantidade nos orzamentos destes entes. Pasa isto nos orzamentos da Axencia Galega de Emerxencias, na de Turismo, no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e na Fundación Cidade da Cultura. Podería seguir, ¡eh!

Ademais, eliminan —*ojo al dato*— as subvencións directas á Confederación de Empresarios e aos sindicatos. ¿Esa é, de verdade, a posición do BNG cos axentes económicos e sociais? ¿En serio queren deixalos sen recursos? A min chámame moito a atención.

E logo temos outras emendas moi contraditorias. En ocasións teñen criticado o financiamento —hoxe á mañá tivémolo tamén— ás entidades locais. E cando se trata dos orzamentos presentan emendas para reduci-lo en máis de 5 millóns de euros. ¡Un pouco de coherencia, por favor!

E, por non seguir con moitos máis exemplos, propoñen aumentar o financiamento para o Sergas. Acábanse de referir tamén hai un momento a el. Pero non desenvolven ese incremento nos créditos do organismo, van en bolsa.

Creo que son exemplos máis que suficientes para xustificar que non poidamos apoiar as súas propostas.

Para ir rematando, logo de analizar as súas emendas teñen algo en común os grupos da oposición que fai moi difícil que poidamos aceptalas.

Pola banda dos ingresos, rexeitámolas porque soben os impostos que xa temos, aínda que non nas mesmas contías. Crean novos impostos, na maioría dos casos sen concretar suficientemente o seu alcance e como se calcula a suposta forza recadadora. E mesmo nalgún caso inclúen ingresos que non podemos contabilizar e non sabemos se chegarán na contía que indican nas emendas.

En canto ás minoracións de gasto, coinciden vostedes en detraer de fondos finalistas do Estado ou de fondos europeos, mesmo do React-EU, que, como dixen, fan inviable poder aprobar esas emendas porque os recursos que cambian non se poden empregar para a finalidade que propoñen. Algunhas outras emendas, de ser aceptadas, afectarían o funcionamento da Administración no seu cometido de prestar servizos á cidadanía —e despois falamos de recortes—. E ademais retiran partidas que consideramos prioritarias para a estratexia orzamentaria deste Goberno.

Por todas estas razóns, e porque, como é normal, queremos manter as prioridades orzamentarias do noso modelo, temos que rexeitar formulacións que poidan afectar os nosos obxectivos, que reitero que están centrados na loita contra a pandemia, na reactivación económica e na atención tanto a persoas como a familias ou empregados e empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo non emendante, o Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

En primeiro lugar, eu creo que hai que chamar a atención sobre o ton, o timbre e a intensidade das intervencións que vimos de escoitar —especialmente a do señor Caballero desta mañá, especialmente sobreactuada—. E o certo é que nós, dende o grupo maioritario, o que temos que pedirlle é un pouco de humildade aos grupos da oposición. Humildade, en primeiro lugar, porque vostedes xa gobernaron Galicia. Xa gobernaron Galicia e o certo é que as súas receitas no funcionaron, porque a Galicia foille moito peor durante aqueles anos e deixaron Galicia ás portas da peor crise económica que tivemos na nosa historia recente.

E, en segundo lugar, eu quixera pedirilles humildade porque xa nos examinamos hai nada, hai moi pouco, o pasado 12 de xullo. E, polo tanto, moitas das críticas que aquí vimos de escoitar o certo é que están caducadas, porque a cidadanía xa nos avaliou ao Goberno e á oposición. Revalidou o Goberno, que ampliou a maioría, algúns quedaron como estaban e outros recolleron os restos das Mareas. E, polo tanto, como xa nos examinamos recentemente, uns somos goberno e outros son oposición por vontade maioritaria da cidadanía; e, ademais, reiterada —no 2020, no 2016 e no 2012—. E, polo tanto, moitas das críticas que vostedes fan con eses espaventos non se sustentan na realidade.

Ademais, outra das cuestións que acabamos de ver é a división dos grupos da oposición. Este é o Goberno e vostedes xuntos serían a alternativa. ¡Que mala alternativa sería para Galicia! Porque o que vimos é que saen á tribuna e, ademais de criticar o Goberno —iso xa é o normal— se dan codazos entre vostedes. ¡Que sabio é o pobo galego que non quixo que a pandemia en Galicia fose xestionada por un bipartito malavenido, enfrontado e dividido, que non coincide nas súas receitas! *(Aplausos.)*

É verdade que agora o BNG quere distanciarse do Partido Socialista e aproveita calquera ocasión para dicir que non están de acordo. Pois, para non estar de acordo, o certo é que gobernan, cogobernan, co Partido Socialista alí onde poden. Son vostedes a pinza do Partido Socialista de Gonzalo Caballero e do señor Pedro Sánchez. E esa é unha condena que lles vai no cargo e, por moito que veñan aquí e fagan espaventos e aproveiten para lanzar unha crítica, o certo é que vostedes son tan responsables como o PSdeG-PSOE do castigo dos orzamentos xerais do Estado a Galicia. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Conselleiro, estes son uns orzamentos incontestables, uns orzamentos excepcionais para un momento excepcional. Uns orzamentos que medran un 14 %, co maior gasto social da historia de Galicia, co maior investimento da nosa historia; uns orzamentos centrados na recuperación económica con tres obxectivos: superar a pandemia, a reactivación da economía e do emprego, e atender as necesidades das familias, das pemes e dos autónomos.



Son uns orzamentos prudentes, uns orzamentos realistas. Teñen uns ingresos excepcionais de 1.800 millóns de euros. Antes diciánnos que temos que darlle as grazas a Pedro Sánchez. ¡Estamos de broma! Mire, son transferencias excepcionais do Estado que lle corresponden a Galicia e que non lle temos que agradecer a ninguén. E se España recibe máis fondos europeos ca ninguén é porque España está peor que o resto de países de Europa. ¡Señora Rodríguez Rumbo, menos alharacas, porque o certo é que a xestión que está a facer o Goberno de España nesta pandemia está sendo bastante lamentable! ¡Bastante lamentable!

Recórrese a un endebedamento responsable, non subimos impostos e estamos orgullosos de non facelo. É verdade que outros prefiren subir os impostos para subirlle o salario ao Goberno, ou para seguir con ese goberno multitudinario que ten duplicado o seu custo dende que vostedes chegaron ao Goberno. Son uns orzamentos sociais. Catro de cada cinco euros van a sanidade e a educación, a política social e emprego: a sanidade, 4.587 millóns de euros —473 máis que o ano pasado—, a educación, 2.700 millóns de euros —166 millóns de euros máis que o ano pasado—, a políticas sociais, 900 millóns de euros —126 millóns de euros máis que o ano pasado—, a emprego, que é consellería de nova creación, e iso é compromiso co emprego e o demais son coñas, 97 millóns de euros en políticas activas de emprego máis que o ano pasado. Pero ¿a quen lle queren dar leccións? Este é o goberno máis social da historia de Galicia por moito que a vostedes lles doa.

Efectivamente, este é o debate parlamentario máis importante do ano, é o máis importante, no que se expresan as prioridades, as prioridades do Goberno e as prioridades da oposición. ¿Cales son as nosas prioridades? Xa as expresei, pero neste debate puidemos comprobar que temos unha oposición, xa sexa unida ou individualizada —se non se queren arrimar aos señores do Partido Socialista—, que dende logo non ten liña argumental, non ten absoluta coherencia e está ausente de propostas medianamente hilvanadas.

¿Cal é o programa alternativo da oposición en materia económica? Non existe. Non hai programa alternativo, acabamos de escoitalo. Contrádinse entre vostedes, non existe. Hoxe debatemos unha retahíla de emendas inconsistentes, incoherentes, unha batería de emendas transversais que dende o punto de vista técnico e formal son tremendamente deficientes, como se advirte dende a asesoría xurídica desta Cámara. En definitiva, unha chapuzada, emendas inviables que obrigarían a cambiar leis tributarias do Estado para poder ser aplicadas. En definitiva, todo parece indicar que os grupos da oposición non tomaron moi en serio o traballo á hora de presentar estas emendas.

Sobre as do BNG, o certo é que fixo unha análise perfectamente definida o conselleiro de Facenda. Fíxense, vostedes propoñen a práctica eliminación dos gabinetes técnicos das consellerías, que nunca foron tan grandes como cando gobernaban vostedes. Esa é a realidade. Propoñen a redución de todo o gasto informático, a eliminación de todo tipo de comunicacións da Administración autonómica. O BNG de Ana Pontón quere volver ao tam-tam, porque o certo é que deixa incomunicadas as consellerías da Xunta de Galicia.

Vostedes propoñen un plan de reactivación e de impulso dos sectores culturais. ¡Como dicir que non! ¿Verdade? O que non din é que ese plan sae de parar Povisa ou de pechar o Hospital Xeral de Ferrol. Iso non o contan. Vostedes propoñen máis investimento no plan de atención



de saúde mental. ¡Como dicir que non! Pero para facelo propoñen eliminar as políticas de transformación e comercialización pesqueira e acuícola. Vostedes propoñen un plan de rescate da hostalaría por valor de 15 millóns de euros, pero fano quintándolle 15 millóns de euros ao Sergas. Díganos cal hospital queren pechar. Claro que hai que axudar a hostalaría, pero sen pechar hospitais, como vostedes nos propoñen.

A verdade é que beber Coca-Cola vai ser de ricos, efectivamente —dicíao o conselleiro—, porque é que subirlle o IVE máis os 15 millóns que vostedes propoñen... ¡Señores do BNG tomen Galicia en serio, tomen Galicia en serio!

Propoñen crear un ente público de xestión do tren de cercanías, algo así como «o tren chuchu» do nacionalismo galego, pero fano quitándolle 12 millóns de euros ao Sergas —e precisamente agora—. Propoñen a posta en marcha dun plan para a planificación do monte retirándolle 4 millóns de euros á Consellería de Sanidade previstos para a compra de material sanitario, de EPI. ¿Sabe canto lle quitan á compra de material sanitario, tanto en atención hospitalaria como en atención primaria? Cincuenta millóns de euros. Retíranos para outros programas. E ademais fano sabéndoo, porque na Comisión de Facenda así o explicou o conselleiro. Polo tanto, cando retiran eses 50 millóns para outros usos, saben perfectamente de onde os detraen, e, polo tanto, fano con coñecemento de causa.

Plantexan o rescate do Álvaro Cunqueiro —100 millóns de euros—. E ¿como o fan? Subíndolles os impostos aos galegos, ou creando novos impostos que redundarán finalmente no bolsillo dos galegos, de todos os galegos. Eu estou seguro de que a inmensa maioría dos galegos, incluso as minorías que os votaron a vostedes, non están de acordo con esta proposta. Ou é que vostedes traballan para ese fondo de investimento ou do contrario non se entende que, en plena pandemia, vostedes pretendan que a Xunta de Galicia detraia 100 millóns de euros dos bolsillos dos galegos para darllos a un fondo de investimentos que está detrás da construtora que fixo o hospital. E eu estou seguro de que recibirían o aplauso dese fondo de investimentos, porque, dende logo, é o único interese que vostedes representan.

As emendas socialistas son aínda máis ridículas que as do BNG, ridículas por falta de solvencia e tamén pola contradición que supoñen. Estes orzamentos están tan mal, tan mal, tan mal, que vostedes unicamente os modifican un 5 % e os incrementan un un e pico por cento. ¡Que mal estaban! Eu creo que viven na demagoxia absoluta.

Hai un parágrafo da súa emenda que resulta escalofriante —páxina 7—. Propoñen vostedes unha maior recadación polos impostos de sucesións e de transmisións patrimoniais porque din que agardan unhas liquidacións maiores. E leo textualmente: «Tendo en conta a súa previsible evolución nun contexto no que se posibilitan as herdanzas en vida e derivadas da covid-19.» ¿Que queren dicir? ¿Pretenden vostedes facer caixa coa herdanza das persoas que perden a vida coa covid? Eu agardo que a señora Rodríguez Rumbo nolo explique na súa intervención.

Falan vostedes de gastos de gabinete, de publicidade, de propaganda, e faino o mesmo partido que sustenta ese goberno de España que enganou a todo un país con aquilo de «saíremos máis fortes», ese goberno multiplicado por dous, ese goberno baseado na administración paralela, precisamente vostedes.



Mire, falan vostedes de falta de transparencia nos orzamentos. É francamente curioso. Cando nas súas emendas —son estas— eliminan os conceptos dos que detraen as partidas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e os presentan con códigos. Non falan dos conceptos. *(O señor Tellado Filgueira amosa un documento.)* De aquí é de onde recortan. *(O señor Tellado Filgueira amosa un novo documento.)* E esta é a columna onde poñen. E ¿por que? Porque pretenden esconder cales son os seus recortes. ¿Saben onde recortan vostedes? Nos fondos de continxencia, incluído o do Sergas, precisamente nestes momentos nos que deberíamos dispoñer de fondos para calquera continxencia que se presente en plena pandemia. Recortan na construción de centros de educación. Recortan na construción de centros de primaria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, revise os códigos!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Recortan no novo mobiliario para os centros de saúde. Recortan nese tipo de partidas, señora Rodríguez Rumbo. Poden ocultar a fila dos conceptos pero hai que mirar os códigos, e nos códigos sae todo iso.

En definitiva, estamos ante unhas emendas transversais chapuceiras, unhas emendas transversais de imposible execución.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, dende logo, non contén con nós para participar nesta parodia de debate sobre unhas emendas moi pouco traballadas e que en ningún caso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pensan nas necesidades dos galegos... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, moitas grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que, escoitando a súa intervención, non habería ningunha posibilidade de rectificación, porque vostedes son os donos da verdade. Só vostedes o saben



facer ben, só vostedes o saben facer perfectamente ben. E despois vénnos falar a nós aquí de falta de humildade, de ton. Pero, mire, é que a falta de humildade que vostede acaba de demostrar nesta tribuna a verdade é que deixa bastante que desexar. Non nos fale de falla de humildade, non nos fale de falla de diálogo. (*Aplausos.*)

Mire, señor conselleiro, evidentemente temos visións distintas da política. Nós presentamos unha emenda que vai no noso ideario político, como é fomentar políticas públicas para fixar poboación —mentres que vostedes en once anos perden 96.000 persoas—, ou loitar contra o paro e a precariedade laboral, con esa clase traballadora pobre que vostedes fomentan, e con cadros —que lle vou deixar despois aquí ao presidente— de datos do IGE para que vexa que a poboación ocupada en Galicia nestes momentos é menor, ¡menor!, que a que era en 2009. E non só nestes momentos, señor conselleiro, non lles vou facer trampa. É que en decembro de 2019 era menor, ¡menor!

No noso ideario tamén está impedir a deterioración dos servizos públicos, nos que vostedes levan recortando once anos do seu goberno ininterrompidamente. E tamén atendemos as persoas que están en risco de pobreza ou en exclusión social. E tamén lle vou recordar o número de fogares que teñen todos os seus membros en paro ou os fogares nos que non hai ningún ingreso nestes momentos en Galicia; ou esas 655.000 persoas que estaban no 2019 en risco de pobreza ou exclusión social, que representan o 24,3 % da poboación total do noso territorio. ¡Desas falamos nós, señor conselleiro, desas falamos nós!

E, mire, nós si que estivemos falando aquí das emendas que nós presentamos, non nos intente ridiculizar nunca máis, que é algo que ten vostede, e ultimamente vai *in crescendo*. Cada ano faino como con máis seguridade. Non nos intente ridiculizar, nós facemos o noso traballo creo que bastante rigorosamente, o mellor que podemos e que sabemos cun proxecto de orzamentos escuro e opaco, por moito que diga o señor Tellado. (*Aplausos.*) Non veña aquí a darnos clases paternalistas, non as precisamos. Temos puntos de vista diferentes, pero somos tan dignos como vostede de vir aquí a presentar as nosas propostas. (*Aplausos.*)

Vostede fala de vontade de chegar a acordos e acto seguido dinos que vai ser imposible. Falan dun «Fondo Consenso», deses case 115 millóns de euros, do que o conselleiro de Sanidade, na súa comparecencia na Comisión de Reactivación que foi desenvolvida neste Parlamento xa dixo que eran fondos para sanidade. Polo tanto, é un fondo de consenso que vostedes xa teñen consensuado consigo mesmos, pero non nos fale de consensuar con nós cando xa nos están anunciando para o que o van empregar. (*Aplausos.*)

E, mire, señor conselleiro, sobre o fondo de continxencia, vamos ver, anos tras ano o fondo de continxencia —non este ano, senón todos os anos—, o adican a gasto farmacéutico. É un gasto que é coñecido por vostedes antes de elaborar os orzamentos. Ademais, o Consello de Contas pono nas súas recomendacións e nas súas conclusións ano tras ano, ¡ano tras ano! E o fondo de continxencia pode ser este ano para a covid pero pode ser para moitas outras cousas. E vostedes xa deciden para o que é. Non é un fondo de continxencia, o que pasa é que esconden detrás dese fondo gastos que xa coñecen previamente antes de elaborar os orzamentos. Polo tanto, non nos contan aquí milongas.



Fálanos tamén da redistribución dos impostos e de que non sabemos e que non explicamos os cadros. Pero é que, mire, posteriormente vai haber un debate sobre a Lei de medidas fiscais e administrativas, esa que presentan vostedes de rondón por detrás para modificar vinte mil leis todos os anos porque queren evitar e furtar o debate político de cada unha desas leis. Pois aí van os cadros e vai explicada cal é a nosa proposta.

Evidentemente non me vou poñer aquí a isto, porque, se non, esgotaría absolutamente todo o noso tempo. Pero, mire, simplemente lle vou dar unha pincelada. No que nós propoñemos sobre o imposto de patrimonio está baixar o mínimo exento a 400.000 euros, que veñen ser unhas 16.500 persoas, que son as que teñen os maiores patrimonios dentro de Galicia —por certo, 400.000 euros á parte da vivenda habitual, que pode chegar ata outros 400.000 euros—, e cunha media da orde de 1.600 euros ao ano nesa liquidación de patrimonio. Non creo que con eses patrimonios non poidan contribuír nos momentos en que máis necesitamos absolutamente todos os recursos, ¡todos os recursos!, para poder facer fronte a esta pandemia, a esta crise sanitaria, a esta crise económica e a esta crise social.

Señor conselleiro, tampouco é verdade que esteamos empregando partidas que complementen fondos europeos. Non é verdade...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...mire as súas notas, mire as súas notas.

Evidentemente, o tempo é moi escaso para o que queremos falar, e vostedes a verdade é que veñen aquí cunha serie de mentiras e de paternalismos que nos fan, bueno, pois perder un pouco de tempo respecto de todo o que queríamos dicir.

Simplemente quero dicir que os socialistas tamén pensamos nas persoas máis vulnerables e nas que peor o están pasando, nas familias que están a sufrir esta pandemia na súa vertente social. E insisto en que neste proxecto de orzamentos indolentes que vostedes nos traen non achegan os recursos necesarios para reducir a desigualdade existente en Galicia, e que xa existía no ano 2019.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, eu quería comezar cun agradecemento ao señor Tellado, porque por fin neste debate —que moitas veces desde a oposición vemos como frustrante porque é imposible conseguir nunca nada por parte do Goberno galego— polo menos hoxe conseguimos que vostedes re-



coñezan que o hospital privado Álvaro Cunqueiro está en mans dun fondo de investimento privado. *(Aplausos.)* O seguinte será convencelos de que hai que corrixir esa situación. Pero, bueno, polo menos gañamos algo neste debate con ese recoñecemento, señor Tellado.

Houbo un argumento común nas dúas intervencións. Claro, o señor Martínez xoga coa vantaxe de que pode falar unhas cinco ou seis veces máis de tempo do que falamos as humildes voceiras da oposición, pero en todo caso eu quería poñer o acento nunha cuestión. Vostedes falan de imposibles, do mal que facemos as cousas..., en fin, da peor oposición imaxinable, dunha panda de camándulas, etc., fronte ao gran goberno que o fai todo absolutamente ben. Entón eu quería insistir en que este é un debate fundamentalmente político, en que nos temos que amoldar ao corsé que nos impón a metodoloxía. Pero en todo caso, claro, están vostedes para falar de técnica. E vou poñer dous exemplos da vida real, dos orzamentos reais e das modificacións orzamentarias reais, para cada un dos voceiros do Partido Popular que falaron.

Para o señor Tellado, claro, formulamos axudas nas nosas emendas que non se poden realizar. Mire, o que formulamos son ausencias, son ausencias. E está vostede para falar de sacar. Porque, claro, nós facemos un debate político mellor ou peor feito, pero, claro, vostedes, na vida real nas últimas modificacións orzamentarias do mes de novembro, ¿que fan? Mobilizan recursos de sete millóns e pico para un plan para a hostalería. E, claro, parécenos ben, é un plan necesario. Pero ¿cal é o problema? ¿De onde o sacan vostedes? Están as follas de modificacións orzamentarias e está aquí tamén a conselleira de Emprego, que pode revisalas. Claro, sacan das axudas a persoas afectadas por ERE, de formación de desempregados, de ocupados. ¡Claro, así calquera! *(Aplausos.)*

Pero ¿sabe o que reflicte iso? Iso reflicte que vostedes levan oito meses de pandemia, que tiñan esas contías orzadas, que as podían mover e estaban sen movelas. E iso reflicte que non necesitaban ningún recurso extraordinario para facelo. Non o negue, porque, como membro da Comisión 3ª, ten vostede tamén no seu correo electrónico esas modificacións orzamentarias.

Logo poderíamos falar tamén de exemplos para os marabillosos orzamentos do señor Martínez. É que, claro, vostedes fan o mesmo. Poñen partidas con nomes e desiderátums, porque vostedes, por exemplo, na memoria dos orzamentos din que en Ourense van facer un novo centro de saúde na Rúa, van reformar o de Ribadavia e o da Arnoia. Pero despois, nas partidas que teñen vostedes para a reforma de centros de saúde, de construción de novos centros de saúde, de arredor de 9 millóns de euros en total, a Ourense correspóndelle territorializado un 0,4 %. Vostedes con iso van facer todo ese investimento. Quero dicir con iso, señor Martínez, que isto non é un debate sobre o ben ou o mal que facemos as emendas, senón sobre prioridades políticas e ausencias que hai nos seus orzamentos. *(Aplausos.)*

E, en todo caso, sabe vostede que hoxe mesmo acaba —creo que xa pasan das seis e media— o prazo de rexistro das emendas parciais. O Bloque Nacionalista Galego vai presentar, ou presentou xa, no rexistro máis de cincocentas. Supoño que, se tan dialogantes son, pois poderemos chegar ao consenso nalgunha delas. Pero lamentablemente, ano tras ano, non dan nin unha soa oportunidade, porque non admiten nin o máis mínimo erro, nin sequera cando



pasa como co da saúde mental —no que tamén puxo o exemplo o señor Tellado—, que vos tedes falan de 83 millóns de euros e logo vai pouco máis de 1 millón nos orzamentos da Xunta para algo tan grave e con tantas necesidades. Non se sostén a súa crítica, señor Martínez.

Igual ocorre coa cuestión dos fondos europeos. É que a min non sei que me parece xa peor, que vostedes se escuden na prudencia ou que o que trasladen é que realmente seguen coa mesma capacidade de negociar por este país, que é tendente a cero. Porque, por unha banda, vostede di que, claro, seguro que non vén nada do que están prometendo desde o Estado e desde as institucións europeas —o que tamén nos deixa nunha situación de inseguridade importante—, e ao mesmo tempo non din, en caso de que falle algún destes recursos extraordinarios, de onde o van recortar —e por iso non queren votar neste Parlamento a non recortar nin unha soa partida social—, e, por outra banda, escorren o vulto. Non sei se é que non lles deixa o señor Casado ter máis ambición política, pero en todo caso é unha mala noticia para este país. Ou igual o problema é que non queren conseguir máis fondos europeos porque despois pasa como co marco financeiro 2014-2020, que teñen vostedes máis de 1.400 millóns de euros sen executar aínda, señor Martínez. *(Aplausos.)* Igual ese é o problema que teñen vostedes.

E despois, claro, é imposible dar un debate honesto politicamente sobre os diferentes modelos fiscais cando vostede vén dicir aquí que, claro, que non sabe cal é a letra pequena que esconde o BNG, cando sabe perfectamente que procedementalmente sempre incorporamos esas cuestións nas emendas ao articulado da Lei de medidas fiscais.

En todo caso, por poñer un exemplo que xa desmonta a súa argumentación, sabe perfectamente que nós no imposto de vivendas baleiras as que gravamos son as persoas xurídicas, eses grandes fondos de investimentos e bancos que teñen a vivenda secuestrada neste país cando hai moitísimas persoas con esa necesidade habitacional.

Tamén, se tanto queren exercer o autogoberno, pois nós convidámoslos a que sigan apostando por xestionar máis impostos e non menos, como foi a súa liña nos anos anteriores.

En resumidas contas, daría para moito esta cuestión, e non temos tempo, pero simplemente fago un breve apuntamento. Falou vostede da temporalidade e das condicións laborais de traballadores temporais durante o Goberno Bipartito. Mire, señor Martínez, ruborícese un pouco porque sabe vostede o que ampliaron vostedes o índice de temporalidade, saben vostedes, ademais, que non convocaron as oposicións en tempo e forma, e que agora hai un problemón neste país após as sentenzas europeas nesta materia para a economía galega, e para moitas persoas, que a ver como se resolve. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, un pouco de mesura.

En todo caso —remato xa—, nesta emenda á totalidade o que reflectimos é un debate político sobre prioridades e sobre ausencias, que efectivamente son modelos económicos, sociais



e políticos diferentes. Aquí ninguén vén cuestionar un resultado electoral. Si cuestionamos o resultado do que aplicaron vostedes nos once anos anteriores, e si cuestionamos que estamos nunha situación absolutamente excepcional que non pode permitir rutina e propaganda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche deste debate polo conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ¡Ser breve, ser breve! Ás veces, de verdade, cando un fala con determinado rigor... Procuro, de verdade, non pasarme se o interpreta como paternalista, pero non pido excusas, e, se tal..., en modo ningún.

Refírome a un caso moi concreto que acaba de ser sinalado, que é a forma de financiar determinadas actuacións que teñen que ver con sectores que verdadeiramente si que o están pasando moi mal —dígase autónomos, dígase hostalería—. A eles referínme tamén hoxe á mañá. E di «o financiamento». ¡Home!, chegados ao mes de novembro, ¡que non poidamos aproveitar determinados créditos, que non teñen execución nestes momentos, para un ben superior...! Do cal tamén lle digo, pero, por favor, díganllo da miña parte tamén ao ausente señor Caballero —que cadaquén pode estar ausente, eh!, e que falaba hoxe á mañá de non sei se eran 200.000 ou 300.000 autónomos—, que temos unha liña para autónomos e outra para microempresas e hostalería, e que resulta que terminaban o día 18 e temos peticións por aproximadamente vinte e unha mil e algo ou vinte e dúas mil solicitudes. Tiñámolas o día 18 ás doce da mañá cando tomei os datos da contabilidade. Porque outra cousa non teremos, pero contabilidade e dixitalizados moitos procesos, si. Se se acordan, as dúas ordes que temos en vigor son por 30 millóns de euros, e aproxímanse aos 28 millóns as solicitudes que temos, das cales están tramitadas 9.589, as cales por 11,6 millóns de euros, as cales estaban cobradas xa o venres —supoño que algunha que entrou o venres cobraría o sábado, dependendo da entidade financeira que sexa—, todas e cada unha delas.

Entón, polo tanto, primeira cuestión: hai que saber traballar coas fontes de financiamento, aproveitalas ao máximo, porque o ben fundamental é solucionar as necesidades que están tendo os nosos autónomos, a nosa hostalería, as nosas microempresas, o noso sector do ocio. A iso é ao que nós nos dedicamos ata o último día do ano, e con moito esforzo, por certo. Polo tanto, vaia por adiantado.

Non o comprendo —e non ía falar, pero permítame que llo diga, señora Presas—. Non hai nada peor nin mellor, non é nin bo nin malo de seu, pero é moi recomendable ler ás veces do que se fala, e do que se di aquí deste Goberno, da temporalidade, etc. —eu non teño outro costume porque un xa empeza a estar escaldado—. Véxase a páxina número 8 do acordo asinado entre dona Ana Pontón e dona Adriana Lastra. (*Murmurios.*) Vostede dixo aquí cousas



neste Parlamento que faltan á verdade. Dise, no punto número 4, páxina número 8, no que respecta ás taxas de reposición: *(Murmurios.) «Analizar las fórmulas para mejorar progresivamente las tasas de tal...»*. *(Fortes murmurios.)* Volvo repetir, vostedes teñen unha dobre linguaxe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Sempre teñen unha dobre linguaxe! ¡Sempre teñen unha dobre linguaxe! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A teoría do pecado orixinal desta parte da Cámara paréceme que non a temos, perda coidado, tampouco o don da infalibilidade, non teña coidado. Pero o que si lle adianto é unha cousa, sempre llelo digo aos meus e creo que é verdade —creo eh!, non é que porque o diga eu é verdade—. Non soamente temos unha vantaxe sobre calquera de vostedes. Somos un pouco máis traballadores. *(Risos.)* Polo tanto, non somos perezosos, *(Aplausos.) (Murmurios.)* traballamos de verdade, de verdade, moitas horas —ás veces con acerto, ás veces sen el—, pero perezosos non somos. *(Murmurios.)* E non nos tembla a man á hora de tomar decisións, incluso ás veces equivocadamente. E esa é a definición de indolente que vostede tanto di. De vez en cando hai que mirar tamén o que se quere dicir. Non por utilizar determinados palabras se vai quedar mellor nesta Cámara. Polo tanto, nada de perezosos e nada de non tomar decisións. Si que nos custa, e incluso ás veces non acertamos —ás veces, pero poucas, eh! *(Risos.) (Aplausos.)*

Rematamos este debate, amplo debate, con moitas propostas —eu creo que si— e cun intercambio de opinións e suxestións que coido sempre proveitoso —de verdade, fóra chascarrillos—. Aínda que, polos argumentos que xa lles expuxen, non podemos aceptar as súas emendas na inmensa totalidade. Isto non quere dicir que nós, como goberno, teñamos a receita perfecta. Pero si considero que temos un modelo orzamentario responsable e sobre todo útil, útil para as galegas e para os galegos, que son aos que nos debemos.

En política fiscal hai un universo moi distinto, case paralelo, entre o que vostedes propoñen —con distinta intensidade, iso si, os dous grupos da oposición— e o noso. É lexítimo. Pero creo que nós coincidimos máis coa forma de pensar que ten a inmensa maioría da cidadanía. Sempre que poden, para vostedes —con pandemia ou sen pandemia— a receita é sempre a mesma. Non hai unha actuación cíclica, anticíclica ou procíclica. ¡Sempre é a mesma!: subir os impostos. A iso chámalle moitos de vostedes «incremento de capacidade fiscal». Iso é outra mentira. É subir os impostos aos cidadáns e ás empresas. Iso é o que pretenden facer, tanto en bonanza como en pandemia como en mediopensionistas, todos e cadaquén de vostedes. Insístolles en que nós sempre procuramos, cando menos —como facemos para o 2021—, non subir impostos; e, se é posible —como xa fixemos dende o 2016—, ir ás rebaixas selectivas. Hai que saber sempre priorizar, non poñer 300.000 euros para cada concello, 200.000 para cada escola, 100.000 para tal... Hai que saber priorizar aínda ás veces levando algún chascarrillo e algunha colleja de determinadas persoas. Todo e para todos non dá, hai que priorizar.

E outra cousa que practicamente ningún de vostedes comprenden —os novos e os que non son tan novos— é que a mellor forma que temos de prestixiar os servizos tan importantes que prestamos cos cartos públicos é rendibilizándoos. Vostedes chámalle a iso «recorte», «recorte», «recorte»... Nós —volvo repetir— a iso chamámoslle «eficiencia», e non ten que ver nin con Keynes nin co anterior de Keynes nin mediopensionista. Cada euro que se



pon nas nosas mans non é noso, ten orixe nas galegas e nos galegos. Entón, rendibilicémolo, que é diso do que se trata.

Este orzamento —volvo repetir— ten catro instrumentos moi importantes. O primeiro deles é para combater a pandemia, cun tamaño que se aproxima ao 15 % sobre o gasto superior que tivemos neste 2020, porque os datos están aí. Creo que está correcto, pero a pandemia existe, non está superada. Debemos coidarnos entre todos respectando o que nos din dende saúde pública. E, sobre todo, o que hai é que axudar e acompañar as persoas, sabendo que ao mellor non chegaremos a todo pero si a moito —díganse autónomos, díganse determinados sectores—. E, por certo, hai unha nova incoherencia que detecto nas súas mensaxes. Falamos de moitas cousas, incluso a señora Ana Pontón o outro día na Coruña repartía boa parte do incremento para o sector da cultura. E o BNG, que é tan dado a este mundo —os demais parece ser que non o somos—, non fixo ningunha referencia á cultura. Eu si que a fago no día de hoxe. Temos un orzamento moi claro, específico, para o ámbito cultural, que teñen como calquera empresa, que tamén son empresa, e alí contribuírán. A iso é ao que nos dedicamos, non tanto a falar e si a facer algo máis.

Si que creo que debemos prestar atención durante toda a lexislatura ao que é dotar de recursos suficientes para a mellora nas nosas infraestruturas, porque os mellores profesionais xa os temos, e máis que houber, je máis que houber!

Non teñamos dobre mensaxe, e sobre todo non tomen a coña os 115 millóns de euros do Fondo Consenso, aínda que sexa como unha propensión a quedarmos de acordo. É moito o que nos trae aquí no día, é moito o que teñen que facer desde a Cámara. E incluso nós tere-mos que cambiar os nosos posicionamentos nalgunha cuestión. Pero, se así o facemos, de verdade que sairemos un poucoño mellor e máis fortes. Ninguén ten a verdade. Pero no noso caso creo que a man está tendida, os recursos están postos e non só as palabras. Camiñemos por esa vía e a todos nos irá un poucoño mellor, que é do que se trata. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Votación das emendas á totalidade que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións (grupo II)

O señor PRESIDENTE: Procedemos seguidamente á votación das emendas, ás emendas do grupo II, que o faremos de xeito acumulado —tanto as que modifican a contía global dos orzamentos como as que transfiren créditos entre seccións—.

Polo tanto, votamos conxuntamente as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos e que transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas as emendas á totalidade, e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114 do Regulamento da Cámara.

Polo tanto, remata aquí o debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021. Pero non remata o pleno porque continuamos agora con outro debate.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Moitas grazas, presidente.

Señorías, por sexta vez interveño neste pleno —de verdade que non creo que dure máis de dez ou doce minutos, non me van soportar moito máis— para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2021, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para este exercicio, tamén actualmente en tramitación parlamentaria e sobre o que acabamos de debater hai moi poucos minutos.

Este proxecto enmárcase en que os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, da adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. Desta forma, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas «leis de acompañamento» xa foi resolto polo Tribunal Constitucional, que as configurou como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha maior e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos da súa actuación.

Desde esta perspectiva, o obxectivo é o habitual: acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas en diferentes áreas que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei quixera salientar as que buscan establecer bonificacións a diversos sectores de actividade para paliar os efectos da perda de



actividade económica debido á pandemia da covid-19; reforzar as medidas de conciliación para o permiso do persoal empregado público; fixar como mérito para traslados, ascensos e carreira profesional a prestación de servizos presenciais en centros residenciais e socio-sanitarios; ter unha normativa máis áxil para delimitar os perímetros de alto risco de incendios e sobre actuacións preventivas; clarificar a redacción sobre o dereito de familias con dous ou máis fillos para beneficiarse da gratuidade na educación infantil de 0 a 3, aínda que algún dos fillos supere incluso os 18 anos; facilitar o funcionamento dos órganos de goberno e de representación das cooperativas ante a situación provocada pola pandemia, garantindo a participación da poboación de maior idade e do eido rural; ou potenciar o cumprimento por parte das empresas dos plans de igualdade para favorecer a inserción das mulleres no mundo laboral, a redución da fenda salarial e evitar a discriminación por razón de xénero.

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos. O primeiro está dedicado a medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. Respecto do primeiro título —relativo a medidas fiscais—, está dividido en dous capítulos. O capítulo primeiro introduce medidas en materia de tributos cedidos. No que atinxe ás taxas sobre xogos de sorte, envite ou azar nas modalidades de casinos, máquinas ou aparellos automáticos e bingos establecemos unhas bonificacións aplicables nestes tributos para paliar os efectos que tivo durante o presente 2020 a pandemia. Pola súa banda, o capítulo segundo, relativo aos tributos propios, está integrado por dous preceptos. No primeiro, sobre taxas, prevemos, por unha banda, actualizar os tipos das taxas de contía fixa e, por outra, introducir diversas modificacións na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. No segundo tamén se introducen novas exencións no canon da auga, que están enfocadas a que en establecementos de restauración e lecer que visen diminuída significativamente a súa actividade nun determinado período como consecuencia da evolución da covid-19 non se lles repercute nese tempo o canon da auga e o coeficiente de vertido. E tamén en materia de taxas introducimos unha disposición transitoria para o ano 2021 para as exencións e bonificacións excepcionais das taxas portuarias co fin tamén de paliar os efectos da covid-19 no sector da hostalería radicada nos portos da comunidade autónoma.

Señorías, ata aquí en relación coas medidas de carácter tributario. Agora permítanme que me refira ao título II, relativo ás medidas administrativas.

En materia de emprego público, introducimos varias modificacións. Por unha banda, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras que se refiren fundamentalmente aos permisos do persoal empregado público, que adaptan a normativa autonómica á estatal. Entre estes, está o de ampliar ao persoal laboral da Xunta aqueles beneficios por maternidade, adopción e lactación que xa teñen recoñecidos os funcionarios. Melloramos os permisos para os empregados públicos por maternidade, adopción e acollemento. E reforzamos estes permisos en diversos supostos, como os de partos múltiples, lactación, falecemento dun fillo ou filla ou coidado de persoas con discapacidade.

Ademais, prevemos establecer como mérito para traslados, ascensos e carreira profesional a prestación efectiva de servizos presenciais en centros residenciais e sociosanitarios durante a emerxencia da covid-19 para determinadas categorías.



Incluimos medidas especiais para garantir a celebración dos procesos selectivos con seguridade, habilitando para isto probas en múltiples sedes, así como de maneira sucesiva en quendas.

Traspoñemos á normativa galega medidas de protección ao empregado público que sexan vítimas de violencia terrorista.

Estendemos ao persoal laboral fixo das entidades do sector público o réxime de identidade salarial pactado cos sindicatos no eido do acordo de concertación, para os supostos de integración no convenio colectivo único, ou a funcionarización voluntaria.

Engádesse un punto no Decreto de provisión de persoal estatutario do Sergas para reducir os prazos de tomas de posesión nos destinos obtidos en concursos de traslados, xustificado polo reforzo de unidades polo incremento da demanda asistencial durante a pandemia. Deste xeito, o que tratamos con todo isto é de facilitar a planificación asistencial.

En materia de medio ambiente e territorio incluimos varios cambios. Un refírese ao relativo ao Regulamento da Lei do solo, en concreto sobre a delimitación de núcleos rurais establecidos nas normas subsidiarias cando se aproban os plans básicos municipais. Outro consiste en modificar a Lei do patrimonio natural e da biodiversidade, para acadar unha maior precisión nas definicións recollidas na propia norma e nos procedementos de declaración de todos os espazos naturais regulados nesta.

Igualmente, recollemos unha serie de medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000, para aclarar a interpretación de usos permitidos, autorizables ou prohibidos, relativos ao mantemento das redes de faixa e de xestión da biomasa, así como á construción de instalacións de defensa forestal en determinadas zonas especiais de conservación.

En materia de medio rural, entre os principais cambios normativos, está a reforma da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais, para acadar un procedemento máis áxil e incluso na práctica da declaración dos perímetros de alto risco de incendios e, particularmente, no que respecta ás actuacións preventivas ao longo das vías de titularidade municipal, para diminuír o risco de incendio forestal. Ampliar de quince ata trinta días naturais o prazo para que os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento realicen os traballos preventivos. E na Lei de mobilidade de terras, axustar a regulación das aldeas modelo en base á experiencia adquirida na súa recente posta en marcha. Así, engádesse a Guía de ordenación produtiva como documento técnico no que se delimitan os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na aldea modelo, fixando o procedemento de tramitación e aprobación.

En materia de infraestruturas e mobilidade tamén se introducen modificacións no eido da regulación do transporte na normativa de estradas. En canto á Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo, adáptase o réxime identificativo dos vehículos VTC, polo que só deberán portar o distintivo autonómico na parte dianteira do vehículo.

Respecto á Lei de estradas, buscamos axilizar e simplificar a tramitación administrativa de actuacións que precisen autorización, por estar en zona de influencia de estradas.



En materia de mar, na Lei de pesca modificamos o artigo relativo ás infraccións graves, en consonancia coa reforma da Lei de pesca marítima do Estado. O beneficio desta medida radica en que evitará penalizar o conxunto das confrarías por accións involuntarias, que con este cambio pasan a estar consideradas como infraccións leves.

En canto á Lei de portos, tan só se realizan algunhas modificacións aclaratorias para garantir a seguridade xurídica na súa redacción e conseguir unha maior simplicidade.

En materia de política social quixera destacar varios puntos. Engadimos un punto na disposición adicional novena da Lei de servizos sociais, para clarificar que as familias con dous ou máis fillos, aínda que algún deles supere os 18 anos, tamén se poden beneficiar da gratuidade na educación de 0 a 3.

Ademais, modifícase a Lei de subvencións, para que as axudas de inclusión social e as axudas municipais semellantes que se consideren de primeira necesidade non teñan carácter de subvención. Isto exime pois as persoas vulnerables que as perciben de ter que cumprir con todos e cada un dos requisitos fixados de forma xenérica nas subvencións.

Por outra banda, cambiamos o decreto que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais. O obxectivo non é outro que simplificar a documentación necesaria para obter o permiso de creación ou construción de centros de servizos sociais.

En materia de emprego e igualdade inclúense dúas modificacións normativas. Por unha banda, na Lei de cooperativas, para facilitar o funcionamento dos seus órganos de goberno e representación ante a situación provocada pola pandemia. A finalidade é garantir a participación dos seus socios, en especial da poboación de maior idade e a que vive no eido rural.

Por outra banda, na regulación da certificación galega de excelencia en materia de igualdade, o dispositivo polo que a Xunta de Galicia recoñece aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas de igualdade. O obxectivo neste caso é potenciar o cumprimento polas empresas dos plans de igualdade e, deste xeito, incrementar a inserción e a visibilización das mulleres no mundo laboral, a redución da fenda salarial e evitar a discriminación por razón de xénero.

Señorías, remato xa reiterando que as principais medidas incluídas neste proxecto de lei pretenden fixar beneficios fiscais para actividades económicas por mor dos efectos da covid-19, recoñecer a prestación efectiva dos servizos presenciais en centros residenciais e socio-sanitarios, axilizar a normativa en materia vinculada coa prevención de incendios forestais, aclarar o dereito das familias con dous ou máis fillos a beneficiarse da gratuidade na educación de 0 a 3, aínda que algún dos fillos supere os 18 anos, facilitar o funcionamento dos órganos de goberno e representación nas cooperativas ou potenciar o cumprimento polas empresas dos plans de igualdade, tan necesarios.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, boa noite xa a todos e a todas —creo que xa é de noite—.

Efectivamente, non me gustaría ser repetitivo neste debate en relación co debate que xa houbo ao longo da mañá e da tarde en relación cos orzamentos. Efectivamente, estamos diante dunha situación excepcional motivada pola pandemia, unha situación económica moi excepcional que motiva uns orzamentos tamén moi excepcionais, efectivamente; orzamentos expansivos —xa se ten dito—, orzamentos que incorporan excepcionalmente unha capacidade de gasto da Xunta de Galicia en 1.575 millóns de euros, como consecuencia efectivamente da transferencia do Estado de 685 millóns, 1,1 % do déficit que asume o Estado da Comunidade Autónoma en relación co PIB, e 430 millóns de euros tamén de fondos europeos.

Ben, todo isto é efectivamente excepcional, e o que tamén debía ser excepcional, a Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos, unha lei que debía ser excepcional en relación cos orzamentos, acaba sendo unha lei habitual, unha lei anual, unha lei repetida en relación coa modificación das leis que deberían seguir un procedemento lexislativo nesta cámara. Polo tanto, desde ese punto de vista, ningunha excepcionalidade lamentablemente.

Di a exposición de motivos —e vostede, señor conselleiro, facía mención a ela— que a Lei de medidas fiscais e administrativas contén un conxunto de medidas nunha serie de materias que con vocación de permanencia no tempo contribúan á consecución dos obxectivos da Comunidade Autónoma en materia de execución orzamentaria. O de vocación de permanencia no tempo das medidas modificadas por esta Lei de acompañamento non deixa de ser unha falacia, posto que o ano pasado, efectivamente, se modificaron trinta leis e este ano se modifican vinte e cinco, pero é que este ano se modifican catorce leis que xa foron modificadas o ano pasado; incluso artigos específicos que foron modificados o ano pasado volven modificarse este ano nesta lei.

Polo tanto, con esta Lei de acompañamento dos orzamentos a Xunta de Galicia, o Goberno, modifica multitude de normas que nada teñen que ver co orzamento nin coa execución orzamentaria. E desde ese punto de vista —e dígollo con absoluto respecto— a nós parécenos que este tipo de técnica lexislativa constitúe cando menos un retroceso desde o punto de vista democrático, porque furta, efectivamente, ao Parlamento a capacidade de debate político, furta á sociedade a capacidade de debate social ao redor do que debía ser a tramitación ordinaria dunha lei, a tramitación dunha lei.

Polo tanto, a Lei de medidas fiscais e administrativas, que debía ser excepcionalmente unha medida que acompañase a Lei de orzamentos para modificar cuestións puntuais en materia



tributaria ou cuestións puntuais en materia administrativa, acaba sendo esa lei que todos denominan «lei ómnibus», un caixón de xastre, máis que un caixón, un auténtico baúl, un auténtico contedor onde caben todo tipo de modificacións á marxe do debate público, á marxe do debate parlamentario.

E é unha lei que, efectivamente, pode ser constitucional —e éo, non o discutimos—, pero é unha lei que incumpre as leis autonómicas, infrinxe leis autonómicas, especialmente a Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia aprobada neste parlamento, que no seu artigo 9 establece ou sinala que se debe facer pública a relación circunstancial e motivada dos procedementos de elaboración dos anteproxectos de lei e disposicións administrativas, con indicación do seu obxecto, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións á mesma. Polo tanto, estase obviando o que di a propia Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia. E incúmprese tamén neste sentido a Lei, do ano 2013, de racionalización do sector público autonómico, que prevé que en todas as iniciativas normativas se debe xustificar a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade.

O Goberno da Xunta de Galicia, ano a ano, vén usando e abusando deste tipo de mecanismos lexislativos para modificar, efectivamente, multitude de leis; este ano son vinte e cinco, se non contei mal, igual é algunha máis; o ano pasado efectivamente foron trinta. Vostede di que isto é constitucional. Si, é constitucional, aínda que non é unanimemente constitucional, porque hai votos particulares na sentenza do Tribunal Constitucional ao respecto. E os propios autores, numerosos nesta materia, especialistas en dereito constitucional non deixan de entender que estas leis son unha fraude á doutrina constitucional que establece os límites do contido da Lei de orzamentos, posto que, a través das leis de acompañamento e das medidas que se modifican, se permite incluso crear novos tributos ou modificalos, o cal infrinxe o artigo 134 da Constitución. Polo tanto, isto da constitucionalidade respectámolo, son constitucionais, pero hai doutrina e hai autores que manteñen posicións absolutamente distintas. *(Aplausos.)*

É verdade que o Goberno do Partido Popular opta sistematicamente pola Lei de acompañamento para modificar multitude de leis. Efectivamente, isto non ten nada que ver co que pasaba nese deostado e perigoso goberno que houbo aquí nos anos 2005 e 2009, o famoso Bipartito, que nunca utilizou a Lei de acompañamento para aprobar os seus orzamentos nin para modificar ningunha lei a través da Lei de acompañamento.

Polo tanto, nós rexeitamos este procedemento, que entendemos que nada ten que ver cos orzamentos, un procedemento exprés que dita o debate político e social e que, ademais, non contén os informes que serían preceptivos nunha modificación dunha lei polo trámite ordinario. Mesmamente, esta lei non se acompaña do informe preceptivo do CES, a pesar de que a Avogacía da Xunta exige que, en caso de que non se acompañe, debe ser motivado. O que pasa é que a motivación que utiliza a propia Xunta de Galicia son os argumentos da Avogacía da Xunta de Galicia para dicir que se motive. Entón, este tipo de cuestións, evidentemente, non teñen lóxica. Non acompaña o informe do CES cando entre as funcións do CES, do Consello Económico e Social, se atopa a emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei vencellados ao desenvolvemento económico e social de Galicia.



É unha lei de acompañamento que constitúe unha extensa amálgama de preceptos inconexos, sen criterio minimamente homoxéneo, cunha técnica xurídica desaxustada e impropia, dende logo contraria ao principio de transparencia, que dalgún xeito produce inseguridade xurídica e que, dende logo, está sendo utilizada de xeito reiterado pola Xunta de Galicia, polo Goberno, ao longo dos anos.

Efectivamente, o ano pasado modificáronse trinta leis, este ano vinte e cinco, catorce das cales xa se modificaron tamén o ano pasado. Ao longo desta última lexislatura, o Goberno do Partido Popular leva modificado máis dun cento de leis a través da Lei de acompañamento, e, en fin, aínda sendo legal —eu non digo que non sexa legal—, non significa que sexa moi ética e dende logo moi estética a cuestión.

Pon de manifesto, tamén, cal é a capacidade de iniciativa lexislativa que ten o Goberno da Xunta. E voulle contar, señor conselleiro: nos últimos catro anos, ata o ano 2020, a Xunta, o Goberno, trouxo a este parlamento vinte e dúas leis, e, se descontamos, efectivamente, a Lei dos orzamentos e a Lei de acompañamento dos orzamentos, conseguiu aprobar catorce. No Bipartito, 2005-2009, sen necesidade de Lei de acompañamento, cincuenta e seis leis aprobadas. (*Aplausos.*) Isto vén a conto —non sei se o dixo vostede ou quen o dixo, o señor Tellado— do traballadores que eramos os socialistas ou que se non traballabamos ou non sei moi ben o que dixo vostede. Isto pódese aplicar ao Goberno da Xunta en materia de iniciativa lexislativa. (*Aplausos.*) E, señor Tellado, veríamos aquilo de que, en materia de iniciativa lexislativa, o Goberno do PP, do pixama ao sofá e do sofá á cama, en relación coa capacidade de iniciativa lexislativa.

Vostede relacionou o conxunto de leis que se modifican —non me vou repetir aquí—, en distintas materias. Efectivamente, en materia fiscal non innovan gran cousa. Efectivamente, fan vostedes unha exención de taxas aos bingos, casinos e semellantes, un sector que, efectivamente, o está pasando mal, como moitos sectores neste país. Nós entendemos que as exencións fiscais neste momento teñen que priorizar tamén moitos outros sectores, non só ese. Co cal non é que esteamos demasiado de acordo, pero, ben, aceptamos que é un momento complexo e complicado e que todo o mundo ten dereito á vida e, polo tanto, todo o mundo ten dereito a beneficiarse de exencións e bonificacións e mesmamente de axudas.

Co que si non coincidimos, señor conselleiro, é coa súa política fiscal. Non me vou estender moito, xa vostede confrontou aquí cos compañeiros do Partido Socialista pola mañá, co noso portavoz, e á tarde tamén coa nosa portavoz de orzamentos. Pero de verdade que a súa política fiscal é regresiva. Porque vostedes cargan, (*Murmurios.*) fan... —si, si—, hai un desprazamento —e só temos que coller os datos— significativo da carga tributaria do imposto de sucesións e do imposto do patrimonio cara ao IRPF. Os datos dos beneficios fiscais —que a vostede lle gusta moito e ao Goberno da Xunta de Galicia supoño que tamén— dinnos que o beneficio fiscal dos últimos nove anos, 2010 ao 2019, en materia de IRPF foron 211 millóns. Ben, aceptamos que se beneficien ou que se eximan ou que se bonifiquen as rendas do traballo, que se plantexen exencións, en fin, aos traballadores e á xente que obtén rendas derivadas do seu traballo.

No imposto de sucesións, os beneficios fiscais foron de 1.120 millóns. No imposto de patrimonio, 668 millóns. Con datos de recadación pechados no ano 2019, o imposto de patri-



nio recadou 71,4 millóns e o beneficio fiscal foron 119,8 millóns; imposto de transmisións patrimoniais, beneficio fiscal, 1.154 millóns nestes nove últimos anos. Está ben, non nos opoñemos a que haxa beneficios fiscais. O que si dicimos, efectivamente, é que os beneficios fiscais teñen que ter un impacto no peto dos cidadáns, efectivamente. Pero non todo o peto dos cidadáns é o mesmo, non todo o mundo se beneficia exactamente destes beneficios fiscais. Porque eximen vostedes no imposto de sucesións plantexando unha exención da base imponible dun millón de euros nunha familia tipo de catro membros; eu non sei se vostede coñece moitas familias con dous fillos onde cada causante ou cada fillo teña dereito a un millón de euros de exención, respecto de cada causante; estarían exentos catro millóns de euros. É dicir, ¿vostede coñece moita xente que teña unha familia tipo en Galicia con ese patrimonio? ¿Vostede considera que non se debe gravar o imposto de sucesións nesas circunstancias? Vostedes entenden que non, nós entendemos o contrario.

E nós entendemos tamén que os tipos impositivos do imposto de patrimonio, polo tanto, a base exenta, debe baixarse —xa llo dixo a miña compañeira— a 4000.000 euros, dos 700.000 que están neste momento. Permitiría unha maior recadación, aínda que non sexa excesiva; permitiría recadar no imposto de patrimonio máis ou menos —citou— 28 millóns de euros, que nós entendemos que serían importantes neste momento tamén para axudar directamente a aqueles que o necesitan como consecuencia da pandemia.

Vostedes teñen nisto unha estratexia moi clara, que é renunciar ás capacidades tributarias propias, á capacidade de recadación dos tributos cedidos, dos tributos propios, e logo establecen unha estratexia de confrontación permanente co Goberno do Estado en reclamación de máis e mellor financiamento. É unha estratexia que fan vostedes cando goberna o Partido Socialista; cando goberna o Partido Popular en Madrid, isto non o fan.

E é evidente que neste contexto, onde están caendo os ingresos, a recadación como consecuencia da pandemia, onde aumentan os gastos, o lóxico sería repensar a política tributaria, pero vostedes, non; vostedes seguen insistindo nos beneficios fiscais como se os servizos públicos non se financiasen con impostos. E aí entra o seu discurso ao redor da maldade dos impostos. Dá a sensación aquí de que o de pagar impostos é malo. Vai dar a sensación co seu discurso, co discurso do Partido Popular, de que a xente non ten que pagar impostos. Eu creo que debe explicar este tipo de cuestións, porque os servizos públicos hai que financiarlos, e precisamente se financian con impostos; non sei eu se se financian doutro xeito, pero normalmente con impostos.

E aquí gustaríame dar un dato en relación co imposto de transmisións patrimoniais, no que nós non vemos mal as bonificacións que se establecen no imposto de transmisións patrimoniais. Especialmente citou vostede á mañá —non sei se tomei ben o dato— que 87.000 persoas nas zonas pouco ocupadas se teñen beneficiado das exencións ou bonificacións deste imposto. Pode ser que se teñan beneficiado 87.000 persoas. O que eu non sei é que impacto tivo na fixación de poboación, na creación de emprego nesas zonas pouco ocupadas, ese tipo de bonificacións. Porque a xente acaba vivindo nestes concellos pequeniños —eu vivo nun— basicamente se ten emprego, se ten servizos públicos, se ten médico, se ten colexio, se ten gardería. Se ao final isto non existe, en fin, a xente vaise, como vostedes saben. E, polo tanto...,



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...está ben bonificar os impostos, pero o importante é financiar os servizos públicos e que sexan de calidade, e que non aconteza, loxicamente, o que vostedes tiñan plantexado no meu pobo, en Verín, que é pechar o hospital como consecuencia da falta de financiamento do mesmo. *(Aplausos.)*

Acabo xa. Logo sigo coas medidas administrativas. Simplemente para rematar —non me dá moito tempo—, en relación coas medidas administrativas...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor FRANCISCO RIVERA: Pois noutro turno.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu non lles vou falar de impostos. Imos cambiar algo do terzo no debate nesta recta final. E tamén non lles vou falar de impostos porque do que menos hai nesta Lei de acompañamento é precisamente taxas e impostos. Como todos os anos, creo que no debate do ano pasado lles dixen que isto era como o turrón: volvíamos sempre por Nadal; pois este ano tampouco houbo pandemia que puidese con iso. Estamos aquí outro ano máis —e xa van once anos— debatendo unha lei de acompañamento ao proxecto de orzamentos na que vostedes introducen por esta vía, a través deste procedemento, máis dunha vintena, efectivamente, de leis, vinte e tres leis e dous decretos que son modificados, que nada teñen a ver coa aplicación orzamentaria, nin nesta ocasión tampouco teñen nada a ver na práctica totalidade, como agora explicarei, coa situación tan excepcional en termos sanitarios, económicos e sociais que estamos a vivir no noso país por mor da pandemia provocada pola covid-19. E esa é a primeira reflexión que queríamos traer hoxe desde o BNG.

Vostedes lembrarán, ademais, que neste país, salvando as distancias, vivimos no ano 2017 unha situación moi complexa por mor da vaga de incendios, e utilizouse a Lei de acompañamento para introducir modificacións normativas na lexislación galega para facer fronte a esa situación xerada por aquela vaga de incendios. Nesta ocasión vostedes non aproveitan ou non utilizan esta Lei de acompañamento, procedemento absolutamente excepcional, para enfrontar unha situación excepcional como a que está vivindo este país.



Nós entenderíamos, por exemplo —saben cal é a nosa opinión, nós somos completamente contrarias a este procedemento lexislativo—, que se puidese utilizar diante dunha situación tan excepcional como a que están a vivir as galegas e os galegos, unha situación sen precedentes, ademais, nun contexto no que lembremos que este país estivo sen actividade ordinaria, sen actividade lexislativa, desde o mes de febreiro. Poderíamos entender que nese marco, ou nese contexto, se utilizase esta Lei de acompañamento para introducir modificacións legais que permitisen dar unha mellor e sobre todo unha máis áxil resposta á situación, ás consecuencias sanitarias, pero tamén —e sobre todo— ás consecuencias sociais e económicas que trae consigo, que está a traer xa a covid-19. Estou segura de que poderíamos, se usasen iso —que non o fixeron—, dar un debate ben diferente, sobre o contido por exemplo, sobre o fondo das propostas que vostedes trouxesen, se serían ou non as medidas acaídas, as medidas que necesita este país, se serían as máis útiles ou se serían as máis necesarias. Pero decidiron non facelo. De feito, de todas as modificacións que introducen por esta vía na Lei de acompañamento, señor conselleiro, só cinco, só cinco dun texto normativo composto por trinta e dous artigos, só cinco teñen algunha relación coa covid-19.

O artigo 1, bonificacións na taxa fiscal, só para o sector do xogo, casinos, máquinas comecartos e bingos. Debe ser que son os únicos afectados polas consecuencias económicas provocadas pola pandemia (*Aplausos*.) E lémbrolles, falando de leis, que vostedes se comprometeron xa na anterior lexislatura a traer a esta cámara unha modificación da Lei do xogo do ano 1985, que aínda rexe neste país, unha nova Lei do xogo que aínda estamos agardando por ela; non sei se esperan que a xente se olvide. Desde o BNG asegúrolles que non.

Artigo 3, tamén exención do pagamento do canon da auga, fundamentalmente á hostalería, restauración e locais turísticos, iso si, a partir do 5 de novembro, naqueles casos en que o consumo se reducise ou se vaia reducir até que se supere a emerxencia sanitaria, cando menos o 25 %.

Disposición adicional segunda, referida aos procesos selectivos ou de provisión derivados da situación de emerxencia sanitaria. Adicional terceira, de medidas especiais para a contratación de persoal laboral, temporal ou funcionario interino fronte á covid. E a modificación tamén —como vostede explicaba— das taxas no uso de espazos portuarios, un clamor social —hai que lembrar—, unha reivindicación e unha demanda que vén pedindo o sector xa desde comezos da pandemia.

Todo o demais —e insisto: falamos dunha lei que está integrada por trinta e dous artigos— son reformas que nada teñen a ver coa pandemia nin cos orzamentos. Son, de feito, as mesmas leis, as mesmas leis que modifican vostedes ano tras ano, valéndose dun mecanismo excepcional, como son estas leis de acompañamento, efectivamente legais, recoñecidas así polo Tribunal Constitucional español, pero absolutamente excepcionais, desde logo moi lonxe da concepción que temos da democracia ou do concepto de modificación lexislativa que defende e practica o Bloque Nacionalista Galego, até o punto de que vostedes —e nunca mellor dito— fixeron da excepción a norma. É un debate —xa digo— como o turrón, que volve todos os anos.



Di a Xunta, na brevísima e cada vez máis pequena exposición de motivos coa que xustifican e acompañan este texto da Lei de acompañamento, que son medidas fiscais e administrativas —tamén o dicía o portavoz do Partido Socialista— cuxas mudanzas teñen vocación de permanencia no tempo. Sobre o da vocación de permanencia no tempo, se me permiten así a coloquialidade tamén coa que vostede nos agasallou a todas e a todos nesta xornada de debate, eu debo de dicirlles que teñen un concepto de permanencia que é máis curto que o pico dunha boina, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

E vexamos: ¿que leis reforman?, ¿que toca este ano? Eu collo estes debates, de verdade, así como con ansia, ¿non? Lei do solo de Galiza, aprobada no 2016, catro anos leva en vigor, modificárona cinco veces, con esta xa imos pola sexta, todas elas reformas previstas a través da Lei de acompañamento.

Lei do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza. Esta é do ano pasado, do mes de agosto para ser exacta, levamos xa dúas modificacións, as dúas tamén a través de leis de acompañamento. Din que para aclarar conceptos. Hai que aclaralos na casa antes, ¿non?

Lei de incendios forestais. Este é un clásico, ¡un clásico! Sete reformas leva, que modifican unha ou varias veces a práctica totalidade do seu articulado. Tanto cambiaron o articulado que compón esta Lei de incendios forestais que van xa de volta. Repiten, tripiten e cuatripiten no caso das modificacións de artigos como os que se recollen e prevén nesta Lei de acompañamento para o ano 2021, que son o artigo 12, que vai xa pola cuarta redacción; o artigo 16, que reformaron cinco veces; e o 20 *bis*, que, con esta, xa son cinco as veces que o cambiaron.

Lei de mobilidade de terras, 2011, quinta reforma, ¡a ver o que dura! Porque se lles facemos caso aos anuncios que nos fan a través da web da Xunta de Galiza, vén aí unha nova Lei de mobilidade de terras; entón, non sabemos pois se vai durar até o ano que vén coa Lei de acompañamento ou apenas uns meses até que traian o próximo texto.

¿Que reforman este ano?, ¿que nos toca? O artigo 47 *ter*, que realmente crearon vostedes e introduciron a través da Lei de acompañamento dos orzamentos de 2020, do ano pasado, para dar cobertura legal ao proxecto de aldeas modelo. ¡Mire que vocación de permanencia! Un ano durou o que crearon exactamente o ano pasado.

Engaden agora un novo apartado 47 *quater*, a ver o que dura este, no que falan do Banco de Terras. O Banco de Terras, ese mesmo Banco de Terras que vostedes difamaron, insultaron e desmantelaron hai once anos por puro sectarismo político *(Aplausos.)*, nunca nos cansaremos de repetirlles. Agora veulles a présa ou o acordo, non sabemos moi ben, por aquilo que dicían hai once anos, que era a soviétización do rural. Non se nos olvidará nunca.

Lei de montes de Galiza, outro clásico, aprobada en 2012, oito anos en vigor, oito reformas, e con esta de hoxe, se sae adiante, nove.

E podería seguir así o resto da intervención, con todas e cada unha das normas que prevén reformar aproveitando esta porta traseira pola que colle todo: a Lei de augas, a Lei de estradas, a Lei de pesca, a Lei de portos, a Lei de servizos sociais.



E dicía eu: pois van aproveitar para incrementar a ratio de persoal de atención directa nas residencias diante do panorama que levamos vivindo nos últimos oito meses neste país; van endurecer —¡que sei eu!— as sancións ás empresas incumpridoras —precisamente como DomusVi—, as que non están a cumprir con eses ratios que fixa a normativa, pírrica, pero que aínda nin sequera cumpren; van aproveitar para reformar —pois jeu que sei!— os servizos sociais comunitarios, asfixiados con falta de recursos e persoal, para atender o que se nos vén encima, para axilizar as valoracións da dependencia —jeu que sei!—, para garantir mellores condicións de traballo ás traballadoras do SAF. Non, non, apenas modifican un apartado para incluír no cómputo da unidade familiar as fillas e fillos maiores de 18 anos que vivan aínda na casa para poder acceder á gratuidade das escolas infantís a partir da segunda crianza.

Lei, de 2014, de accesibilidade. ¿Para que a reforman? —preguntábame eu—. ¿Para desenvolverla, como nos piden as entidades que traballan e representan ás persoas con discapacidade e mobilidade reducida neste país, para intentar axilizar os prazos e que efectivamente se cumpra cos dereitos fundamentais destas persoas? ¿Para recoñecer novos dereitos? Non, para cambiar basicamente unha palabra, e onde dicía: «plans especiais de actuación», agora vai poñer «plans estratéxicos municipais.» Para iso se usa esta Lei de acompañamento.

A Lei de cooperativas, a Lei de deporte, de subvencións, de transparencia e bo goberno, a de protección xeral das persoas consumidoras, e así unha larga listaxe de até vinte e tres leis distintas que se modifican dun único e dun só plumazo. Un subterfuxio —insisto— legal, si, segundo o Tribunal Constitucional, pero que certamente non está ou está moi lonxe da concepción que temos de debate político e de democracia desde o Bloque Nacionalista Galego, e que utilizan unha e outra vez, unha e outra vez, de maneira reiterada e constante, para reformar, de maneira acelerada e furtando do necesario debate político e social, o ordenamento xurídico deste país.

Insisto: vinte e tres leis e dous decretos que modifican dun plumazo. E recorren a este mecanismo sen vontade de diálogo ningunha, por suposto, non cos grupos que temos representación nesta cámara, senón tampouco cos sectores sociais aos que afectan as modificacións normativas que vostedes inclúen nesta Lei de acompañamento. E esa posición unilateral, esa incapacidade para escoitar, para dialogar, para negociar, para debater, esa actitude de posición unilateral é o que os leva, ano tras ano, a modificar, unha e outra vez, non as mesmas leis, senón directamente os mesmos artigos. É que onde o ano pasado poñían quince días este ano poñemos trinta; e o que vén, ¿que van ser: corenta?

Os señores reis, capitáns e campións da seguridade xurídica e do rigor orzamentario, modificando unha vez, e outra e outra, insaciablemente, as mesmas leis e os mesmos artigos. A min paréceme ben —dixémolo moitísimas veces— que, se queren cambiar a Lei de incendios, se queren cambiar a Lei de montes, se queren cambiar a Lei de mobilidade de terras, ou calquera outra, fágano. Teñen maioría absoluta, capacidade, e é perfectamente democrático, pero tráiano pola vía ordinaria. Permitan que se poidan dar os debates políticos e sociais que este país merece e necesita. *(Aplausos.)*

Non se pode, ademais, gobernar así, a impulsos, a golpe de ocorrencia, ou como nos levantamos un día pola mañá. Porque iso, ademais, xera unha inseguridade moi grande ás per-



soas, que son ás que afectan estas leis, que somos todas e todos. Eu preguntome canto van durar as modificacións, este compendio de reformas que introducen este ano: ¿un ano, até a próxima Lei de acompañamento?, ¿seis meses, até que entre pola porta ese Proxecto de lei de mobilidade de terras?

En definitiva —e con isto remato—, nós non compartimos esta forma de legislar, dixémolo cada ano con cada un dos debates das leis de acompañamento, non compartimos desde o BNG esta forma de introducir modificacións no ordenamento xurídico deste país pola porta de atrás, furtando o necesario debate social e político. Pero é que, ademais, nin sequera nesta ocasión, e diante dunha situación e dun contexto tan excepcional como o que estamos a vivir neste país, marcado inescusablemente en todos os ámbitos da nosa vida pola pandemia e polas súas derivadas sociais e económicas, nin sequera quixeron aproveitar este mecanismo excepcional para enfrontar de maneira efectiva esa situación excepcional e usar, polo tanto, esta lei con algunha finalidade que sirva de verdade para permitir ter ao Goberno e ao país mellores e máis áxiles ferramentas para enfrontar esta situación excepcional.

Non, decidiron usala para o mesmo, absolutamente o mesmo de sempre, na mesma rutina, que é intentar facer máis rápidos os procesos de reforma e meter todo o que se poida nese caixón de xastre. É, se mo permiten, unha actitude e unha lei para vagos —dígollelo así con absoluta franqueza—, para non ter que vir aquí facer o que debe ser moi custoso e moi pesado, como pode ser levar un proceso de tramitación e de reforma lexislativa ordinaria, con todos os seus tempos, con todos os seus prazos, e, sobre todo —e o máis importante en democracia—, con todo o seu debate.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda a favor ou en contra das emendas dos portavoces, neste caso do grupo non emendante.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

Debatenos hoxe a emenda á totalidade da Lei de medidas pois nun exercicio de hipocrisía política sen precedentes, señor Rivera, e digo isto porque nos derradeiros exercicios orzamentarios eu fun a ponente desta mesma lei, que vostedes dixeron que efectivamente hai varios anos que se tramita de xeito ordinario porque é unha lei ordinaria, non é unha lei de acompañamento aos orzamentos da Xunta de Galicia. Eu sempre digo que non comparto que sexa a mellor técnica lexislativa, eu non comparto que sexa o mellor instrumento de técnica lexislativa. Pero é que hai tamén que ser xustos, e hai cuestións na lei que resollen proble-



mas, e os políticos estamos aquí para resolver problemas á xente, non para xerar máis problemas, e moito menos para xerar dúbidas sobre un texto lexislativo que, como vostede dixo, é lexítimo, pero pasou o 75 % da súa intervención cuestionando a súa legalidade, constitucionalidade e lexitimidade; sempre poñía a coletilla «efectivamente»; non, non, é constitucional aínda que hai votos particulares... Eu reivindico o traballo das persoas que estamos en política, e insisto en que estamos para resolver problemas á cidadanía, e esta lei resolve algúns.

Ademais, dicían vostedes que se furta o debate político. Creo que hoxe é o primeiro debate que imos ter desta lei, e aínda queda moito trámite: quedan as emendas parciais, queda o debate en comisión e queda o debate outra vez neste pleno.

Pero é que, ademais, hai un instrumento neste parlamento, na web, que se chama «Lexisla con nós», e por se alguén ten algunha dúbida de se a xente coñece ou non este recurso, dírcilles que neste momento hai doce textos lexislativos colgados na páxina web e cinco deles teñen comentarios da cidadanía. Por tanto, a cidadanía coñece o recurso e a cidadanía participa deste recurso. Non poden dicir que lles furtamos a participación social neste caso.

Por certo, señor Rivera, doce proxectos lexislativos agora mesmo no «Lexisla con nós», un 21 % deses cincuenta e seis dos que vostede veu gabarse aquí que fixo o Bipartito; en cen días de goberno a verdade é que doce proxectos lexislativos, máis os que están a punto de entrar na Cámara, creo que é un dato importante.

Eu dicía que comezaba a miña exposición dicindo que asistíamos a un exercicio de hipocrisía —hipogresía, tamén podería dicir— política de nivel superior, e vostedes ríanse. Ríanse eu non sei por que, porque vostedes critican nesta cámara a lexitimidade da Lei de medidas como ferramenta lexislativa e, paralelamente, o Partido Socialista, o Goberno de España, está a tramitar unha lei de acompañamento aos orzamentos pois, mire, con corenta disposicións finais que modifican nin máis nin menos que trinta e catro leis, pola porta traseira, con opacidade, sen debate político, sen participación social. Aplíquese todo o conto que nos veu contar hoxe vostede aquí.

Pero ¿que é o máis grave? É que, efectivamente, esas trinta e catro leis que modifica a Lei de acompañamento —porque esa si que é unha lei de acompañamento, non é unha lei ordinaria—, esa Lei de acompañamento aos orzamentos xerais do Estado, non teñen ningunha relación coa materia orzamentaria nin gardan relación coa política económica do Executivo, e así llelo advertiron os letrados da Cámara, do Congreso dos Deputados. Hai un informe xurídico, señor Rivera —e non é un voto particular, son os informes xurídicos dos letrados da Cámara—, a diferenza desta lei que hoxe debatemos aquí, que non ten ningún cuestionamento dos letrados da Cámara. Como di o noso presidente da Cámara, o señor Santalices, aquí nesta cámara faise o que din os letrados, non como noutras. Pero, ben, parece que vostedes ultimamente pasan moito tempo cos de Esquerda e igual se lles están pegando cousas que non deberían.

Ben, pois eu dicía que non é un voto particular, é un informe contrario. ¿E que van facer vostedes? ¿Van retirar esas corenta disposicións que modifican trinta e catro leis pola porta



de atrás, señor Rivera? Porque, claro, vostede dixo en varias ocasións: ten que ter conexión coas cuestións tributarias e financeiras. Exactamente iso é o que di a Sentenza do Tribunal Constitucional 76/1992, pero non o di para as leis autonómicas, dío para as leis de acompañamento dos orzamentos xerais do Estado. Por tanto —creo que iso vostede o sabe—, veu vostede aquí facer un exercicio pois de retorcer un pouco os argumentos xurídicos do Tribunal Constitucional, que —insisto— nada teñen que ver con isto.

¿E que modifican vostedes na Lei do Estado? Pois, mire, a Lei de regulación do xogo —¡oh!, vaia—, a Lei sobre obtencións vexetais, a Lei de réxime xurídico do sector público, a Lei de patrimonio nacional... Como dicía, os propios letrados da Cámara advertiron de que varias normas modificadas non encaixan na doutrina do Tribunal Constitucional. En concreto, citan no seu informe, señor Rivera, a reforma do organismo Instituto de la Mujer, que incorpora moitos artigos e incluso o cambio de nome: Instituto de las Mujeres, como se non houbera outras prioridades lexislativas en materia de igualdade. Eu convido as señorías do Partido Socialista a que repasen o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, porque seguro que atopan algunha outra prioridade —diría: moitísimas máis prioridades— que a de mudar o nome do Instituto de la Mujer por Instituto de las Mujeres. (*Aplausos.*) Ou mesmo como incluíron inicialmente a previsión de autorizar a cesión e dispoñer de bens inmoables da Coroa para fins públicos ou privados; tamén outra prioridade do Partido Socialista.

E tamén temos o exemplo do Goberno progresista de Valencia, que este ano —se quere ir a gobernos autonómicos, señor Rivera— tramita unha Lei de medidas que modifica trinta e catro normas autonómicas, e esta lei si que respecta a doutrina do Tribunal Constitucional. Ou sexa, para vostedes en Valencia, onde goberna o Partido Socialista, a Lei de acompañamento é un instrumento para axilizar procedementos e para resolver problemas, pero, en Galicia, non.

Miren, mentres non digan que o Goberno de España e o Goberno de Valencia actúan con opacidade, improvisación, sen ideas, confuso, quebrando o principio de seguridade xurídica, a estabilidade, cun claro retroceso democrático, un empeoramento da calidade política e xurídica do debate parlamentario, non imos aceptar que o digan en Galicia por gobernar cos mesmos instrumentos xurídicos. Non vale dicir unha cousa na oposición e outra onde gobernan. Non vale apoiar unha norma cuestionada polos letrados do Congreso dos Deputados porque a presenta o Partido Socialista. Por certo, o súper deputado do BNG non emendou esa parte da Lei de orzamentos do Estado e no seu debate á totalidade non fixo referencia absolutamente a nin unha soa desas disposicións; así que tamén deberían de tomar nota. Pero dicía que non vale que a vostedes lles valla esa norma, cuestionada —digo— polos letrados da Cámara só porque a presenta o Partido Socialista e criticar unha norma sen obxección xurídica ningunha no Parlamento de Galicia só porque a presenta o Partido Popular.

Miren, señorías, nada impide o debate de todas as cuestións incluídas na lei. Na exposición de motivos e na memoria xustificativa do anteproxecto explícase de modo suficiente a regulación que se contén. ¿E por que non lles gusta a lei? ¿Porque establece exencións de taxas e bonificacións fiscais para os sectores máis castigados pola crise? Claro, tendo en conta que a súa proposta sempre pasa por subir impostos —e non só aos ricos, porque o diésel creo que non é un artigo de luxo—, entendo que non lles guste que o Partido Popular baixe im-



postos. ¿Ou non lles gusta a lei porque establece medidas de conciliación para o persoal público?, ¿porque se amplían os beneficios para maternidade, adopción e lactación para o persoal público?, ¿porque se regula o dispositivo que reconece ás empresas a certificación galega de excelencia en igualdade?, ¿porque favorece a inserción das mulleres no mundo laboral, a fenda salarial e poténciase o cumprimento dos plans de igualdade polas empresas para evitar a discriminación por razón de xénero? Tendo en conta que a súa prioridade en materia de igualdade é modificar o nome de el Instituto de la Mujer por el Instituto de las Mujeres, entendendo, señorías, que a vostedes non lles guste a Lei de medidas porque evidencia o desprezo ás políticas de igualdade, nun contexto de pandemia e crise económica sen precedentes que a quen máis está afectando é ás mulleres.

Sorprendeume, señora Rodil, moito que vostede non incluíra precisamente estas modificacións no seu relato das cinco que dixo que afectaban ou que eran específicas para a pandemia. Porque a verdade é que estas modificacións en materia de igualdade creo que teñen en conta que a crise se ceba coas mulleres e que se prevé un repunte da desigualdade polo impacto da pandemia. E creo que afondar en que as empresas cumpran os plans de igualdade para evitar a fenda salarial e afondar en que as empresas cumpran escrupulosamente a non discriminación por razón de xénero e afondar no distintivo de excelencia en igualdade, que vostede veña aquí e iso non o inclúa dentro das cuestións que afectan a pandemia, sinceramente, sorprendeume por vir de vostede, precisamente porque creo que ten sensibilidade neste ámbito.

Vostede acaba de dicir aquí que iso do segundo fillo, que o outro irmán teña 18 anos como que, ben, que era unha cuestión menor. ¡Home!, eu lembro que na Comisión de reactivación unha comparecente chegou a dicir que o feito de que a Xunta de Galicia abordase a gratuidade do segundo fillo era fundamental para que moitos rapaces e rapazas foran ás escolas infantís, que seguramente se non se tivera esa gratuidade moitos non estarían indo ás escolas infantís. ¡Home!, eu creo que incrementar a idade do segundo fillo —ou do primeiro, neste caso— a máis de 18 anos é ampliar o espectro de rapaces e rapazas, de familias que se van ver beneficiadas por esta situación. E vostede lembra que na Comisión de reactivación incluso se chegou a pedir que fora gratuíto o primeiro. Entón, ben, que vostede tampouco o inclúa e que mesmo incluso pretenda vostede ridiculizalo aquí un pouco como dicindo que, ben, tampouco é unha cuestión prioritaria, para nós, señoría, si que é unha prioridade.

E tampouco lles parece ben que se establezan medidas para fortalecer os sistemas de prevención de incendios. Tampouco que se incorporen medidas de protección aos empregados públicos que sexan vítimas de terrorismo. Supoño, claro, que tendo en conta que para vostedes Otegui é un home de paz e agora forma parte da dirección do Estado pois é entendible que non lles guste a Lei de medidas.

Señor Rivera, falou vostede moito da técnica lexislativa e nada do seu contido. Supoño que porque as modificacións lle gustan e están ben.

Dicía a señora Rodil: ben, isto de modificar cada ano as leis, pois isto hai que traelo modificado xa da casa. Ben, quedoulle moi simpático, pero mire, señora Rodil, as eivas lexislativas vense cando se aplica a lei. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*



¡Claro, claro! Efectivamente, a Xunta de Galicia está tramitando todos os días expedientes e, lóxicamente, atopa eivas e dificultades. E vostede sabe cal é o trámite lexislativo para modificar unha norma por unha cuestión puntual que —insisto— permite o debate nesta lei, e que vostede diga que non lle parece normal...

Despois, dicía o señor Rivera que se incumpren leis autonómicas. É falso, señor Rivera, é absolutamente falso, porque, mire, a consulta pública previa non resulta preceptiva cando se regulan aspectos parciais dunha materia, e, por tanto, non resulta de aplicación o artigo 9.c) da Lei de transparencia, como vostede dixo. E vostede omite —quero pensar que non deliberadamente— o artigo 41 da Lofasga, que tamén é unha normativa autonómica e que di: «Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa en caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes ou vinculadas á mesma cando concorren razóns graves (...) ou cando a proposta normativa non tivese impacto significativo na actividade económica, non impuxese obrigacións relevantes aos destinatarios ou regulase aspectos parciais dunha materia»; artigo 41 da Lofasga, señor Rivera.

O Informe do CES —isto é un clásico— non é preceptivo, xa llo explicamos moitas veces e non vou perder tempo, que teño pouco. Pode ler o *Diario de Sesións*, que o expliquei o ano pasado, o anterior, o anterior e todos os demais.

Miren, dicían vostedes da Lei do solo. Claro, din: modifícase este ano o mesmo artigo que o ano pasado. Claro, pero é que, mire, ¿sabe de onde vén esta modificación? Pois é que esta modificación está plantexada como consecuencia dun requirimento de discrepancias formulado por iniciativa do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico pola modificación da Lei 7/2019, do 23 de decembro. Por iso, señor Rivera, modifícanse os artigos, porque é un acordo no seo da Comisión bilateral.

Ben, outra cuestión. É contradictorio, señor Rivera, que vostedes na súa emenda á totalidade critiquen que a Lei de medidas regula cuestións alleas a cuestións tributarias ou financeiras e, ao mesmo tempo, critiquen no mesmo texto que a Lei de medidas non incida na modernización das administracións. ¡Oia!, eu convídoos. Nesta cámara, agora mesmo está en trámite unha Lei de apoio á reactivación económica de Galicia na que se van introducir moitísimas cuestións relacionadas coa modernización, coa axilización de procedementos e de expedientes, e creo que ese é o lugar, e ademais aí poden dar todo o debate que din vostedes que se lles furta. E, por outra banda, din que mellor que o meteramos na Lei de medidas. A verdade é que resulta complicado seguílos e tomalos en serio.

Porque —insisto— no Goberno do Estado, no Goberno de Valencia e en moitos gobernos autonómicos están facendo leis como estas, e vostedes onde gobernan fano e onde non gobernan críticano. Volvemos ao de sempre: fai o que eu digo e non o que eu fago, unha cousa no Goberno, outra na oposición; e así, señorías, dificilmente se lles pode tomar en serio e dificilmente poden ter vostedes algo de credibilidade.

Remato, señor presidente.



Esta lei intensifica as políticas de igualdade, reduce a presión fiscal aos sectores máis castigados pola crise e modifica a lexislación que mellora a execución de políticas forestais do medio rural, e resolve problemas e dificultades nos expedientes administrativos que se están revelando cada día na Administración autonómica. E creo que —insisto, como dixeran antes— os políticos estamos chamados a resolver problemas e non a xeralos.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica. Grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Señora deputada do Partido Popular, señora Prado, non sei se isto é unha lei de acompañamento ou non tecnicamente falando en termos xurídicos, pero si é verdade que é unha lei que acompaña os orzamentos, unha lei de medidas e que modifica multitude de normas; aquí se dixeron vinte e cinco normas; en fin, un caixón de xastre. E isto forma parte do debate repetitivo que hai nesta cámara en relación con este tipo de leis. Pero si é verdade que a técnica lexislativa vén sendo usada de xeito continuado ao longo dos anos polo Partido Popular, polo Goberno da Xunta, nesta cámara. E relateille, efectivamente, que dende o ano 2016 —se eu non contei mal, e se contei mal desculpen— se levan modificando nesta cámara, incluídas estas modificacións que inclúe a Lei de medidas, cento catorce normas. E puxen o exemplo de que no Bipartito, nese deostado Bipartito, culpable de todos os males habidos e por haber xa no pasado, no presente e tamén no futuro, se aprobaban as leis de orzamentos sen necesidade de acompañalas de Lei de medidas fiscais e administrativas. *(Aplausos.)* Vostede vén aquí facer oposición da oposición, a confrontar co Goberno de Madrid, nunha estratexia lexitima —cada un ten a súa neste debate—, pero nós estamos falando en Galicia. Eu intento despregar as miñas limitadas capacidades aquí neste parlamento autonómico. *(Aplausos.)*

Digo que ese deostado Bipartito aprobou cincuenta e seis leis, cincuenta e seis leis polo trámite ordinario, con debate público, un debate político, con informes e, dende logo, con debate social, e permitindo tamén á oposición discutir no ámbito do Parlamento ese tipo de normas.

O que eu digo é que no que vai de lexislatura pasada ata agora o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, única e exclusivamente descontadas as leis de orzamentos e as leis de acompañamento ou Lei de medidas, única e exclusivamente foi capaz de aprobar catorce leis. Polo tanto, isto pon de manifesto a iniciativa, a capacidade, o traballo do Goberno da Xunta de Galicia. Iso foi o que dixeran eu.

E en relación coas medidas administrativas, que me di vostede que non falei delas, non me deu tempo. Efectivamente, modifican —a algunhas delas xa se referiu a portavoz do BNG,



non vou insistir— a Lei de mobilidade de terras. Aquí lévase esperando unha nova lei de recuperación e posta en valor da terra agraria desde hai xa un ano e esa lei non dá chegado. Efectivamente, van seis reformas, cinco delas a través da Lei de acompañamento. Xa se falou aquí do Banco de terras —non vou insistir—, dese difamado Banco de Terras hai dez anos e que hoxe parece que se resucita a través das aldeas modelo.

Modifícase a Lei do solo... Perdón, modifícase a Lei de augas tamén —quero facer aquí un inciso—, porque vostedes establecen aquí unha exención en relación co canon e o coeficiente de vertedura para determinado tipo de sector económico, ligado á hostalería. Ben, o impacto económico da medida, segundo o propio informe que acompaña a Lei de medidas, son 92.600 euros, e, ademais, limitado no tempo desde o 5 de novembro. 92.600 euros entre 12.800 establecementos que estiveron pechados como consecuencia das medidas de confinamento adoptadas —respectadamente— pola Xunta de Galicia —que nós respectamos, por suposto— tocan a 7,20 euros por negocio de bonificación. Esas son as axudas e as bonificacións da Xunta de Galicia aos sectores económicos, neste caso a través da bonificación do canon e do coeficiente de vertedura.

Lei do solo, que modifican xa vai non sei cantas veces —paréceme que a sexta reforma—. Efectivamente, vostedes este ano non regulan que os promotores poidan —xa o regularon o ano pasado— pagar o aproveitamento urbanístico, o 10 % do aproveitamento urbanístico do solo urbano e urbanizable. Isto é unha cousa que non entendo, porque no Regulamento da Lei do solo din que os instrumentos de planeamento se poidan facer por facultativos que teñan titulación universitaria. ¡Home!, será lóxico que teñan. O instrumento de planeamento o normal é que o fagan arquitectos e enxeñeiros. Eu non sei a que vén esta modificación no Regulamento da Lei do solo.

Polo demais, a Lei do solo, efectivamente, lévase modificado moitísimas veces. Non permite atisbar que haxa seguridade no instrumento de ordenación fundamental para o conxunto dos concellos. Hai multitude de concellos neste país que aínda non teñen adaptado os seus planeamentos á nova Lei do solo. Polo tanto, vostedes modifican, reforman moitas veces a Lei do solo pero tampouco conseguen que se ordene definitivamente o territorio no país.

Modifican a Lei de montes —xa se dixo aquí pola portavoz do BNG—. Esta eu creo que vai —en fin, non sei cantas veces xa— pola quinta, a través da Lei de acompañamento. E, efectivamente, aquí o que fan única e exclusivamente é prescindir da capacidade normativa autonómica e tomar, copiar a potestade, neste caso a normativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...básica do Estado.

Modifican vostedes a Lei de incendios; xa se dixo que é un clásico, non me vou repetir, porque ademais modifican novamente o artigo 12.

A Lei de patrimonio natural, a Lei de emprego público —aquí si que me vou deter—. Efectivamente...



O señor PRESIDENTE: Non se deteña moito, que andamos mal de tempo. *(Murmurios.)*

O señor FRANCISCO RIVERA: Con permiso, señor presidente, un minuto, un minuto e remato.

Modifican a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Ben, para ser medidas temporais, eu creo que, en fin, hai que abrir unha mesa de diálogo social e, dende logo, acabar con esta lei, porque oito anos vixente unha lei de medidas temporais paréceme absolutamente excesivo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, grazas, que xa...

O señor FRANCISCO RIVERA: Un segundiño.

O señor PRESIDENTE: Si, mire o tinglado e o reloxo.

O señor FRANCISCO RIVERA: Ben, remato xa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Como cuestión previa, de verdade, quen teña complexo de deputado do Congreso que se presente ás eleccións ao Parlamento español. *(Aplausos.)* Porque é unha ofensa, pero unha ofensa non ao Bloque, senón a este país. O que non se pode é vir aquí e abrazar o autogoberno e os corenta anos do Estatuto de autonomía pola mañá e despois converter esta cámara durante todo o día en apéndice do Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* ¿Queren o autogoberno deste país? Pois exérzano, que teñen non só a responsabilidade, senón a honrosísima, a honrosísima honra —valla a redundancia— de ter que ser executivo deste país, nada máis e nada menos, que é unha responsabilidade moi grande, pero tamén unha honra aínda maior.

E dicía a señora Prado que o obxectivo do Goberno galego era non xerar máis dúbidas nin máis problemas. Eu preguntome se lles parece que dá seguridade, tranquilidade e certeza,



señora Prado, modificar catro veces o mesmo artigo 12 da Lei de incendios, cinco veces o artigo 16 da mesma norma e cambiar o mesmo artigo da Lei de mobilidade de terras unha vez e ao ano seguinte. ¿A vostede parécelle que iso é dar certezas, dar seguridade, dar tranquilidade e non xerarlles máis problemas ás galegas e aos galegos?, que no fondo xa non saben canto tempo teñen, porque un ano dinlles quince días para rozar as franxas de protección nos predios e ao ano seguinte dinlles trinta e logo ao seguinte serán corenta. E primeiro son 200 metros, ao ano seguinte pasan a ser 50 e outra vez 150 tres anos despois. Iso nin dá certeza nin dá seguridade nin dá tranquilidade nin moito menos resolve problemas, senón que os xera e os crea.

E eu sinceramente non creo que responda a outra cuestión máis que a unha falta de proxecto político, que non saber que facer; entón, dou bandazos cada vez que me tocan o timbre porque algo non funciona e canta máis presión —supoño— sexa quen de exercer un determinado colectivo ou un determinado grupo máis capacidade terán para introducir esas modificacións un ano tras outro coas leis de acompañamento. Iso dunha banda.

E despois é dun grao de hipocrisía política —e tamén llo teño que dicir— que cada ano vos tede nos agasalle aquí no seu debate co de «*me gusta poco*» usar este instrumento xurídico, pero despois agarráronlle o gusto de que todos os anos coa Lei de orzamentos temos a modificación (*Aplausos.*) de máis dunha vintena de leis por esta porta de atrás.

Eu non dixen que non estaba de acordo con que se computen as persoas maiores de 18 anos que convivan e sexan —entendo— tamén dependentes do orzamento dunha unidade familiar ou dun fogar para poder acceder no caso dos menores de 3 anos a esa gratuidade das segundas prazas nas residencias. Nós non dixemos iso. O que estamos dicindo é que hai moitas cousas que serían merecentes —e creo que o deixei moi claro tamén na miña primeira intervención— de ser atendidas nesta Lei de acompañamento, se realmente se quería usar este instrumento excepcional —excepcional, repito— para enfrontar unha situación absolutamente excepcional.

Nós non compartimos —asegúrollo— esta forma de cambiar as leis, non a compartimos. Pero tamén —e díxeno ao principio— entenderíamos que, nunha situación tan excepcional como a actual, se utilizase esa vía, ese mecanismo ou ese procedemento áxil e acelerado para poder introducir os cambios que permitisen ao propio Goberno ter máis ferramentas e máis capacidade para dar unha máis áxil e mellor resposta á situación excepcional tanto sanitaria e social como económica que ten este país.

Pero non o fan, non o fan, e —repito— de trinta e dous artigos que compoñen a Lei de acompañamento aos orzamentos, a Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2021, só cinco, só cinco teñen a ver coa pandemia.

Porque vostede, señora Prado, ¿que me está dicindo? ¿Que esa modificación para que nas unidades familiares, nos fogares onde haxa persoas maiores de 18 anos que sexan dependentes do orzamento do fogar non computarían, esa reforma da que vostede falaba para a gratuidade das segundas crianzas nas escolas infantís non se introduciría se non houberse unha situación de pandemia provocada pola covid? ¿Ou que a reforma da que vostede falaba



para garantir a igualdade salarial das mulleres no seu posto de traballo non se incluíría se non houbera unha pandemia? Porque vostede dime a min que temos que computalas como aquelas disposicións, artigos e normas que se modifican por unha situación de pandemia. ¿Non o farían se non a houbera?

E o último, xa para rematar e non alongar máis esta intervención: ¿sabe cantos anos hai que na lexislación galega é obrigatorio ou, dito doutra maneira, é un delito pagarlle menos a unha muller que a un home polo simple feito de ser unha muller, máis alá de que os dereitos fundamentais obviamente xa recoñecen, como todo o mundo sabe, que a ningunha persoa se lle pode discriminar por razón de xénero? Desde o 2004, desde o 2007, e eses plans de igualdade son obrigatorios para as empresas desde o ano 2019. Hai que ir máis alá, *(Aplausos.)* hai que ir máis alá da rutina, do de todos os anos, do piloto automático e da marcha posta. Hai que estar á altura das circunstancias, que son excepcionais e —o peor de todo— gravísimas para este país.

E nós non o vemos, nin sequera nesta lei excepcional que debería, se se quería usar cun obxectivo útil para as galegas e os galegos, incluír modificacións que permitisen dar unha resposta máis áxil e —o máis importante— mellor á crise sanitaria, económica e social que vivimos neste país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿En base a que artigo do Regulamento? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

Por falta de respecto da deputada, que cada vez que se refire a min..., *(Murmurios.)* ...cada vez que fai referencia a unha frase miña, o fai en castelán, como cando dixó «no me gusta nada». Eu falei nesta tribuna en galego e pido respecto para as miñas verbas.

O señor PRESIDENTE: Ben, pero iso forma parte da...

A señora PRADO DEL RÍO: E se falo en galego, que non se me traduza ao castelán... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, por favor. Xa está. Non é un asunto de... Non considere eu iso así. Punto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non procede. Non procede. Por favor, esa é outra historia. Iso póñanse de acordo vostedes e coidado co que falan vostedes. Iso xa é outra historia, eu non... *(Murmurios.)*

Ben, imos votar, imos votar. Era un bo día hoxe para celebrar, porque estamos de aniversario polo referendo que se fixo do Estatuto de autonomía. Iso si que o celebramos todos.



E tamén eu xa levo a miña particular anécdota hoxe para a miña casa, que eu teño un anecdotario onde vou anotando as cousas que me parecen interesantes. E isto de «durou máis que o pico dunha boina» pareceume moi interesante (*Risos.*), é unha expresión que me gustou. A verdade é que a vou levar.

Votación das emendas presentadas ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas conxuntas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas presentadas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Entón, o proxecto de lei continúa o trámite parlamentario.

Remata aquí a sesión deste pleno, e volvemos vernos mañá, ás dez da mañá.



Suspéndese a sesión ás sete e dezaseis minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Martínez, Fabiola	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. González Vázquez, José	(P)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Martínez García, Valeriano	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

